

Modelo	Denominación	Periodicidade
100	DEVOLUCIÓN IRPF ORDINARIO.	OA
200	DEVOLUCIÓN IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES DECLARACIÓN ANUAL.	OA
201	DEVOLUCIÓN IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES DECLARACIÓN ANUAL SIMPLIFICADA.	OA
206	DEVOLUCIÓN IMPOSTO RENDA NON RESIDENTES (ESTABLECEMENTO PERMANENTE).	OA
220	DEVOLUCIÓN IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES RÉXIME BALANCES CONSOLIDADOS.	OA
300	DEVOLUCIÓN IVE-RÉXIME XERAL (unha vez ó ano).	OA (4T)
311	DEVOLUCIÓN IVE RÉXIME SIMPLIFICADO-DECLARACIÓN FINAL (unha vez ó ano).	OA (4T)
320	DEVOLUCIÓN IVE GRANDES EMPRESAS (unha vez ó ano).	OA (12)
371	DEVOLUCIÓN IVE RÉXIME XERAL E SIMPLIFICADO-DECLARACIÓN FINAL (unha vez ó ano).	OA (4T)
777	DEVOLUCIÓN DECLARACIÓN LIQUIDACIÓN EXTEMPORÁNEAS E COMPLEMENTARIAS.	OA

Disposición adicional segunda. *Referencias normativas anteriores.*

A partir da entrada en vigor desta orde, tódalas referencias contidas en ordes en que se estableza como lugar de presentación das declaracións-liquidacións ou autoliquidacións as entidades que prestan o servizo de caixa nas delegacións e administracións da Axencia Estatal de Administración de Tributaria, deben entenderse efectuadas, en todo caso, nos termos do punto 2.a) do artigo 74 do Regulamento xeral de recadación, na redacción dada a este polo Real decreto 1248/2003, do 3 de outubro.

Disposición transitoria única.

A obriga de subministrar, por petición dos obrigados ó pagamento, o NRC nos casos de ingresos de débedas procedentes de liquidacións de comercio exterior, practicadas pola Administración, que se efectúen directamente nas oficinas das entidades colaboradoras, non será esixible a estas ata o día 1 de abril de 2004.

Disposición derogatoria.

A partir da entrada en vigor desta orde quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a esta e, en particular, a Orde ministerial do 9 de xullo de 2001, que regula os medios de pagamento das débedas de comercio exterior (BOE do 17 de xullo).

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004.

Madrid, 11 de decembro de 2003.

MONTORO ROMERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

23514 REAL DECRETO 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo. («BOE» 306, do 23-12-2003.)

A disposición derradeira segunda da Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, establece que o Goberno, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da dita reforma, procederá a modificarlo Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, para adecualo ás modificacións contidas na dita reforma. Este real decreto transcende este mandato lexislativo pois, á parte do seu cumprimento, a magnitude das reformas que precisa o Regulamento xeral de circulación, aprobado polo Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, aconsella a promulgación dun novo, en que ademais se refundan as modificacións anteriores efectuadas polo Real decreto 116/1998, do 30 de xaneiro, que adaptou o Regulamento xeral de circulación á Lei 5/1997, do 24 de marzo, tamén de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, como, así mesmo, o Real decreto 1333/1994, do 20 de xuño, e o Real decreto 2282/98, do 23 de outubro, que modificou o Regulamento xeral de circulación en materia de alcoholemia.

Co obxectivo da adaptación do novo texto á Lei 19/2001, non só se introducen normas en materia de ciclismo e se recollen novas infraccións ou se varía a cualificación doutras, como é o caso do uso de dispositivos de telefonía móbil ou a circulación en sentido contrario, respectivamente, senón que tamén se modernizan outros preceptos en harmonía cunha nova concepción da xestión do tráfico que dispón de medios técnicos de regulación da circulación que a norma ten que facer plenamente operativos.

En materia de ciclismo débese sinalar que a Lei 43/1999, do 25 de novembro, sobre adaptación das normas de circulación á práctica do ciclismo, efectuou unha importante reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, que, pola súa vez, resultou afectada pola Lei 19/2001, á promulgación da cal houbo que esperar para efectuar un extenso desenvolvemento regulamentario, que agora se leva a cabo.

Isto levou tamén a revisar e actualizar todo o sistema de sinalización, adaptándoo ós avances nos criterios de utilización xeneralizados nos países do noso contorno, mellorando a concordancia entre a normativa de tráfico e a de estradas a este respecto. No anexo I represéntanse graficamente os sinais.

No anexo II regúlanse as probas deportivas, as marchas ciclistas e outros eventos, ata agora regulados polo artigo 108 e o anexo 2 do Código da circulación, preceptos que cómpre derogar reordenando as probas deportivas en torno ó artigo 55 do Regulamento xeral de circulación, que trata das carreiras, concursos, certames ou outras probas deportivas.

Destaca a competencia das comunidades autónomas para autorizar a realización de probas deportivas por vías interurbanas do seu ámbito territorial, tendo en conta

que teñen asumida e traspasada a competencia en materia de espectáculos públicos en xeral, carácter de que participan as probas deportivas, a singularidade e a incidencia das cales na seguridade vial se salvagarda a través dun informe vinculante, que emiten con carácter previo á autorización as administracións públicas encargadas da vixilancia e regulación do tráfico.

O anexo III trata das normas e condicións especiais de circulación dos vehículos especiais e dos vehículos en réxime de transporte especial, o que constituía unha lagoa existente no noso dereito da circulación que era urxente regular, dada a magnitude dos accidentes que poden sobrevenir cando se encontran implicados naqueles este tipo de vehículos.

Tamén se regula neste anexo o réxime específico de circulación de convois e transportes das Forzas Armadas que, por outra parte, en moitos aspectos e baixo determinados supostos, está sometido a acordos internacionais, polo que se fai necesario establecer unha regulación específica. Isto é posible ó abeiro do que determinan o punto 2 da disposición derradeira do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial e a disposición derradeira segunda do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

Por outro lado, a pertenza do noso país a organizacións supranacionais que aseguran unha defensa común impulsou a cooperación nesta materia con outros países do noso contorno, de modo que con certa frecuencia vehículos militares doutras nacións circulan polas estradas españolas, especialmente con motivo de manobras e de exercicios que inclúen transporte de material militar.

Por último, na disposición derradeira primeira faise uso da facultade outorgada ó Goberno pola disposición derradeira do texto articulado da Lei sobre o tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial para modificar conceptos básicos de circulación e engadir definicións ós contidos no anexo do dito texto articulado e que son complementos indispensables para a aplicación do novo Regulamento de circulación que se aproba.

Este real decreto foi sometido ó informe do Consello Superior de Tráfico e Seguridade da Circulación Vial.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Defensa, de Fomento e de Ciencia e Tecnoloxía, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento xeral de circulación.*

Apróbase o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, o texto do cal se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 13/1992, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación, para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, así como o artigo 108 e o anexo 2 do Código da circulación, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do anexo do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.*

O anexo do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, modifícase da seguinte forma:

Un. Queda suprimido o concepto básico «vía rápida» contido no punto 63 do anexo. Os conceptos básicos numerados a partir do punto 64 pasan a ocupar un número menos, de tal forma que o punto 64 se converta en 63, o 65 en 64 e así ata o último deles.

Dous. Modifícanse as definicións dos seguintes conceptos básicos: «autovía», contido no punto 62; «estrada convencional», contido no punto 64, e «travesía», contido no punto 66, que quedan redactados nos seguintes termos:

«62. Autovía. Autovía é a estrada especialmente proxectada, construída e sinalizada como tal que ten as seguintes características:

a) Teren acceso limitado a ela as propiedades contiguas.

b) Non cruzar a nivel ningunha outra senda, vía, liña de ferrocarril ou tranvía, nin ser cruzada a nivel por senda, vía de comunicación ou servidume de paso ningunha.

c) Constar de distintas calzadas para cada sentido de circulación, separadas entre si, agás en puntos singulares ou con carácter temporal, por unha franxa de terreo non destinada á circulación, ou por outros medios.»

«64. Estrada convencional. É toda estrada que non reúne as características propias das autoestradas, autovías e vías para automóbiles.»

«66. Travesía. Para os efectos desta disposición normativa, é o tramo de estrada que discorre por poboación. Non terán a consideración de travesías aqueles tramos que dispoñan dunha alternativa viaria ou variante á cal ten acceso.»

Tres. Introdúcense as novas definicións dos seguintes conceptos básicos: «vía para automóbiles», que figurará como o concepto básico número 75; «vía interurbana», que figurará como o concepto básico número 76; «vía urbana», que figurará como o concepto básico número 77; «estrada», que figurará como o concepto básico número 78; «rotonda», que figurará como o concepto básico número 79, e «carril para vehículos con alta ocupación», que figurará como o concepto básico número 80. Estes conceptos básicos terán a seguinte redacción:

«75. Vía para automóbiles. Toda vía reservada exclusivamente á circulación de automóbiles, cunha soa calzada e con limitación total de accesos ás propiedades contiguas, e sinalizada cos sinais S-3 e S-4, respectivamente.

76. Vía interurbana. É toda vía pública situada fóra de poboación.

77. Vía urbana. É toda vía pública situada dentro de poboación, excepto as travesías.

78. Estrada. Para os efectos desta disposición normativa, é toda vía pública pavimentada situada fóra de poboación, salvo os tramos en travesía.

79. Rotonda. Enténdese por rotonda un tipo especial de intersección caracterizado por que os tramos que nel conflúen se comunican a través dun anel en que se establece unha circulación rotatoria arredor dunha illa central. Non son rotondas propiamente ditas as denominadas rotondas par-

tidas en que dous tramos, xeralmente opostos, se conectan directamente a través da illa central, polo que o tráfico pasa dun a outro e non a rodea.

80. Carril para vehículos con alta ocupación. É aquel especialmente reservado ou habilitado para a circulación dos vehículos con alta ocupación.»

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro do Interior para dictar, por si ou conxuntamente cos titulares dos restantes departamentos ministeriais afectados por razón da materia, as disposicións oportunas para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Vehículos das Forzas Armadas.*

Facúltanse os ministros de Defensa e do Interior e, se é o caso, os demais ministros competentes, para regularen as peculiaridades do réxime de autorizacións e circulación dos vehículos pertencentes ás Forzas Armadas.

Disposición derradeira cuarta. *Estupefacientes e substancias psicotrópicas.*

Facúltanse os ministros do Interior e de Sanidade e Consumo e, se é o caso, os demais ministros competentes, para regularen todo o relativo a estupefacientes e substancias psicotrópicas que poidan influír negativamente no conductor de vehículos de motor.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mes seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

REGULAMENTO XERAL DE CIRCULACIÓN

ÍNDICE

Título preliminar. *Ámbito de aplicación das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.*

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Título I. *Normas xerais de comportamento na circulación.*

Capítulo I. *Normas xerais.*

Artigo 2. *Usuarios.*

Artigo 3. *Condutores.*

Artigo 4. *Actividades que afectan a seguridade da circulación.*

Artigo 5. *Sinalización de obstáculos e perigos.*

Artigo 6. *Prevención de incendios.*

Artigo 7. *Emisión de perturbacións e contaminantes.*

Capítulo II. *Da carga de vehículos e do transporte de persoas e mercadorías ou cousas.*

Artigo 8. *Carga de vehículos e transporte de persoas e mercadorías ou cousas.*

Sección 1.^a *Transporte de persoas.*

Artigo 9. *Do transporte de persoas.*

Artigo 10. *Situación e acondicionamento das persoas.*

Artigo 11. *Transporte colectivo de persoas.*

Artigo 12. *Normas relativas a ciclos, ciclomotores e motocicletas.*

Sección 2.^a *Transporte de mercadorías ou cousas.*

Artigo 13. *Dimensións do vehículo e a súa carga.*

Artigo 14. *Disposición da carga.*

Artigo 15. *Dimensións da carga.*

Artigo 16. *Operacións de carga e descarga.*

Capítulo III. *Normas xerais dos conductores.*

Artigo 17. *Control do vehículo ou animais.*

Artigo 18. *Outras obrigas do conductor.*

Artigo 19. *Visibilidade no vehículo.*

Capítulo IV. *Normas sobre bebidas alcohólicas.*

Artigo 20. *Taxas de alcohol en sangue e aire espirado.*

Artigo 21. *Investigación da alcoholemia. Persoas obrigadas.*

Artigo 22. *Probas de detección alcohólica mediante o aire espirado.*

Artigo 23. *Práctica das probas.*

Artigo 24. *Dilixencias do axente da autoridade.*

Artigo 25. *Inmovilización do vehículo.*

Artigo 26. *Obrigas do persoal sanitario.*

Capítulo V. *Normas sobre estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas.*

Artigo 27. *Estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas.*

Artigo 28. *Probas para a detección de substancias estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas.*

Título II. *Da circulación de vehículos.*

Capítulo I. *Lugar na vía.*

Sección 1.^a *Sentido da circulación.*

Artigo 29. *Norma xeral.*

Sección 2.^a *Utilización dos carrís.*

Artigo 30. *Utilización dos carrís en calzadas con dobre sentido de circulación.*

Artigo 31. *Utilización dos carrís, fóra de poboación, en calzadas con máis dun carril para o mesmo sentido de marcha.*

Artigo 32. *Utilización dos carrís, fóra de poboación, en calzadas con tres ou máis carrís para o mesmo sentido de marcha.*

Artigo 33. *Utilización dos carrís, en poboación, en calzadas con máis dun carril reservado para o mesmo sentido de marcha.*

Artigo 34. *Cómputo de carrís.*

Artigo 35. *Utilización dos carrís en función da velocidade sinalizada e dos reservados a determinados vehículos e a certas manobras.*

Sección 3.^a *Beiravías.*

Artigo 36. *Condutores obrigados á súa utilización.*

Sección 4.^a *Supostos especiais do sentido de circulación e da utilización de calzadas, carrís e beiravías.*

Artigo 37. *Ordenación especial do tráfico por razóns de seguridade ou fluidez da circulación.*

Artigo 38. *Circulación en autoestradas e autovías.*

Artigo 39. *Limitacións á circulación.*

Artigo 40. Carrís reversibles.
 Artigo 41. Carrís de utilización en sentido contrario ó habitual.
 Artigo 42. Carrís adicionais circunstanciais de circulación.
 Sección 5.^a Refuxios, illas ou dispositivos de guía ou análogos.
 Artigo 43. Sentido da circulación.
 Sección 6.^a División das vías en calzadas.
 Artigo 44. Utilización das calzadas.
 Capítulo II. Velocidade.
 Sección 1.^a Límites de velocidade.
 Artigo 45. Adecuación da velocidade ás circunstancias.
 Artigo 46. Moderación da velocidade. Casos.
 Artigo 47. Velocidades máximas e mínimas.
 Artigo 48. Velocidades máximas en vías fóra de poboación.
 Artigo 49. Velocidades mínimas en poboación e fóra de poboación.
 Artigo 50. Límites de velocidade en vías urbanas e travesías.
 Artigo 51. Velocidades máximas en adiantamentos.
 Artigo 52. Velocidades prevalectes.
 Sección 2.^a Reducción de velocidade e distancias entre vehículos.
 Artigo 53. Reducción de velocidade.
 Artigo 54. Distancias entre vehículos.
 Sección 3.^a Competicións.
 Artigo 55. Probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.
 Capítulo III. Prioridade de paso.
 Sección 1.^a Normas de prioridade nas interseccións.
 Artigo 56. Interseccións sinalizadas.
 Artigo 57. Interseccións sen sinalizar.
 Artigo 58. Normas xerais.
 Artigo 59. Interseccións.
 Sección 2.^a Tramos en obras, estreitamentos e tramos de gran pendente.
 Artigo 60. Tramos en obras e estreitamentos.
 Artigo 61. Paso de pontes ou obras de paso sinalizado.
 Artigo 62. Orde de preferencia en ausencia de sinalización.
 Artigo 63. Tramos de gran pendente.
 Sección 3.^a Normas de comportamento dos condutores respecto ós ciclistas, peóns e animais.
 Artigo 64. Normas xerais e prioridade de paso de ciclistas.
 Artigo 65. Prioridade de paso dos condutores sobre os peóns.
 Artigo 66. Prioridade de paso dos condutores sobre os animais.
 Sección 4.^a Vehículos en servicios de urxencia.
 Artigo 67. Vehículos prioritarios.
 Artigo 68. Facultades dos condutores dos vehículos prioritarios.
 Artigo 69. Comportamento dos demais condutores respecto dos vehículos prioritarios.
 Artigo 70. Vehículos non prioritarios en servicio de urxencia.

Capítulo IV. Vehículos e transportes especiais.
 Artigo 71. Normas de circulación e sinalización.
 Capítulo V. Incorporación á circulación.
 Artigo 72. Obrigas dos condutores que se incorporan á circulación.
 Artigo 73. Obriga dos demais condutores de facilitar a manobra.
 Capítulo VI. Cambios de dirección e de sentido, e marcha atrás.
 Sección 1.^a Cambios de vía, calzada e carril.
 Artigo 74. Normas xerais.
 Artigo 75. Execución da manobra de cambio de dirección.
 Artigo 76. Supostos especiais.
 Artigo 77. Carril de deceleración.
 Sección 2.^a Cambio de sentido.
 Artigo 78. Execución da manobra.
 Artigo 79. Prohibicións.
 Sección 3.^a Marcha cara a atrás.
 Artigo 80. Normas xerais.
 Artigo 81. Execución da manobra.
 Capítulo VII. Adiantamento.
 Sección 1.^a Adiantamento e circulación paralela.
 Artigo 82. Adiantamento pola esquerda. Excepcións.
 Artigo 83. Adiantamento en calzadas de varios carrís.
 Sección 2.^a Normas xerais do adiantamento.
 Artigo 84. Obrigas do que adianta antes de iniciarl a manobra.
 Sección 3.^a Execución do adiantamento.
 Artigo 85. Obrigas do que adianta durante a execución da manobra.
 Sección 4.^a Vehículo adiantado.
 Artigo 86. Obrigas do seu condutor.
 Sección 5.^a Manobras de adiantamento que atentan á seguridade vial.
 Artigo 87. Prohibicións.
 Sección 6.^a Supostos excepcionais de ocupación do sentido contrario.
 Artigo 88. Vehículos inmovilizados.
 Artigo 89. Obstáculos.
 Capítulo VIII. Parada e estacionamento.
 Sección 1.^a Normas xerais de paradas e estacionamentos.
 Artigo 90. Lugares en que se deben efectuar.
 Artigo 91. Modo e forma de execución.
 Artigo 92. Colocación do vehículo.
 Artigo 93. Ordenanzas municipais.
 Sección 2.^a Normas especiais de paradas e estacionamentos.
 Artigo 94. Lugares prohibidos.
 Capítulo IX. Cruzamento de pasos a nivel, pontes, móbiles e túneles.
 Sección 1.^a Normas xerais sobre pasos a nivel, pontes móbiles e túneles.

- Artigo 95. Obrigas dos usuarios e titulares das vías.
 Artigo 96. Barreiras, semibarreiras e semáforos.
- Sección 2.^a Bloqueo de pasos a nivel, pontes móbiles e túneles.
- Artigo 97. Detención dun vehículo en paso a nivel, ponte móbil ou túnel.
- Capítulo X. Utilización das luces.
- Sección 1.^a Uso obrigatorio das luces.
- Artigo 98. Normas xerais.
 Artigo 99. Luces de posición e de delimitación do vehículo.
- Artigo 100. Luz de longo alcance ou estrada.
 Artigo 101. Luz de curto alcance ou de cruzamento.
 Artigo 102. Cegamento.
 Artigo 103. Luz de placa de matrícula.
 Artigo 104. Uso da luz durante o día.
 Artigo 105. Inmobilizacións.
- Sección 2.^a Supostos especiais de iluminación.
- Artigo 106. Condicións que diminúen a visibilidade.
 Artigo 107. Inutilización ou avaría da iluminación.
- Capítulo XI. Advertencias dos conductores.
- Sección 1.^a Normas xerais.
- Artigo 108. Obriga de adverti-las manobras.
 Artigo 109. Advertencias ópticas.
 Artigo 110. Advertencias acústicas.
- Sección 2.^a Advertencias dos vehículos de servizos de urxencia e doutros servizos especiais.
- Artigo 111. Normas xerais.
 Artigo 112. Advertencias dos vehículos de servizos de urxencia.
 Artigo 113. Advertencias doutros vehículos.
- Título III. Outras normas de circulación.
- Capítulo I. Portas e apagado de motor.
- Artigo 114. Portas.
 Artigo 115. Apagado de motor.
- Capítulo II. Cinto, casco e restantes elementos de seguridade.
- Artigo 116. Obrigatoriedade do seu uso e excepcións.
 Artigo 117. Cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados.
 Artigo 118. Cascos e outros elementos de protección.
 Artigo 119. Exencións.
- Capítulo III. Tempos de conducción e descanso.
- Artigo 120. Normas xerais.
- Capítulo IV. Peóns.
- Artigo 121. Circulación por zonas peonís. Excepcións.
 Artigo 122. Circulación pola calzada ou a beiravía.
 Artigo 123. Circulación nocturna.
 Artigo 124. Pasos para peóns e cruzamento de calzadas.
 Artigo 125. Normas relativas a autoestradas e auto-vías.
- Capítulo V. Circulación de animais.
- Artigo 126. Normas xerais.
 Artigo 127. Normas especiais.
- Artigo 128. Normas relativas a autoestradas e auto-vías.
- Capítulo VI. Comportamento en caso de emerxencia.
- Artigo 129. Obriga de auxilio.
 Artigo 130. Inmobilización do vehículo e caída da carga.
- Título IV. Da sinalización.
- Capítulo I. Normas xerais.
- Artigo 131. Concepto.
 Artigo 132. Obediencia dos sinais.
 Capítulo II. Prioridade entre sinais.
 Artigo 133. Orde de prioridade.
 Capítulo III. Formato dos sinais.
 Artigo 134. Catálogo oficial de sinais de circulación.
- Capítulo IV. Aplicación dos sinais.
- Sección 1.^a Xeneralidades.
 Artigo 135. Aplicación.
 Artigo 136. Visibilidade.
 Artigo 137. Inscricións.
 Artigo 138. Idioma dos sinais.
 Sección 2.^a Responsabilidade da sinalización nas vías.
- Artigo 139. Responsabilidade.
 Artigo 140. Sinalización das obras.
 Artigo 141. Obxecto e tipo de sinais.
 Capítulo V. Retirada, substitución e alteración de sinais.
- Artigo 142. Obrigas relativas á sinalización.
 Capítulo VI. Dos tipos e significados dos sinais de circulación e marcas vias.
- Sección 1.^a Dos sinais e ordes dos axentes de circulación.
- Artigo 143. Sinais co brazo e outros.
 Sección 2.^a Da sinalización circunstancial que modifica o réxime normal de utilización da vía e dos sinais de balizamento.
- Artigo 144. Sinais circunstanciais e de balizamento.
 Sección 3.^a Dos semáforos.
 Artigo 145. Semáforos reservados para peóns.
 Artigo 146. Semáforos circulares para vehículos.
 Artigo 147. Semáforos cadrados para vehículos, ou de carril.
 Artigo 148. Semáforos reservados a determinados vehículos.
- Sección 4.^a Dos sinais verticais de circulación.
- Subsección 1.^a Dos sinais de advertencia de perigo.
 Artigo 149. Obxecto e tipos.
 Subsección 2.^a Dos sinais de regulamentación.
 Artigo 150. Obxecto, clases e normas comúns.
 Artigo 151. Sinais de prioridade.
 Artigo 152. Sinais de prohibición de entrada.
 Artigo 153. Sinais de restricción de paso.
 Artigo 154. Outros sinais de prohibición ou restricción.
- Artigo 155. Sinais de obriga.
 Artigo 156. Sinais de fin de prohibición ou restricción.
- Artigo 157. Formato dos sinais de regulamentación.
- Subsección 3.^a Dos sinais de indicación.
 Artigo 158. Obxecto e tipos.
 Artigo 159. Sinais de indicacións xerais.
 Artigo 160. Sinais de carrís.
 Artigo 161. Sinais de servizo.
 Artigo 162. Sinais de orientación.
 Artigo 163. Paneis complementarios.
 Artigo 164. Outros sinais.
 Artigo 165. Formato dos sinais de indicación.
- Sección 5.^a Das marcas vias.
 Artigo 166. Obxecto e clases.
 Artigo 167. Marcas brancas lonxitudinais.

- Artigo 168. Marcas brancas transversais.
 Artigo 169. Sinais horizontais de circulación.
 Artigo 170. Outras marcas e inscricións de cor branca.
 Artigo 171. Marcas doutras cores.
 Artigo 172. Formato das marcas viais.
 Título V. Sinais nos vehículos.
 Artigo 173. Obxecto, significado e clases.
 Disposición adicional primeira. Comunidades autónomas.
 Disposición adicional segunda. Uso obrigatorio de cintos de seguridade en turismos.
 Disposición adicional terceira. Sistemas de retención infantís.
 Disposición derradeira primeira. Obriga de utilizarlos chalecos reflectores de alta visibilidade.
 Disposición derradeira segunda. Obrigas sobre sistemas de retención infantís.
 Anexo I. Sinais de circulación.
 Anexo II. Probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.
 Sección 1.^a Probas deportivas.
 Sección 2.^a Marchas ciclistas.
 Sección 3.^a Outros eventos.
 Anexo III. Normas e condicións de circulación dos vehículos especiais e dos vehículos en réxime de transporte especial.
 Sección 1.^a Condicións de circulación comúns para os grupos 1, 2 e 3.
 Sección 2.^a Réxime específico de circulación de convois e columnas militares, transportes especiais de material militar en vehículos pertencentes ó Ministerio de Defensa ou ó servizo dos cuarteis xerais militares internacionais da OTAN.

TÍTULO PRELIMINAR

Ámbito de aplicación das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Os preceptos da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, os deste regulamento e os das demais disposicións que a desenvolvan serán aplicables en todo o territorio nacional e obrigarán os titulares e os usuarios das vías e terreos públicos aptos para a circulación, tanto urbanos como interurbanos, os das vías e terreos que, sen teren tal aptitude, sexan de uso común e, en defecto doutras normas, os das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

2. En concreto, tales preceptos serán aplicables:

a) Ós titulares das vías públicas ou privadas, comprendidas na alínea c) e ós seus usuarios, xa o sexan en concepto de titulares, propietarios, condutores ou ocupantes de vehículos ou en concepto de peóns, e tanto se circulan individualmente como en grupo.

Así mesmo, son aplicables a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que, sen estaren comprendidas no parágrafo anterior, resulten afectadas polos ditos preceptos.

b) Ós animais soltos ou en rabaño e ós vehículos de calquera clase que, estáticos ou en movemento, se encontren incorporados ó tráfico nas vías comprendidas no primeiro parágrafo da alínea c).

c) Ás autoestradas, autovías, estradas convencionais, ás áreas e ás zonas de descanso e de servizo, sitas e afectas ás ditas vías, calzadas de servizo e ás zonas de parada ou estacionamento de calquera clase de vehículos; ás travesías, ás prazas, rúas ou vías urba-

nas; ós camiños de dominio público; ás pistas e ós terreos públicos aptos para a circulación; ós camiños de servizo construídos como elementos auxiliares ou complementarios das actividades dos seus titulares e ós construídos con finalidades análogas, sempre que estean abertos ó uso público e, en xeral, a tódalas vías de uso común públicas ou privadas.

Non serán aplicables os preceptos mencionados ós camiños, terreos, garaxes, cocheiras ou outros locais de similar natureza, construídos dentro de predios privados, subtraídos ó uso público e destinados ó uso exclusivo dos propietarios e os seus dependentes.

3. O desprazamento ocasional de vehículos por terreos ou zonas de uso común non aptos para a circulación, por tratarse de lugares non destinados ó tráfico, quedará sometido ás normas contidas no título I e no capítulo X do título II deste regulamento, en canto sexan aplicables, e ó disposto na regulación vixente sobre condutores e vehículos, respecto do réxime de autorización administrativa previa, previsto no título IV do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, co obxecto de garanti-la aptitude dos condutores para manexa-los vehículos e a idoneidade destes para circular co mínimo risco posible.

4. En defecto doutras normas, os titulares de vías ou terreos privados non abertos ó uso público, situados en urbanizacións, hoteis, clubs e outros lugares de recreo, poderán regular, dentro das súas respectivas vías ou recintos, a circulación exclusiva dos propios titulares ou os seus clientes cando constitúan unha colectividade indeterminada de persoas, sempre que o fagan de maneira que non desvirtúen as normas deste regulamento, nin induzan a confusión con elas.

TÍTULO I

Normas xerais de comportamento na circulación

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 2. *Usuarios.*

Os usuarios da vía están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas, ou danos ós bens (artigo 9.1 do texto articulado).

Artigo 3. *Condutores.*

1. Deberase conducir coa dilixencia e precaución necesarias para evitar todo dano, propio ou alleo, coitando de non pór en perigo, tanto o mesmo condutor como os demais ocupantes do vehículo e o resto dos usuarios da vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente ou temerario (artigo 9.2 do texto articulado).

2. As condutas referidas á conducción negligente serán a consideración de infraccións graves e as referidas á conducción temeraria serán a consideración de infraccións moi graves, de acordo co disposto no artigo 65.4.a) e 5.c) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, respectivamente.

Artigo 4. *Actividades que afectan a seguridade da circulación.*

1. A realización de obras, instalacións, colocación de contedores, mobiliario urbano ou calquera outro ele-

mento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías ou terreos obxecto de aplicación da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial necesitará a autorización previa do seu titular e rexeranse polo disposto na lexislación de estradas e nos seus regulamentos de desenvolvemento, e nas normas municipais. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras en razón das circunstancias ou características especiais de tráfico, que se poderán levar a efecto a petición do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico (artigo 10.1 do texto articulado).

2. Prohíbese botar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpece-la libre circulación, parada ou estacionamento, facelos perigosos ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir nela ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar (artigo 10.2 do texto articulado).

3. Non se instalará en vías ou terreos obxecto do ámbito de aplicación da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial ningún aparello, instalación ou construción, nin se realizarán actuacións como rodaxes, enquisas ou ensaios, aínda que sexa con carácter provisional ou temporal, que poida entorpece-la circulación.

Artigo 5. *Sinalización de obstáculos e perigos.*

1. Os que creasen sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberán facelo desaparecer o antes posible, e adoptarán entre tanto as medidas necesarias para que poida ser advertido polos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación (artigo 10.3 do texto articulado).

2. Non se considerarán obstáculos na calzada as lombas nos pasos para peóns e bandas transversais, sempre que cumpran a regulación básica establecida para o efecto polo Ministerio de Fomento e se garanta a seguridade vial dos usuarios e, en particular, dos ciclistas.

3. Para adverti-la presenza na vía de calquera obstáculo ou perigo creado, o causante deste deberá sinalizalo de forma eficaz, tanto de día como de noite, de conformidade co disposto nos artigos 130.3, 140 e 173.

4. Tódalas actuacións que deban desenvolverse os servizos de asistencia mecánica, sanitaria ou calquera outro tipo de intervención deberán rexer polos principios de utilización dos recursos idóneos e estrictamente necesarios en cada caso. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, ou os seus axentes, acordarán a presenza e permanencia na zona de intervención de todo o persoal e equipamento que sexa imprescindible e garantizará a ausencia de persoas alleas ós labores propios da asistencia; ademais, será a encargada de sinalar en cada caso concreto os lugares onde se deben situar os vehículos de servizos de urxencia ou doutros servizos especiais, atendendo á prestación da mellor asistencia e velando polo mellor auxilio das persoas.

5. A actuación dos equipos dos servizos de urxencia, así como a dos de asistencia mecánica e de conservación de estradas, deberá procurar en todo momento a menor afectación posible sobre o resto da circulación, ocupando o mínimo posible da calzada e seguindo en todo momento as instrucións que imparta o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, ou os seus axentes. O comportamento dos condutores e usuarios en caso de emerxencia axustarase ó establecido nos artigos 69, 129 e 130 e, en particular, o dos condutores dos vehículos de servizo de urxencia, ó disposto nos artigos 67, 68, 111 e 112.

6. A detención, parada ou estacionamento dos vehículos destinados ós servizos citados deberase efectuar de forma que non cree un novo perigo, e onde cause menor obstáculo á circulación.

7. Os supostos de parada ou estacionamento en lugares distintos dos fixados polos axentes da autoridade responsable do tráfico terán a consideración de infracción grave de acordo co disposto no artigo 65.4.d) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 6. *Prevención de incendios.*

1. Prohíbese botar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar á produción de incendios ou, en xeral, pór en perigo a seguridade vial (artigo 10.4 do texto articulado).

2. As infraccións a este precepto terán a consideración de infracción grave de acordo co disposto no artigo 65.4.b) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 7. *Emisión de perturbacións e contaminantes.*

1. Os vehículos non poderán circular polas vías ou terreos obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial se emiten perturbacións electromagnéticas, con niveis de emisión de ruído superiores ós límites establecidos polas normas especificamente reguladoras da materia, así como tampouco poderán emitir gases ou fumes en valores superiores ós límites establecidos nin nos supostos de teren sido obxecto dunha reforma de importancia non autorizada, todo isto de acordo co disposto no anexo I do Regulamento xeral de vehículos.

Tódolos condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas de detección que permitan comprobalas posibles deficiencias indicadas.

2. Tanto nas vías públicas urbanas como nas interurbanas prohíbese a circulación de vehículos de motor e ciclomotores co chamado escape libre, sen o preceptivo dispositivo silenciador das explosións.

Prohíbese, así mesmo, a circulación dos vehículos mencionados cando os gases expulsados polos motores, en lugar de atravesaren un silenciador eficaz, saian desde o motor a través dun incompleto, inadecuado, deteriorado ou a través de tubos resoadores, e a dos de motor de combustión interna que circulen sen encontrarse dotados dun dispositivo que evite a proxección descendente ó exterior de combustible non queimado, ou lancen fumes que poidan dificultar-la visibilidade ós condutores doutros vehículos ou que resulten nocivos.

Os axentes da autoridade poderán inmovilizar o vehículo no caso de que supere os niveis de gases, fumes e ruidos permitidos regulamentariamente, segundo o tipo de vehículo, conforme o artigo 70.2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

3. Queda prohibida a emisión dos contaminantes a que se refire o punto 1 producida por vehículos de motor por riba das limitacións previstas nas normas reguladoras dos vehículos.

4. Igualmente, queda prohibida esta emisión por outros focos emisores de contaminantes distintos dos producidos por vehículos de motor, calquera que fose a súa natureza, por riba dos niveis que o Goberno establece con carácter xeral.

Quedan prohibidos, en concreto, os vertedoiros de lixo e residuos dentro da zona de afección das estradas, en todo caso, e fóra dela cando exista perigo de que o fume producido pola incineración do lixo ou incendios ocasionais poida alcanza-la estrada.

CAPÍTULO II

Da carga de vehículos e do transporte de persoas e mercadorías ou cousas**Artigo 8. *Carga de vehículos e transporte de persoas e mercadorías ou cousas.***

Prohíbese carga-los vehículos ou transportar neles persoas, mercadorías ou cousas de forma distinta á que se determina neste capítulo.

SECCIÓN 1.^a TRANSPORTE DE PERSOAS**Artigo 9. *Do transporte de persoas.***

1. O número de persoas transportadas nun vehículo non poderá ser superior ó das prazas que teña autorizadas, que, nos de servizo público e nos autobuses, deberá estar sinalado en placas colocadas no seu interior, sen que, en ningún caso, se poida exceder, entre viaxeiros e equipaxe, a masa máxima autorizada para o vehículo.

2. Para efectos de cómputo do número de persoas transportadas:

a) En turismos, autobuses e vehículos mixtos adaptables non se contará cada menor de dous anos que vaia ó coidado dun adulto distinto do conductor, sempre que non ocupe praza.

b) Nos turismos, cada menor de máis de dous anos e menos de 12 computarase como media praza, sen que o número máximo de prazas así computado poida exceder-lo que corresponda ó 50 por cento do total, excluída a do conductor.

c) Nos automóviles autorizados para transporte escolar e de menores, aplicarase o establecido na lexislación específica sobre a materia.

3. As infraccións a este precepto en canto supoña aumentar nun 50 por cento o número de prazas autorizadas, excluído o conductor, terán a consideración de moi graves, de acordo co estipulado no artigo 65.5.d) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, e procederase á inmovilización do vehículo polos axentes da autoridade, que o manterán inmovilizado mentres subsista a causa da infracción, de acordo co disposto no artigo 70.3 do citado texto articulado.

Artigo 10. *Situación e acondicionamento das persoas.*

1. Está prohibido transportar persoas en localización distinta á destinada e acondicionada para elas nos vehículos.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, nos vehículos de transporte de mercadorías ou cousas poderán viaxar persoas no lugar reservado á carga, nas condicións que se establecen nas disposicións que regulan a materia.

3. Os vehículos autorizados para transportaren simultaneamente persoas e carga deberán estar provistos dunha protección adecuada á carga que transporten, de maneira que non estorbe os ocupantes nin poida danalos en caso de ser proxectada.

Esta protección axustarase ó previsto na lexislación reguladora dos vehículos.

4. O feito de non levar instalada a protección a que se refire o punto anterior será sancionado de acordo co disposto no artigo 67.2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 11. *Transporte colectivo de persoas.*

1. O conductor deberá efectuar as paradas e arrincadas sen sacudidas nin movementos bruscos, o máis cerca posible do bordo dereito da calzada, e absterase de realizar ningún acto que o poida distraer durante a marcha; o conductor e, se é o caso, o encargado, tanto durante a marcha como nas subidas e baixadas, velarán pola seguridade dos viaxeiros.

2. Nos vehículos destinados ó servizo público de transporte colectivo de persoas prohíbese ós viaxeiros:

a) Distraer-lo conductor durante a marcha do vehículo.

b) Entrar ou saír do vehículo por lugares distintos ós destinados, respectivamente, a estes fins.

c) Entrar no vehículo cando se fixese a advertencia de que está completo.

d) Dificultar innecesariamente o paso nos lugares destinados ó tránsito de persoas.

e) Levar consigo calquera animal, salvo que exista no vehículo lugar destinado para o seu transporte. Excepción desta prohibición, sempre baixo a súa responsabilidade, os invidentes acompañados de cans especialmente adestrados como cans de cego.

f) Levar materias ou obxectos perigosos en condicións distintas das establecidas na regulación específica sobre a materia.

g) Desatender as instrucións que, sobre o servizo, dean o conductor ou o encargado do vehículo.

O conductor e, se é o caso, o encargado dos vehículos destinados ó servizo público de transporte colectivo de persoas deben prohibir a entrada e ordenar a súa saída ós viaxeiros que incumpran os preceptos establecidos neste punto.

Artigo 12. *Normas relativas a ciclos, ciclomotores e motocicletas.*

1. Os ciclos que, por construción, non poidan ser ocupados por máis dunha persoa poderán transportar, non obstante, cando o conductor sexa maior de idade, un menor de ata sete anos en asento adicional que terá que ser homologado.

2. Nos ciclomotores e nas motocicletas, ademais do conductor e, se é o caso, do ocupante do sidecar destas, pode viaxar, sempre que así conste na súa licenza ou permiso de circulación, un pasaxeiro que sexa maior de 12 anos, utilice casco de protección e cumpra as seguintes condicións:

a) Que vaia a canchaperna e cos pés pousados nos repousapés laterais.

b) Que utilice o asento correspondente detrás do conductor.

En ningún caso se poderá situar-lo pasaxeiro en lugar intermedio entre a persoa que conduce e o guiador de dirección do ciclomotor ou motocicleta.

3. Excepcionalmente, os maiores de sete anos poderán circular en motocicletas ou ciclomotores conducidos polo seu pai, nai ou titor ou por persoas maiores de idade por eles autorizadas, sempre que utilicen casco homologado e se cumpran as prescricións do punto anterior (artigo 11.4 do texto articulado).

4. As motocicletas, os vehículos de tres rodas, os ciclomotores e os ciclos e bicicletas poderán arrastrar un remolque ou semirremolque, sempre que non superen o 50 por cento da masa en baleiro do vehículo tractor e se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a circulación sexa de día e en condicións que non diminúan a visibilidade.

b) Que a velocidade a que se circule nestas condicións quede reducida nun 10 por cento respecto ás

velocidades xenéricas que para estes vehículos se establecen no artigo 48.

c) Que en ningún caso transporten persoas no vehículo remolcado.

En circulación urbana aplicarase o disposto polas ordenanzas correspondentes.

SECCIÓN 2.^a TRANSPORTE DE MERCADORÍAS OU COUSAS

Artigo 13. *Dimensións do vehículo e a súa carga.*

1. En ningún caso, a lonxitude, largura e altura dos vehículos e a súa carga excederá a sinalada nas normas reguladoras dos vehículos ou para a vía por que circulen.

2. O transporte de cargas indivisibles que, inevitablemente, excedan os límites sinalados no punto anterior deberase realizar mediante autorizacións complementarias de circulación, que se regulan no Regulamento xeral de vehículos, conforme as normas e condicións de circulación que se establecen no anexo III deste regulamento.

3. As infraccións ás normas deste precepto serán sancionadas de acordo co disposto no artigo 67.2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 14. *Disposición da carga.*

1. A carga transportada nun vehículo, así como os accesorios que se utilicen para o seu acondicionamento ou protección, deben estar dispostos e, se fose necesario, suxeitos de tal forma que non poidan:

- Arrastrar, caer total ou parcialmente ou desprazarse de maneira perigosa.
- Compromete-la estabilidade do vehículo.
- Producir ruído, po ou outras molestias que poidan ser evitadas.
- Ocultar os dispositivos de iluminación ou de sinalización luminosa, as placas ou distintivos obrigatorios e as advertencias manuais dos seus conductores.

2. O transporte de materias que produzan po ou poidan caer efectuarase sempre cubríndoas total e eficazmente.

3. O transporte de cargas molestas, nocivas, insalubres ou perigosas, así como as que entrañen especialidades no seu acondicionamento ou estiba, aterase, ademais, ás normas específicas que regulan a materia.

Artigo 15. *Dimensións da carga.*

1. A carga non sobresaíra da proxección en planta do vehículo, salvo nos casos e condicións previstos nos puntos seguintes. Nos de tracción animal, enténdese por proxección a do vehículo propiamente dito prolongada cara a diante, co seu mesmo largo, sen exceder-la cabeza do animal de tiro máis próximo a aquel.

2. Nos vehículos destinados exclusivamente ó transporte de mercadorías, tratándose de cargas indivisibles e sempre que se cumpran as condicións establecidas para a súa estiba e acondicionamento, poderán sobresaír:

a) No caso de vigas, postes, tubos ou outras cargas de lonxitude indivisible:

1.º En vehículos de lonxitude superior a cinco metros, dous metros pola parte anterior e tres metros pola posterior.

2.º En vehículos de lonxitude igual ou inferior a cinco metros, o tercio da lonxitude do vehículo por cada extremo anterior e posterior.

b) No caso de que a dimensión menor da carga indivisible sexa superior ó largo do vehículo, poderá sobresaír ata 0,40 metros por cada lateral, sempre que o largo total non sexa superior a 2,55 metros.

3. No resto dos vehículos non destinados exclusivamente ó transporte de mercadorías a carga poderá sobresaír pola parte posterior ata un 10 por cento da súa lonxitude e, se fose indivisible, un 15 por cento.

4. Nos vehículos de largura inferior a un metro a carga non deberá sobresaír lateralmente máis de 0,50 metros a cada lado do seu eixe lonxitudinal. Non poderá sobresaír pola extremidade anterior, nin máis de 0,25 metros pola posterior.

5. Cando a carga sobresaía da proxección en planta do vehículo, sempre dentro dos límites dos puntos anteriores, deberanse adoptar tódalas precaucións convenientes para evitar danos ou perigos ós demais usuarios da vía pública, e deberá ir resgardada na extremidade saínte para minora-los efectos dun rozamento ou choque posibles.

6. En todo caso, a carga que sobresaía por detrás dos vehículos a que se refiren os puntos 2 e 3 deberá ser sinalizada por medio do sinal V-20 a que se refire o artigo 173 e as características do cal se establecen no anexo XI do Regulamento xeral de vehículos. Este sinal deberase colocar no extremo posterior da carga de maneira que quede constantemente perpendicular ó eixe do vehículo. Cando a carga sobresaía lonxitudinalmente por toda a largura da parte posterior do vehículo, colocaranse transversalmente dous paneis de sinalización, cada un nun extremo da carga ou da largura do material que sobresaía. Ámbolos paneis deberán colocarse de tal maneira que formen unha xeometría de "v" invertido.

Cando o vehículo circule entre o solpor e o amencer ou baixo condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade, a carga deberá ir sinalizada, ademais, cunha luz vermella. Cando a carga sobresaía por diante, a sinalización deberase facer por medio dunha luz branca.

7. As cargas que sobresaían lateralmente do largo do vehículo, de tal maneira que a súa extremidade lateral se encontre a máis de 0,40 metros do bordo exterior da luz dianteira ou traseira de posición do vehículo, deberán estar entre o solpor e o amencer, así como cando existan condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade, respectivamente, sinalizadas, en cada unha das súas extremidades laterais, cara a adiante, por medio dunha luz branca e un dispositivo reflector de cor branca, e cara a atrás, por medio dunha luz vermella e dun dispositivo reflector de cor vermella.

8. No caso de circulación de vehículos en réxime de transporte especial, aplicarase o disposto na súa autorización.

Artigo 16. *Operacións de carga e descarga.*

As operacións de carga ou descarga deberanse levar a cabo fóra da vía.

Excepcionalmente, cando sexa inescusable efectualas nesta, deberanse realizar sen ocasionar perigos nin perturbacións graves ó tránsito doutros usuarios e tendo en conta as normas seguintes:

a) Respetaranse as disposicións sobre paradas e estacionamentos e, ademais, en poboación, as que dicten as autoridades municipais sobre horas e lugares adecuados.

b) Efectuaranse, no posible, polo lado do vehículo máis próximo ó bordo da calzada.

c) Levaranse a cabo con medios suficientes para conseguí-la máxima celeridade, e procurando evitar ruído.

dos e molestias innecesarias. Queda prohibido deposita-la mercadoría na calzada, beiravía e zonas peonís.

d) As operacións de carga e descarga de mercadorías molestas, nocivas, insalubres ou perigosas, así como as que entrañen especialidades no seu manexo ou estiba, rexeranse, ademais, polas disposicións específicas que regulan a materia.

CAPÍTULO III

Normas xerais dos conductores

Artigo 17. *Control do vehículo ou de animais.*

1. Os conductores deberán estar en todo momento en condicións de controla-los seus vehículos ou animais. Ó aproximárense a outros usuarios da vía, deberán adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas (artigo 11.1 do texto articulado).

2. Ós conductores de cabalgaduras, gandos e vehículos de carga de tracción animal estalles prohibido levarlos correndo pola vía nas inmediacións doutros da mesma especie ou das persoas que van a pé, así como abandonar a súa conducción, deixándoos marcharen libremente polo camiño ou detérense nel.

Artigo 18. *Outras obrigas do conductor.*

1. O conductor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á conducción que garantan a súa propia seguridade, a do resto dos ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteñan o resto dos pasaxeiros, e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados para que non haxa interferencia entre o conductor e calquera deles (artigo 11.2 do texto articulado).

Considérase incompatible coa obrigatoria atención permanente á conducción o uso polo conductor do vehículo en movemento de dispositivos tales como pantallas con acceso á internet, monitores de televisión e reprodutores de vídeo ou DVD. Exceptúanse, para estes efectos, o uso de monitores que estean á vista do conductor e a utilización dos cales sexa necesaria para a visión de acceso ou baixada de peóns ou para a visión en vehículos con cámara de manobras traseiras, así como o dispositivo GPS.

2. Queda prohibido conducir e utilizar cascos ou auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son, excepto durante o correspondente ensino e a realización das probas de aptitude en circuíto aberto para a obtención do permiso de conducción de motocicletas de dúas rodas cando así o esixa o Regulamento xeral de conductores.

Prohíbese a utilización durante a conducción de dispositivos de telefonía móbil e calquera outro medio ou sistema de comunicación, excepto cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregarlas mans nin usar cascos, auriculares ou instrumentos similares (artigo 11.3, parágrafo segundo, do texto articulado).

Quedan exentos desta prohibición os axentes da autoridade no exercicio das funcións que teñan encomendadas (artigo 11.3, parágrafo terceiro, do texto articulado).

3. Prohíbese que nos vehículos se instalen mecanismos ou sistemas, se leven instrumentos ou se acondicionen de forma encamiñada a eludi-la vixilancia dos axentes de tráfico, ou que se emitan ou fagan sinais con esa finalidade, así como a utilización de mecanismos de detección de radar.

Artigo 19. *Visibilidade no vehículo.*

1. A superficie acristalada do vehículo deberá permitir, en todo caso, a visibilidade diáfana do conductor sobre toda a vía por que circule, sen interferencias de láminas ou adhesivos.

Unicamente se permitirá circular con láminas adhesivas ou cortinas contra o sol nas ventás posteriores cando o vehículo leve dous espellos retrovisores exteriores que cumpran as especificacións técnicas necesarias.

Non obstante, a utilización de láminas adhesivas nos vehículos permitírase nas condicións establecidas na regulamentación de vehículos.

A colocación dos distintivos previstos na lexislación de transportes ou noutras disposicións deberá realizarse de forma que non impidan a correcta visión do conductor.

2. Queda prohibida, en todo caso, a colocación de vidros tinxidos ou coloreados non homologados.

3. As infraccións ás normas deste precepto serán sancionadas de acordo co disposto no artigo 67.2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

CAPÍTULO IV

Normas sobre bebidas alcohólicas

Artigo 20. *Taxas de alcohol en sangue e aire espirado.*

Non poderán circular polas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial os conductores de vehículos nin os condutores de bicicletas cunha taxa de alcohol en sangue superior a 0,5 gramos por litro, ou de alcohol en aire espirado superior a 0,25 miligramos por litro.

Cando se trate de vehículos destinados ó transporte de mercadorías cunha masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos, vehículos destinados ó transporte de viaxeiros de máis de nove prazas, ou de servizo público, ó transporte escolar e de menores, ó de mercadorías perigosas ou de servizo de urxencia ou transportes especiais, os conductores non poderán facelo cunha taxa de alcohol en sangue superior a 0,3 gramos por litro, ou de alcohol en aire espirado superior a 0,15 miligramos por litro.

Os conductores de calquera vehículo non poderán supera-la taxa de alcohol en sangue de 0,3 gramos por litro nin de alcohol en aire espirado de 0,15 miligramos por litro durante os dous anos seguintes á obtención do permiso ou licenza que os habilita para conducir.

Para estes efectos, só se computará a antigüidade da licenza de conducción cando se trate da conducción de vehículos para os cales sexa suficiente esta licenza.

Artigo 21. *Investigación da alcoholemia. Persoas obrigadas.*

Tódolos conductores de vehículos e de bicicletas quedan obrigados a someterse ás probas que se establezan para a detección das posibles intoxicacións por alcohol. Igualmente quedan obrigados os demais usuarios da vía cando se encontren implicados nalgún accidente de circulación (artigo 12.2, parágrafo primeiro, do texto articulado).

Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán someter a estas probas:

a) Calquera usuario da vía ou conductor de vehículo implicado directamente como posible responsable nun accidente de circulación.

b) Os que conduzan calquera vehículo con síntomas evidentes, manifestacións que denoten ou feitos que per-

mitan razoablemente presumir que o fan baixo a influencia de bebidas alcohólicas.

c) Os conductores que sexan denunciados pola comisión dalgunha das infraccións ás normas contidas neste regulamento.

d) Os que, con ocasión de conducir un vehículo, sexan requiridos para o efecto pola autoridade ou os seus axentes dentro dos programas de controis preventivos de alcoholemia ordenados pola dita autoridade.

Artigo 22. *Probos de detección alcohólica mediante o aire espirado.*

1. As probas para detecta-la posible intoxicación por alcohol serán practicadas polos axentes encargados da vixilancia de tráfico e consistirán, normalmente, na verificación do aire espirado mediante etilómetros que, oficialmente autorizados, determinarán de forma cuantitativa o grao de impregnación alcohólica dos interesados.

A petición do interesado ou por orde da autoridade xudicial, poderanse repeti-las probas para efectos de contraste, que poderán consistir en análise de sangue, urina ou outros análogos (artigo 12.2, parágrafo segundo, in fine, do texto articulado).

2. Cando as persoas obrigadas sufrisen lesións, doenzas ou enfermidades a gravidade das cales impida a práctica das probas, o persoal facultativo do centro médico a que fosen evacuados decidirá as que se teñan que realizar.

Artigo 23. *Práctica das probas.*

1. Se o resultado da proba practicada dese un grao de impregnación alcohólica superior a 0,5 gramos de alcohol por litro de sangue ou a 0,25 miligramos de alcohol por litro de aire espirado, ou ó previsto para determinados conductores no artigo 20 ou, aínda sen alcanzar estes límites, presentase a persoa examinada síntomas evidentes de encontrarse baixo a influencia de bebidas alcohólicas, o axente someterá o interesado, para unha maior garantía e para efecto de contraste, á práctica dunha segunda proba de detección alcohólica polo aire espirado, mediante un procedemento similar ó que serviu para efectua-la primeira proba, do que terá que o informar previamente.

2. Da mesma forma advertirá a persoa sometida a exame do dereito que ten a controlar, por si ou por calquera dos seus acompañantes ou testemuñas presentes, que entre a realización da primeira e da segunda proba medie un tempo mínimo de 10 minutos.

3. Igualmente, informaraa do dereito que ten a formular cantas alegacións ou observacións teña por conveniente, por si ou por medio do seu acompañante ou defensor, se o tivese, as cales se consignarán por dilixencia, e a contrasta-los resultados obtidos mediante análise de sangue, urina ou outros análogos que o persoal facultativo do centro médico a que sexa trasladado estime máis adecuados.

4. No caso de que o interesado decida a realización das ditas análises, o axente da autoridade adoptará as medidas máis adecuadas para o seu traslado ó centro sanitario máis próximo ó lugar dos feitos. Se o persoal facultativo do centro apreciase que as probas solicitadas polo interesado son as adecuadas, adoptará as medidas tendentes a cumpri-lo disposto no artigo 26.

O importe das ditas análises deberá ser previamente depositado polo interesado e con el atenderase ó pagamento cando o resultado da proba de contraste sexa positivo; será a cargo dos órganos periféricos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou das autoridades municipais ou autonómicas competentes cando sexa negativo, devolvéndose o depósito neste último caso.

Artigo 24. *Dilixencias do axente da autoridade.*

Se o resultado da segunda proba practicada polo axente, ou o das análises efectuadas por instancia do interesado, fose positivo, ou cando o que condúcese un vehículo de motor presentase síntomas evidentes de facelo baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou aparecese presuntamente implicado nunha conducta delictuosa, o axente da autoridade, ademais de axustarse, en todo caso, ó establecido na Lei de axuizamento criminal, deberá:

a) Describir con precisión, no boletín de denuncia ou no atestado das dilixencias que practique, o procedemento seguido para efectua-la proba ou probas de detección alcohólica, facendo consta-los datos necesarios para a identificación do instrumento ou instrumentos de detección empregados, detallando tamén as súas características xenéricas.

b) Consigna-las advertencias feitas ó interesado, especialmente a do dereito que o asiste a contrasta-los resultados obtidos nas probas de detección alcohólica polo aire espirado mediante análises adecuadas, e acreditar nas dilixencias as probas ou análises realizadas no centro sanitario a que foi trasladado o interesado.

c) Conduci-lo sometido a exame, ou o que se negase a someterse ás probas de detección alcohólica, nos supostos en que os feitos revistan caracteres delictuosos, de conformidade co disposto na Lei de axuizamento criminal, ó xulgado correspondente para os efectos que procedan.

Artigo 25. *Inmovilización do vehículo.*

1. No suposto de que o resultado das probas e das análises, se é o caso, fose positivo, o axente poderá proceder, ademais, á inmediata inmovilización do vehículo, mediante o seu precinto ou outro procedemento efectivo que impida a súa circulación, a non ser que poida facerse cargo da súa conducción outra persoa debidamente habilitada, e proverá canto fose necesario para a seguridade da circulación, a das persoas transportadas en xeral, especialmente se se trata de nenos, anciáns, enfermos ou inválidos, a do propio vehículo e a da súa carga.

2. Tamén se poderá inmoviliza-lo vehículo nos casos de negativa a efectua-las probas de detección alcohólica (artigo 70, *in fine*, do texto articulado).

3. Salvo nos casos en que a autoridade xudicial ordenase o seu depósito ou intervención, nos cales aplicará o disposto pola dita autoridade, a inmovilización do vehículo deixarase sen efecto tan pronto como desapareza a causa que a motivou ou poida substituí-lo conductor outro habilitado para iso que ofrezca garantía suficiente ós axentes da autoridade e a actuación do cal fose requirida polo interesado.

4. Os gastos que se puidesen ocasionar pola inmovilización, traslado e depósito do vehículo serán por conta do conductor ou de quen legalmente deba responder por el.

Artigo 26. *Obrigas do persoal sanitario.*

1. O persoal sanitario virá obrigado, en todo caso, a proceder á obtención de mostras e remitilas ó laboratorio correspondente, e a dar conta do resultado das probas que se realicen á autoridade xudicial, ós órganos periféricos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e, cando proceda, ás autoridades municipais competentes (artigo 12.2, parágrafo terceiro, do texto articulado).

Entre os datos que comunique o persoal sanitario ás mencionadas autoridades ou órganos figurarán, se

é o caso, o sistema empregado na investigación da alcoholemia, a hora exacta en que se tomou a mostra, o método utilizado para a súa conservación e a porcentaxe de alcohol en sangue que presente o individuo examinado.

2. As infraccións ás distintas normas deste capítulo, relativas á condución tendo inxerido bebidas alcohólicas ou á obriga de someterse ás probas de detección alcohólica, terán a consideración de infraccións moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.a) e b) do texto articulado.

CAPÍTULO V

Normas sobre estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas

Artigo 27. *Estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas.*

1. Non poderán circular polas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial os condutores de vehículos ou bicicletas que inxerisen ou incorporasen ó seu organismo psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas, entre as que se incluírán, en calquera caso, os medicamentos ou outras substancias baixo o efecto dos cales se altere o estado físico ou mental apropiado para circular sen perigo.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.a) do texto articulado.

Artigo 28. *Probas para a detección de substancias estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas.*

1. As probas para a detección de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas, así como as persoas obrigadas á súa realización, axustaranse ó disposto nas alíneas seguintes:

a) As probas consistirán normalmente no recoñecemento médico da persoa obrigada e nas análises clínicas que o médico forense ou outro titular experimentado, ou persoal facultativo do centro sanitario ou instituto médico a que sexa trasladada aquela, estimen máis adecuados.

Por petición do interesado ou por orde da autoridade xudicial, poderanse repeti-las probas para efectos de contraste, que poderán consistir en análises de sangue, urina ou outras análogas (artigo 12.2, parágrafo segundo, *in fine*, do texto articulado).

b) Toda persoa que se encontre nunha situación análoga a calquera das enumeradas no artigo 21, respecto á investigación da alcoholemia, queda obrigada a someterse ás probas sinaladas no parágrafo anterior. Nos casos de negativa a efectuar estas probas, o axente poderá proceder á inmediata inmovilización do vehículo na forma prevista no artigo 25.

c) O axente da autoridade encargado da vixilancia do tráfico que advirta síntomas evidentes ou manifestacións que razoablemente denoten a presenza de calquera das substancias aludidas no organismo das persoas a que se refire o artigo anterior, axustarase ó establecido na Lei de axuízamento criminal e a canto ordene, se é o caso, a autoridade xudicial, e deberá axustar a súa actuación, en canto sexa posible, ó disposto neste regulamento para as probas para a detección alcohólica.

d) A autoridade competente determinará os programas para levar a efecto os controis preventivos para a comprobación de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas no organismo de calquera condutor.

2. As infraccións a este precepto relativas á condución baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas, así como a infracción da obriga de someterse ás probas para a súa detección, terán a consideración de infraccións moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.a) e b) do texto articulado.

TÍTULO II

Da circulación de vehículos

CAPÍTULO I

Lugar na vía

SECCIÓN 1.^a SENTIDO DA CIRCULACIÓN

Artigo 29. *Norma xeral.*

1. Como norma xeral, e moi especialmente nas curvas e cambios de rasante de reducida visibilidade, os vehículos circularán en tódalas vías obxecto da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial pola dereita e o máis cerca posible do bordo da calzada, mantendo a separación lateral suficiente para realiza-lo cruzamento con seguridade (artigo 13 do texto articulado).

Aínda cando non exista sinalización expresa que os delimite, nos cambios de rasante e curvas de reducida visibilidade, todo condutor, salvo nos supostos de adiantamentos previstos no artigo 88, debe deixar completamente libre a metade da calzada que corresponda ós que poidan circular en sentido contrario.

2. Os supostos de circulación pola esquerda, en sentido contrario ó estipulado nunha vía de dobre sentido da circulación, terán a consideración de infraccións moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.f) do texto articulado.

SECCIÓN 2.^a UTILIZACIÓN DOS CARRÍS

Artigo 30. *Utilización dos carrís en calzadas con dobre sentido de circulación.*

1. O condutor dun automóbil ou dun vehículo especial con masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos circulará pola calzada e non polo beiravía, salvo por razóns de emerxencia. Ademais, deberá aterse ás regras seguintes:

a) Nas calzadas con dobre sentido de circulación e dous carrís, separados ou non por marcas viais, circulará polo da súa dereita.

b) En calzadas con dobre sentido de circulación e tres carrís separados por marcas lonxitudinais discontinuas, circulará tamén polo da súa dereita e, en ningún caso, polo situado máis á súa esquerda.

Nas ditas calzadas, o carril central tan só se utilizará para efectuar os adiantamentos precisos e para cambiar de dirección cara á esquerda.

2. Os supostos de circulación pola esquerda, en sentido contrario ó estipulado, terán a consideración de infraccións moi graves conforme se prevé no artigo 65.5.f) do texto articulado.

Artigo 31. *Utilización dos carrís, fóra de poboación, en calzadas con máis dun carril para o mesmo sentido de marcha.*

O condutor dun automóbil ou dun vehículo especial con masa máxima autorizada superior a 3.500 quilo-

gramos circulará pola calzada e non pola beiravía, salvo por razóns de emerxencia. Ademais, fóra de poboación, nas calzadas con máis dun carril reservado para o seu sentido de marcha, circulará normalmente polo situado máis á súa dereita, se ben poderá utiliza-lo resto dos do dito sentido cando as circunstancias do tráfico ou da vía o aconsellen, a condición de que non entorpeza a marcha doutro vehículo que o siga.

Artigo 32. *Utilización dos carrís, fóra de poboación, en calzadas con tres ou máis carrís para o mesmo sentido de marcha.*

Cando unha das ditas calzadas teña tres ou máis carrís no sentido da súa marcha, os condutores de camións ou furgóns con masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos, os de vehículos especiais que non estean obrigados a circular polo beiravía e os de conxuntos de vehículos de máis de sete metros de lonxitude circularán normalmente polo situado máis a súa dereita, e poderán utiliza-lo inmediato con igual condición e nas mesmas circunstancias citadas no artigo 31.

Artigo 33. *Utilización dos carrís, en poboación, en calzadas con máis dun carril reservado para o mesmo sentido de marcha.*

Cando se circule por calzadas de poboacións con polo menos dous carrís reservados para o mesmo sentido, delimitados por marcas lonxitudinais, excepto se se trata de autoestradas ou autovías, o conductor dun automóbil ou dun vehículo especial poderá utiliza-lo que mellor conveña ó seu destino, sempre que non sexa un obstáculo á circulación dos demais vehículos, e non deberá abandonalo máis que para prepararse a cambiar de dirección, adiantar, parar ou estacionar.

Artigo 34. *Cómputo de carrís.*

Para o cómputo de carrís, para efectos do disposto nos artigos anteriores, non se terán en conta os reservados a determinados vehículos ou a certas manobras de acordo co disposto no artigo seguinte.

Artigo 35. *Utilización dos carrís en función da velocidade sinalizada e dos reservados a determinados vehículos e a certas manobras.*

1. A utilización dos carrís en función da velocidade e dos reservados a determinados vehículos e a certas manobras axustarase ó que indiquen os sinais correspondentes regulados neste regulamento.

2. Entenderase por vehículos con alta ocupación aqueles automóviles destinados exclusivamente ó transporte de persoas, cunha masa máxima autorizada que non exceda 3.500 quilogramos, que estean ocupados polo número de persoas que para cada tramo da rede viaria se fixe de acordo co disposto na alínea d) deste punto. A utilización dos carrís para vehículos con alta ocupación (VAO) aterase ó seguinte:

a) A utilización do carril habilitado para VAO queda limitada a motocicletas, turismos e vehículos mixtos adaptables, e está prohibida, polo tanto, ó resto dos vehículos e conxuntos de vehículos, incluídos os turismos con remolque, así como a peóns, ciclos, ciclomotores, vehículos de tracción animal e animais.

Os carrís para VAO poderán ser utilizados polos vehículos autorizados de acordo co parágrafo anterior, aínda cando só o ocupe o seu conductor, se o vehículo ten o sinal V-15, e por autobuses con masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos e autobuses articulados, con independencia do seu número de ocupan-

tes, nas mesmas condicións de circulación establecidas para os VAO, de forma simultánea se así se indica na relación de tramos a que se refire a alínea d).

b) A habilitación ou reserva dun ou varios carrís para a circulación de VAO poderá ser permanente ou temporal, con horario fixo ou en función do estado da circulación, segundo o estableza o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, quen, en circunstancias non habituais e por razóns de seguridade vial ou fluidez da circulación, poderá permitir, recomendar ou ordenar a outros vehículos a utilización do carril reservado para aqueles, todo isto sen prexuízo das competencias dos organismos titulares das estradas e, se é o caso, das sociedades concesionarias daquelas.

c) Os vehículos de policía, extinción de incendios, protección civil e salvamento e asistencia sanitaria en servizo de urxencia, así como os equipos de mantemento das instalacións e da infraestrutura da vía, poderán utiliza-los carrís reservados.

d) O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, logo de informe vinculante do organismo titular da estrada, determinará os tramos da rede viaria en que funcionarán carrís reservados para VAO, fixará as condicións de utilización e publicará, na forma prevista no artigo 39.4, a relación de tramos da rede viaria en que se habiliten os ditos carrís.

3. As infraccións ás normas establecidas no número 2 relativas á circulación en sentido contrario ó establecido terán a consideración de moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.f) do texto articulado.

SECCIÓN 3.^a BEIRAVÍAS

Artigo 36. *Condutores obrigados á súa utilización.*

1. Os condutores de vehículos de tracción animal, vehículos especiais con masa máxima autorizada non superior a 3.500 quilogramos, ciclos, ciclomotores, vehículos para persoas de mobilidade reducida ou vehículos en seguimento de ciclistas, no caso de que non exista vía ou parte dela que lles estea especialmente destinada, circularán pola beiravía da súa dereita, se fose transitable e suficiente para cada un destes, e, se non o fose, utilizarán a parte imprescindible da calzada. Deberán tamén circular pola beiravía da súa dereita ou, nas circunstancias a que se refire este punto, pola parte imprescindible da calzada, os condutores daqueles vehículos cunha masa máxima autorizada que non exceda 3.500 quilogramos que, por razóns de emerxencia, o fagan a velocidade anormalmente reducida, perturbando con iso gravemente a circulación.

Nos descensos prolongados con curvas, cando razóns de seguridade o permitan, os condutores de bicicletas poderán abandona-la beiravía e circular pola parte dereita da calzada que necesiten.

2. Prohíbese que os vehículos enumerados no punto anterior circulen en posición paralela, salvo as bicicletas, que poderán facelo en columna de a dous, arimándose todo o posible ó extremo dereito da vía e colocándose en ringleira en tramos sen visibilidade, e cando formen aglomeracións de tráfico. Nas autovías só poderán circular pola beiravía, sen invadi-la calzada en ningún caso.

Excepcionalmente, cando a beiravía sexa transitable e suficiente, os ciclomotores poderán circular en columna de a dous por este, sen invadi-la calzada en ningún caso.

3. O conductor de calquera dos vehículos enumerados no punto 1, excepto as bicicletas, non poderá

adiantar outro se a duración da marcha dos vehículos colocados paralelamente excede os 15 segundos ou o percorrido efectuado na dita forma supera os 200 metros.

4. Polo que respecta ós vehículos históricos, aplícase o disposto no seu regulamento específico.

5. As infraccións ó disposto no punto 3 terán a consideración de graves, conforme o disposto no artigo 65.4.c) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

SECCIÓN 4.^a SUPUESTOS ESPECIAIS DO SENTIDO DE CIRCULACIÓN Y DA UTILIZACIÓN DE CALZADAS, CARRÍS E BEIRAVÍAS

Artigo 37. *Ordenación especial do tráfico por razóns de seguridade ou fluidez da circulación.*

1. Cando razóns de seguridade ou fluidez da circulación o aconsellen, a autoridade competente poderá ordenar outro sentido de circulación, a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía, ben con carácter xeral, ben para determinados vehículos ou usuarios, o peche de determinadas vías, o seguimento obrigatorio de itinerarios concretos ou a utilización de beiravías ou carrís en sentido oposto ó normalmente previsto (artigo 16.1 do texto articulado).

2. Para evitar entorpecemento á circulación e garantir a súa fluidez, poderanse impor restriccións ou limitacións a determinados vehículos e para vías concretas, que serán obrigatorias para os usuarios afectados (artigo 16.2 do texto articulado).

3. O peche á circulación dunha vía obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial só se realizará con carácter excepcional e deberá ser expresamente autorizado polo organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, pola autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, salvo que estea motivada por deficiencias físicas da infraestrutura ou pola realización de obras nesta; en tal caso a autorización corresponderá ó titular da vía, e deberá contemplarse, sempre que sexa posible, a habilitación dun itinerario alternativo e a súa sinalización. O peche e a apertura ó tráfico terá que ser executado, en todo caso, polos axentes da autoridade responsable da vixilancia e disciplina do tráfico ou do persoal dependente do organismo titular da vía responsable da explotación desta. As autoridades competentes a que se fixo referencia para autorizarlo peche á circulación dunha estrada comunicaranse os peches que acordasen.

4. O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico, así como os organismos titulares das vías, poderán impor restriccións ou limitacións á circulación por razóns de seguridade vial ou fluidez do tráfico, a petición do titular da vía ou doutras entidades, como as sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe, e quedará obrigado o petionario á sinalización do correspondente itinerario alternativo fixado pola autoridade de tráfico, en todo o seu percorrido.

5. Os supostos de circulación en sentido contrario ó estipulado terán a consideración de falta moi grave conforme o establecido no artigo 65.5.f) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

A circulación sen a correspondente autorización por vías suxeitas a restriccións ou limitacións impostas por razóns de seguridade vial ou fluidez do tráfico será sancionada de acordo co establecido no artigo 67.2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 38. *Circulación en autoestradas e autovías.*

1. Prohíbese circular por autoestradas e autovías con vehículos de tracción animal, bicicletas, ciclomotores e vehículos para persoas de mobilidade reducida (artigo 18.1 do texto articulado).

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os condutores de bicicletas maiores de 14 anos poderán circular polas beiravías das autovías, salvo que por razóns xustificadas de seguridade vial se prohiba mediante o sinalización correspondente. Esta prohibición completaráse cun panel que informe do itinerario alternativo.

2. Todo condutor que, por razóns de emerxencia, se vexa obrigado a circular co seu vehículo por unha autoestrada ou autovía a velocidade anormalmente reducida, regulada no artigo 49.1, deberá abandonala pola primeira saída.

3. Os vehículos especiais ou en réxime de transporte especial que excedan as masas ou dimensións establecidas no Regulamento xeral de vehículos poderán circular, excepcionalmente, por autoestradas e autovías cando así se indique na autorización complementaria de que deben ir provistos, e os que non excedan das masas ou dimensións, cando, de acordo coas súas características, poidan desenvolver unha velocidade superior a 60 km/h en terreo chan e cumpran as condicións que se sinalan no anexo III deste regulamento.

Artigo 39. *Limitacións á circulación.*

1. Con suxeición ó disposto nos puntos seguintes, poderanse establecer limitacións de circulación, temporais ou permanentes, nas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, cando así o esixan as condicións de seguridade ou fluidez da circulación.

2. En determinados itinerarios, ou en partes ou tramos deles comprendidos dentro das vías públicas interurbanas, así como en tramos urbanos, mesmo travesías, poderanse establecer restriccións temporais ou permanentes á circulación de camións con masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos, furgóns, conxuntos de vehículos, vehículos articulados e vehículos especiais, así como a vehículos en xeral que non alcancen ou non lles estea permitido alcanza-la velocidade mínima que se puidese fixar, cando, por razón de festividades, vacacións estacionais ou desprazamentos masivos de vehículos, se prevexan elevadas intensidades de tráfico, ou cando as condicións en que ordinariamente se desenvolva aquel o fagan necesario ou conveniente.

Así mesmo, por razóns de seguridade poderanse establecer restriccións temporais ou permanentes á circulación de vehículos en que a súa propia perigosidade ou a da súa carga aconsellen o seu afastamento de núcleos urbanos, de zonas ambientalmente sensibles ou de tramos singulares como pontes ou túneles, ou o seu tránsito fóra de horas de grande intensidade de circulación.

3. Corresponde establecer as aludidas restriccións ó organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, á autoridade de tráfico da comunidade autónoma que teña transferida a execución da referida competencia.

4. As restriccións serán publicadas, en todo caso, cunha antelación mínima de oito días hábiles no "Boletín Oficial del Estado" e, facultativamente, nos diarios oficiais das comunidades autónomas citadas no punto anterior.

En casos imprevistos ou por circunstancias excepcionais, cando se estime necesario para lograr unha maior fluidez ou seguridade da circulación, serán os axentes da autoridade responsable da vixilancia e da disciplina do tráfico que, durante o tempo necesario, deter-

minen as restriccións mediante a adopción das medidas oportunas.

5. En caso de recoñecida urxencia poderán concederse autorizacións especiais para a circulación de vehículos dentro dos itinerarios e prazos obxecto das restriccións impostas conforme o establecido nos puntos anteriores, logo de xustificación da necesidade ineludible de efectualo desprazamento por eses itinerarios e nos períodos obxecto de restricción.

Nestas autorizacións especiais farase constar a matrícula e características principais do vehículo a que se refiran, mercadoría transportada, vías que afecta e as condicións a que en cada caso se deben suxeitar.

6. Correspóndelle outorgar as autorizacións a que se refire o punto anterior á autoridade que estableceu as restriccións.

7. As restriccións á circulación reguladas neste artigo son independentes e non exclúen as que establezan outras autoridades de acordo coas súas específicas competencias.

8. Os supostos de circulación en vías restrinxidas sen a autorización establecida no punto 5 terán a consideración de infracción, que se sancionará conforme prevé o artigo 67.2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 40. *Carrís reversibles.*

1. Nas calzadas con dobre sentido da circulación, cando as marcas dobres descontinuas delimiten un carril por ámbolos lados, indican que este é reversible, é dicir, que nel a circulación pode estar regulada nun ou noutro sentido mediante semáforos de carril ou outros medios. Os condutores que circulen polo dito carril deberán levar acesa, polo menos, a luz de curto alcance ou de cruzamento nos seus vehículos tanto de día como de noite, de acordo co disposto no artigo 104.

2. Os supostos de circulación en sentido contrario ó estipulado terán a consideración de infraccións moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.f) do texto articulado.

Artigo 41. *Carrís de utilización en sentido contrario ó habitual.*

1. Cando as calzadas dispoñan de máis dun carril de circulación en cada sentido de marcha, a autoridade encargada da regulación do tráfico poderá habilitar, por razóns de fluidez da circulación, carrís para a súa utilización en sentido contrario ó habitual, debidamente sinalizados de acordo co disposto no artigo 144.

A utilización dos carrís habilitados para a circulación en sentido contrario ó habitual queda limitada ás motocicletas e turismos, e está prohibida, polo tanto, ó resto dos vehículos, incluídos os turismos con remolque. Os usuarios deste tipo de carrís circularán sempre, polo menos, coa luz de curto alcance ou de cruzamento acesa, tanto de día como de noite, a unha velocidade máxima de 80 quilómetros por hora e a unha mínima de 60, ou inferiores se así estivese establecido ou especificamente sinalizado, e non poderán desprazarse lateralmente invadindo o carril ou carrís destinados ó sentido normal da circulación, nin sequera para adiantar.

Os condutores dos vehículos que circulen por carrís destinados ó sentido normal de circulación contiguos ó habilitado para circulación en sentido contrario ó habitual, tampouco se poderán desprazar lateralmente invadindo os habilitados para seren utilizados en sentido contrario ó habitual; levarán acesa a luz de curto alcance ou cruzamento, polo menos, tanto de día como de noite; e, ademais, se dispoñen dun só carril no seu sentido de circulación, farano a unha velocidade máxima de 80 qui-

lómetros por hora e a unha mínima de 60, ou inferiores se así estivese establecido ou especificamente sinalizado, e se dispoñen de máis dun carril no seu sentido de circulación, farano ás velocidades que se establecen nos artigos 48.1.a)1.^a e 2.^a, 49 e 50. Estes usuarios e condutores porán especial coidado en evitar alteralos elementos de balizamento permanentes ou móbiles.

A autoridade titular da estrada tamén poderá habilitar carrís para a súa utilización en sentido contrario ó habitual, de acordo co organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, coa autoridade autonómica responsable do tráfico, cando a realización de traballos na calzada o faga necesario, e, neste caso, poderán circular por estes carrís tódolos tipos de vehículos que estean autorizados para circular pola vía en obra, salvo prohibición expresa, nas mesmas condicións establecidas nos parágrafos anteriores.

2. Os supostos de circulación en sentido contrario ó estipulado ou con vulneración dos límites de velocidade terán a consideración de infraccións moi graves, no primeiro caso, e de infraccións graves ou moi graves, segundo corresponda, polo exceso de velocidade, conforme se prevé nos artigos 65.5.f), 65.4.c) e 65.5.e), respectivamente, todos eles do texto articulado.

Artigo 42. *Carrís adicionais circunstanciais de circulación.*

1. Nas calzadas con dobre sentido da circulación e beiravías, cando a largura da plataforma o permita, a autoridade encargada da regulación do tráfico poderá habilitar un carril adicional de circulación nun dos sentidos da marcha, mediante a utilización de elementos provisionais de sinalización e balizamento, que modifiquen a zona de rodadura dos vehículos no centro da calzada.

A habilitación deste carril adicional circunstancial de circulación supón, mediante a utilización de ámbalas beiravías, dispor de dous carrís nun sentido de circulación e dun no outro. En calquera caso, esta circunstancia estará debidamente sinalizada. Os vehículos que circulen polas beiravías e polo dito carril adicional farano a unha velocidade máxima de 80 quilómetros por hora e a unha mínima de 60, ou inferiores se así estivese establecido ou especificamente sinalizado, deberán utilizar polo menos a luz de curto alcance ou de cruzamento tanto de día como de noite e deberanse observar, en canto sexan aplicables, as normas contidas no artigo anterior.

2. Os supostos de circulación en sentido contrario ó estipulado ou con vulneración dos límites de velocidade terán a consideración de infraccións moi graves, no primeiro caso, e de infraccións graves ou moi graves, segundo corresponda, polo exceso de velocidade, conforme se prevé nos artigos 65.5.f), 65.4.c) e 65.5.e), respectivamente, todos eles do texto articulado.

SECCIÓN 5.^a REFUXIOS, ILLAS OU DISPOSITIVOS DE GUÍA OU ANÁLOGOS

Artigo 43. *Sentido da circulación.*

1. Cando na vía existan refuxios, illas ou dispositivos de guía, circularase pola parte da calzada que quede á dereita destes, no sentido da marcha, salvo cando estean situados nunha vía de sentido único ou dentro da parte correspondente a un só sentido de circulación; neste caso poderase facer por calquera dos dous lados (artigo 17 do texto articulado).

2. Nas prazas, rotondas e encontros de vías os vehículos circularán deixando á súa esquerda o centro daquelas.

3. Os supostos de circulación en sentido contrario ó estipulado terán a consideración de infraccións moi graves, aínda que non existan refuxios, illas ou dispositivos de guía, conforme se prevé no artigo 65.5.f) do texto articulado.

SECCIÓN 6.^a DIVISIÓN DAS VÍAS EN CALZADAS

Artigo 44. *Utilización das calzadas.*

1. Nas vías divididas en dúas calzadas, no sentido da súa lonxitude, por medianas, separadores ou dispositivos análogos os vehículos deben utiliza-la calzada da dereita, en relación co sentido da súa marcha.

2. Cando a división determine tres calzadas, a central poderá estar destinada á circulación nos dous sentidos, ou nun sentido único, permanente ou temporal, segundo se dispoña mediante os correspondentes sinais, e as laterais para a circulación nun só, sen prexuízo de que o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se for o caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico poida establecer para estas últimas ou para algún dos carrís outro sentido de circulación, que deberá estar convenientemente sinalizado.

3. Os supostos de circulación en sentido contrario ó estipulado terán a consideración de infraccións moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.f) do texto articulado.

CAPÍTULO II

Velocidade

SECCIÓN 1.^a LÍMITES DE VELOCIDADE

Artigo 45. *Adecuación da velocidade ás circunstancias.*

Todo conductor está obrigado a respecta-los límites de velocidade establecidos e a ter en conta, ademais, as súas propias condicións físicas e psíquicas, as características e o estado da vía, do vehículo e da súa carga, as condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación, e, en xeral, cantas circunstancias concorran en cada momento, a fin de adecua-la velocidade do seu vehículo a elas, de maneira que sempre o poida deter dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo que se poida presentar (artigo 19.1 do texto articulado).

Artigo 46. *Moderación da velocidade. Casos.*

1. Circularase a velocidade moderada e, se for preciso, deterase o vehículo cando as circunstancias o esixan, especialmente nos casos seguintes:

a) Cando haxa peóns na parte da vía que se estea utilizando ou poida preverse racionalmente a súa irrupción nela, principalmente se se trata de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas.

b) Ó aproximarse a ciclos circulando, así como nas interseccións e nas proximidades de vías de uso exclusivo de ciclos e dos pasos de peóns non regulados por semáforo ou axentes da circulación, así como ó acercarse a mercados, centros docentes ou a lugares en que sexa previsible a presenza de nenos.

c) Cando haxa animais na parte da vía que se estea utilizando ou poida preverse racionalmente a súa irrupción nela.

d) Nos tramos con edificios de inmediato acceso á parte da vía que se estea a utilizar.

e) Ó aproximarse a un autobús en situación de parada, principalmente se se trata dun autobús de transporte escolar.

f) Fóra de poboación ó acercarse a vehículos inmovilizados na calzada e a ciclos que circulan por ela ou pola súa beiravía.

g) Ó circular por pavimento esvaradío ou cando se poida salpicar ou proxectar auga, grava ou outras materias ós demais usuarios da vía.

h) Ó aproximarse a pasos a nivel, a rotondas e interseccións en que non se goce de prioridade, a lugares de reducida visibilidade ou a estreitamentos.

Se as interseccións están debidamente sinalizadas e a visibilidade da vía é practicamente nula, a velocidade dos vehículos non deberá exceder 50 quilómetros por hora.

i) No cruzamento con outro vehículo, cando as circunstancias da vía, dos vehículos ou as meteorolóxicas ou ambientais non permitan realizalo con seguridade.

j) En caso de cegamento, de conformidade co disposto no artigo 102.3.

k) Nos casos de néboa densa, chuvia intensa, nevada ou nubes de po ou fume.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves ou moi graves, segundo corresponda polo exceso de velocidade, conforme se prevé nos artigos 65.4.c) e 65.5.e), ambos do texto articulado.

Artigo 47. *Velocidades máximas e mínimas.*

Os titulares da vía fixarán, mediante o emprego da sinalización correspondente, as limitacións de velocidade específicas que correspondan de acordo coas características do tramo da vía. En defecto de sinalización específica, cumprirase a xenérica establecida para cada vía.

O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación e control do tráfico, cando as condicións baixo as cales se desenvolve a circulación así o aconsellen, poderá fixar limitacións de velocidade con carácter temporal mediante a correspondente sinalización circunstancial ou variable.

Artigo 48. *Velocidades máximas en vías fóra de poboación.*

1. As velocidades máximas que non deberán ser excedidas, agás nos supostos previstos no artigo 51, son as seguintes:

a) Para automóviles:

1.º En autoestradas e autovías: turismos e motocicletas, 120 quilómetros por hora; autobuses, vehículos derivados de turismos e vehículos mixtos adaptables, 100 quilómetros por hora; camións, vehículos articulados, conxuntos de vehículos, furgóns, autocaravanas e automóviles con remolque de ata 750 quilogramos, 90 quilómetros por hora; restantes automóviles con remolque, 80 quilómetros por hora.

2.º En estradas convencionais sinalizadas como vías para automóviles e no resto de estradas convencionais, sempre que estas últimas teñan un beiravía pavimentada de 1,50 metros ou máis de largura, ou máis dun carril para algúns dos sentidos de circulación: turismos e motocicletas, 100 quilómetros por hora; autobuses, vehículos derivados de turismos e vehículos mixtos adaptables, 90 quilómetros por hora; camións, tractocamións, furgóns, autocaravanas, vehículos articulados e automóviles con remolque, 80 quilómetros por hora.

3.º No resto das vías fóra de poboación: turismos, motocicletas e vehículos de tres rodas e cuadríciclos asimilados a motocicletas, 90 quilómetros por hora; autobuses, vehículos derivados de turismos e vehículos mixtos adaptables, 80 quilómetros por hora; camións, trac-

tocamións, autocaravanas, furgóns, vehículos articulados e automóviles con remolque, 70 quilómetros por hora.

4.º En calquera tipo de vía onde estea permitida a súa circulación: vehículos de tres rodas e cuadríciclos, 70 quilómetros por hora.

b) Para os vehículos que realicen transporte escolar e de menores ou que transporten mercadorías perigosas, reducirase en 10 quilómetros por hora a velocidade máxima fixada na alínea a) en función do tipo de vehículo e da vía por que circula.

No suposto de que nun autobús viaxen pasaxeiros de pé porque así estea autorizado, a velocidade máxima, calquera que sexa o tipo de vía fóra de poboación, será de 80 quilómetros por hora.

c) Para vehículos especiais e conxuntos de vehículos, tamén especiais, aínda que só teña tal natureza un dos que integran o conxunto:

1.º Se carecen de sinalización de freo, levan remolque ou son motocultores: 25 quilómetros por hora.

2.º Os restantes vehículos especiais: 40 quilómetros por hora, salvo cando poidan desenvolver unha velocidade superior ós 60 quilómetros por hora en terreo chan de acordo coas súas características, e cumpran as condicións que se sinalan nas normas reguladoras dos vehículos; en tal caso, a velocidade máxima será de 70 quilómetros por hora.

d) Para vehículos en réxime de transporte especial, a sinalada no anexo III deste regulamento.

e) Para ciclos, ciclomotores de dúas e tres rodas e cuadríciclos lixeiros: 45 quilómetros por hora. Non obstante, os condutores de bicicletas poderán superar esta velocidade máxima naqueles tramos en que as circunstancias da vía permitan desenvolver unha velocidade superior.

f) Os vehículos nos cales o seu conductor circule a pé non excederán a velocidade do paso humano, e os animais que arrastren un vehículo, a do trote.

g) Os vehículos ós cales, por razóns de ensaio ou experimentación, lles fose concedido un permiso especial para ensaios poderán exceder as velocidades establecidas como máximas en 30 quilómetros por hora, pero só dentro do itinerario fixado e en ningún caso cando circulen por vías urbanas, travesías ou por tramos en que exista sinalización específica que limite a velocidade.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves ou moi graves, segundo corresponda polo exceso de velocidade, conforme se prevé nos artigos 65.4.c) e 65.5.e), ambos do texto articulado.

Artigo 49. *Velocidades mínimas en poboación e fóra de poboación.*

1. Non se deberá entorpece-la marcha normal doutro vehículo circulando sen causa xustificada a velocidade anormalmente reducida. Para estes efectos, prohibese a circulación en autoestradas e autovías de vehículos de motor a unha velocidade inferior a 60 quilómetros por hora, e nas restantes vías, a unha velocidade inferior á metade da xenérico sinalada para cada categoría de vehículos de cada unha delas neste capítulo, aínda que non circulen outros vehículos.

2. Poderase circular por debaixo dos límites mínimos de velocidade nos casos de vehículos especiais e de vehículos en réxime de transporte especial ou cando as circunstancias do tráfico, do vehículo ou da vía impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, en que se adecuará a velocidade á do vehículo acompañado.

Nestes casos os vehículos de acompañamento deberán levar na parte superior os sinais V-21 ou V-22, segundo proceda, previstos no artigo 173.

3. Cando un vehículo non poida alcanza-la velocidade mínima esixida e exista perigo de alcance, deberán utilizarse durante a circulación as luces indicadoras de dirección con sinal de emerxencia.

4. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé nos artigos 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 50. *Límites de velocidade en vías urbanas e travesías.*

1. A velocidade máxima que non deberán exceder os vehículos en vías urbanas e travesías establécense, con carácter xeral, en 50 quilómetros por hora, salvo para os vehículos que transporten mercadorías perigosas, que circularán como máximo a 40 quilómetros por hora.

Estes límites poderán ser rebaixados en travesías especialmente perigosas por acordo da autoridade municipal co titular da vía, e nas vías urbanas, por decisión do órgano competente da corporación municipal.

Nas mesmas condicións, os límites poderán ser ampliados mediante o emprego da correspondente sinalización, nas travesías e nas autoestradas e autovías dentro de poboación, sen exceder en ningún caso os límites xenéricos establecidos para estas vías fóra de poboación. En defecto de sinalización, a velocidade máxima que non deberán exceder os vehículos en autoestradas e autovías dentro de poboación será de 80 quilómetros por hora.

Os autobuses que transporten pasaxeiros de pé con autorización non poderán superar en ningunha circunstancia a velocidade máxima establecida no artigo 48.1.b) para os casos establecidos no parágrafo anterior.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves conforme se prevé no artigo 65.4.c), salvo que teñan a consideración de moi graves, de conformidade co disposto no artigo 65.5.e), ambos do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 51. *Velocidades máximas en adiantamentos.*

1. As velocidades máximas fixadas para as estradas convencionais que non discorran por solo urbano só poderán ser excedidas en 20 quilómetros por hora por turismos e motocicletas cando adianten outros vehículos que circulen a velocidade inferior a aquelas (artigo 19.4 do texto articulado).

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves conforme se prevé no artigo 65.4.c), salvo que teñan a consideración de moi graves, de conformidade co disposto no artigo 65.5.e), ambos do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 52. *Velocidades prevalecentes.*

1. Sobre as velocidades máximas indicadas nos artigos anteriores prevalecerán as que se fixen:

- a) A través dos correspondentes sinais.
- b) A determinados condutores en razón das súas circunstancias persoais.
- c) Ós condutores noveis.
- d) A determinados vehículos ou conxuntos de vehículos polas súas especiais características ou pola natureza da súa carga.

2. Nos supostos comprendidos na alínea b) do punto anterior e no artigo 48.1.c) e d), será obrigatorio levar

na parte posterior do vehículo, visible en todo momento, o sinal de limitación de velocidade a que se refire o artigo 173.

3. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves ou moi graves, segundo corresponda polo exceso de velocidade, conforme se prevé nos artigos 65.4.c) e 65.5.e), ambos do texto articulado.

SECCIÓN 2.^a REDUCCIÓN DE VELOCIDADE E DISTANCIAS ENTRE VEHÍCULOS

Artigo 53. *Reducción de velocidade.*

1. Salvo en caso de inminente perigo, todo conductor, para reducir considerablemente a velocidade do seu vehículo, deberá asegurarse de que pode facelo sen risco para outros conductores e estará obrigado a advertilo previamente do modo previsto no artigo 109, sen que o poida realizar de forma brusca, para que non produza risco de colisión cos vehículos que circulan detrás do seu.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 54. *Distancias entre vehículos.*

1. Todo conductor dun vehículo que circule detrás doutro deberá deixar entre ambos un espazo libre que lle permita deterse, en caso de freada brusca, sen chocar con el, tendo en conta especialmente a velocidade e as condicións de adherencia e freada. Non obstante, permitiráselles ós conductores de bicicletas circular en grupo sen manter tal separación, extremando nesta ocasión a atención, a fin de evitar alcances entre eles (artigo 20.2 do texto articulado).

2. Ademais do disposto no punto anterior, a separación que debe gardar todo conductor de vehículo que circule detrás doutro sen sinala-lo seu propósito de adiantamento deberá ser tal que permita ó que pola súa vez o siga adiantalo con seguridade, excepto se se trata de ciclistas que circulan en grupo. Os vehículos con masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos e os vehículos e conxuntos de vehículos de máis de 10 metros de lonxitude total deberán gardar, para estes efectos, unha separación mínima de 50 metros (artigo 20.3 do texto articulado).

3. O disposto no punto anterior non será de aplicación:

- a) En poboación.
- b) Onde estivese prohibido o adiantamento.
- c) Onde houberse máis dun carril destinado á circulación no seu mesmo sentido.
- d) Cando a circulación estivese tan saturada que non permita o adiantamento (artigo 20.4 do texto articulado).

4. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme o disposto no artigo 65.4.c) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

SECCIÓN 3.^a COMPETICIÓNS

Artigo 55. *Probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.*

1. A celebración de probas deportivas que teñan como obxecto competir en espazo ou tempo polas vías ou terreos obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, así como

a realización de marchas ciclistas ou outros eventos, requirirá autorización previa que será expedida conforme as normas indicadas no anexo II deste regulamento, as cales regularán estas actividades.

2. Prohíbese emprender competicións de velocidade nas vías públicas ou de uso público, salvo que, con carácter excepcional, fosen coutadas para iso pola autoridade competente (artigo 20.5 do texto articulado).

3. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.g) do texto articulado, sen prexuízo das medidas que adopten os axentes encargados da vixilancia do tráfico para suspender, interromper ou disolver as probas deportivas non autorizadas.

CAPÍTULO III

Prioridade de paso

SECCIÓN 1.^a NORMAS DE PRIORIDADE NAS INTERSECCIÓNS

Artigo 56. *Interseccións sinalizadas.*

1. Nas interseccións a preferencia de paso verificarase sempre aténdose á sinalización que a regule (artigo 21.1 do texto articulado).

2. Os conductores de vehículos que se aproximen a unha intersección regulada por un axente da circulación deberán dete-los seus vehículos cando así o orde-ne este mediante os sinais previstos no artigo 143.

3. Todo conductor dun vehículo que se aproxime a unha intersección regulada por semáforos deberá actuar na forma ordenada no artigo 146.

4. Os conductores dos vehículos que se aproximen a unha intersección sinalizada con sinal de intersección con prioridade, ou que circulen por unha vía sinalizada con sinal de calzada con prioridade, previstas nos artigos 149 e 151, terán prioridade de paso sobre os vehículos que circulen por outra vía ou que procedan dela.

5. Nas interseccións de vías sinalizadas con sinal de «ceda o paso» ou «detención obrigatoria ou stop», previstas nos artigos 151 e 169, os conductores cederán sempre o paso ós vehículos que transiten pola vía preferente, calquera que sexa o lado polo que se aproximen, chegando a deter por completo a súa marcha cando sexa preciso e, en todo caso, cando así o indique o sinal correspondente.

6. As infraccións ás normas deste precepto relativas á prioridade de paso terán a consideración de graves, conforme o disposto no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 57. *Interseccións sen sinalizar.*

1. En defecto de sinal que regule a preferencia de paso, o conductor está obrigado a cedelo ós vehículos que se aproximen pola súa dereita, salvo nos seguintes supostos:

a) Terán dereito de preferencia de paso os vehículos que circulen por unha vía pavimentada fronte ós procedentes doutra sen pavimentar.

b) Os vehículos que circulen por raís teñen dereito de prioridade de paso sobre os demais usuarios.

c) Nas rotondas, os que se encontren dentro da vía circular terán preferencia de paso sobre os que pretenden acceder a aquelas (artigo 21.2 do texto articulado).

d) Os vehículos que circulen por unha autoestrada ou autovía terán preferencia de paso sobre os que pretenden acceder a aquela.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 58. Normas xerais.

1. O condutor dun vehículo que teña que cede-lo paso a outro non deberá iniciar ou continua-la súa marcha ou a súa manobra, nin reempredelas, ata se ter asegurado de que con iso non forza o condutor do vehículo que ten a prioridade a modificar bruscamente a traxectoria ou a velocidade deste, e debe mostrar con suficiente antelación, pola súa forma de circular e especialmente coa redución paulatina da velocidade, que efectivamente o vai ceder (artigo 24.1 do texto articulado).

2. En tódolos preceptos deste capítulo que regulan a prioridade de paso deberán terse en conta, se é o caso, as normas previstas no punto anterior.

3. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 59. Interseccións.

1. Aínda cando goce de prioridade de paso, ningún condutor deberá penetrar co seu vehículo nunha intersección ou nun paso para peóns ou para ciclistas se a situación da circulación é tal que, previsiblemente, poida quedar detido de forma que impida ou obstrúa a circulación transversal (artigo 24.2 do texto articulado).

2. Todo condutor que teña detido o seu vehículo nunha intersección regulada por semáforo e a súa situación constitúa obstáculo para a circulación deberá saír daquela sen esperar a que se permita a circulación na dirección que se propón tomar, sempre que ó facelo non entorpezca a marcha dos demais usuarios que avancen no sentido permitido (artigo 24.3 do texto articulado).

3. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

SECCIÓN 2.^a TRAMOS EN OBRAS, ESTREITAMENTOS E TRAMOS DE GRAN PENDENTE

Artigo 60. Tramos en obras e estreitamentos.

1. Nos tramos da vía en que pola súa estreiteza sexa imposible ou moi difícil o paso simultáneo de dous vehículos que circulen en sentido contrario, onde non haxa sinalización expresa para o efecto, terá dereito de preferencia de paso o que entrase primeiro (artigo 22.1 do texto articulado).

En caso de dúbida sobre esta circunstancia, terá a preferencia o vehículo con maiores dificultades de manobra, de acordo co que se determina no artigo 62.

2. Cando nunha vía se estean efectuando obras de reparación, os vehículos, cabalgaduras e toda especie de gando marcharán polo sitio sinalado para o efecto.

3. Sempre que sexa posible efectualo sen perigo nin dano á obra realizada, permitirase o paso polo tramo de vía en reparación ós vehículos de servizos de policía, extinción de incendios, protección civil e salvamento, e de asistencia sanitaria, pública ou privada, que circulen en servizo urxente e os seus condutores o advirtan mediante o uso da correspondente sinalización.

4. En todo caso, calquera vehículo que se acerque a unha obra de reparación da vía e encontre esperando outro chegado con anterioridade e no mesmo sentido, colocarse detrás del, o máis arrimado posible ó bordo da dereita, e non intentará pasar senón seguindo o que ten diante.

5. En tódolos casos previstos neste artigo, os usuarios da vía están obrigados a seguir as indicacións do persoal destinado á regulación do paso de vehículos.

6. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme o disposto no artigo 65.4.c) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 61. Paso de pontes ou obras de paso sinalizado.

1. A orde de preferencia de paso por pontes ou obras de paso a largura das cales non permita o cruzamento de vehículos realizarse conforme o sinalización que o regule.

2. En caso de encontro de dous vehículos que non se poidan cruzar en pontes ou obras de paso nun dos extremos das cales se colocase o sinal de prioridade en sentido contrario ou o de ceda o paso, o que chegue por ese extremo terá que retroceder para deixar paso ó outro.

En ausencia de sinalización, a orde de preferencia entre os distintos tipos de vehículos axustarase ó establecido no artigo 62.

3. Os vehículos que necesitan autorización especial para circular non poderán cruzarse nas pontes se o largo da calzada é inferior a seis metros, de maneira que para cada vehículo se poida contar cun largo de vía non inferior a tres metros. En caso de encontro ou cruzamento entre estes vehículos, aplicarase o disposto no punto anterior.

4. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 62. Orde de preferencia en ausencia de sinalización.

1. Sen prexuízo do que poida ordenalo axente da autoridade ou, se é o caso, indica-lo persoal de obras e o de acompañamento de vehículos especiais ou en réxime de transporte especial, a orde de preferencia entre os distintos tipos de vehículos cando un deles teña que dar marcha atrás é a seguinte:

- a) Vehículos especiais e en réxime de transporte especial que excedan as masas ou dimensións establecidas nas normas reguladoras dos vehículos.
- b) Conxunto de vehículos, excepto os recollidos na alínea d).
- c) Vehículos de tracción animal.
- d) Turismos que arrastran remolques de ata 750 quilogramos de masa máxima autorizada e autocaravanas.
- e) Vehículos destinados ó transporte colectivo de viaxeiros.
- f) Camións, tractocamións e furgóns.
- g) Turismos e vehículos derivados de turismos.
- h) Vehículos especiais que non excedan as masas ou dimensións establecidas nas normas reguladoras dos vehículos, cuadríciclos e cuadríciclos lixeiros.
- i) Vehículos de tres rodas, motocicletas con sidecar e ciclomotores de tres rodas.
- j) Motocicletas, ciclomotores de dúas rodas e bicicletas.

Cando se trate de vehículos do mesmo tipo ou de supostos non enumerados, a preferencia de paso decidirase a favor do que tivese que dar marcha atrás maior distancia e, en caso de igualdade, do que teña maior largura, lonxitude ou masa máxima autorizada.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 63. *Tramos de gran pendente.*

1. Nos tramos de gran pendente en que se dean as circunstancias de estreiteza sinaladas no artigo 60, a preferencia de paso teraa o vehículo que circule en sentido ascendente, agás se este puidese chegar antes a un apartadoiro establecido para o efecto. En caso de dúbida sobre a inclinación da pendente ou a distancia ó apartadoiro, observarase o establecido no artigo 62 (artigo 22.2 do texto articulado).

Enténdense por tramos de gran pendente os que teñen unha inclinación mínima do sete por cento.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

SECCIÓN 3.^a NORMAS DE COMPORTAMENTO DOS CONDUCTORES RESPECTO ÓS CICLISTAS, PEÓNS E ANIMAIS**Artigo 64. *Normas xerais e prioridade de paso de ciclistas.***

Como regra xeral, e sempre que as súas traxectorias se corten, os condutores teñen prioridade de paso para os seus vehículos na calzada e na beiravía, respecto dos peóns e animais, salvo nos casos enumerados nos artigos 65 e 66, en que deberán deixalos pasar, chegando a deterse se for necesario.

Os condutores de bicicletas teñen prioridade de paso respecto ós vehículos de motor:

- a) Cando circulen por un carril bici, paso para ciclistas ou beiravía debidamente sinalizados.
- b) Cando para entrar noutra vía o vehículo de motor xire á dereita ou á esquerda, nos supostos permitidos, e haxa un ciclista nas súas proximidades.
- c) Cando, circulando en grupo, o primeiro iniciase xa o cruzamento ou entrase nunha rotonda.

Nos demais casos serán aplicables as normas xerais sobre prioridade de paso entre vehículos.

Artigo 65. *Prioridade de paso dos condutores sobre os peóns.*

1. Os condutores teñen prioridade de paso para os seus vehículos respecto dos peóns, salvo nos casos seguintes:

- a) Nos pasos para peóns debidamente sinalizados.
- b) Cando vaian xirar co seu vehículo para entrar noutra vía e haxa peóns cruzádoa, aínda que non exista paso para estes.
- c) Cando o vehículo cruce un beiravía pola cal estean circulando peóns que non dispoñan de zona peonil (artigo 23.1 do texto articulado).

2. Nas zonas peonís, cando os vehículos as crucen polos pasos habilitados para o efecto, os condutores teñen a obriga de deixar pasa-los peóns que circulen por elas (artigo 23.2 do texto articulado).

3. Tamén deberán cede-lo paso:

- a) Ós peóns que vaian subir ou baixasen dun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros, nunha parada sinalizada como tal, cando se encontren entre este vehículo e a zona peonil ou refuxio máis próximo.
- b) As tropas en formación, filas escolares ou comitivas organizadas (artigo 23.3 do texto articulado).

4. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 66. *Prioridade de paso dos condutores sobre os animais.*

1. Os condutores teñen prioridade de paso para os seus vehículos, respecto dos animais, salvo nos casos seguintes:

- a) Nas vías pecuarias debidamente sinalizadas.
- b) Cando vaian xirar co seu vehículo para entrar noutra vía e haxa animais cruzádoa, aínda que non exista paso para estes.
- c) Cando o vehículo cruce unha beiravía pola que estean circulando animais que non dispoñan de vía pecuaria (artigo 23.4 do texto articulado).

2. As vías pecuarias ou pasos de gando de carácter xeral sinalizáranse por medio de paneis complementarios coa inscrición "vía pecuaria", que se colocarán debaixo do sinal "paso de animais domésticos", recollida no artigo 149, co seu plano perpendicular á dirección da circulación e ó lado dereito desta de forma facilmente visible para os condutores dos vehículos afectados.

Esto sinalización deberá ser complementada cos correspondentes sinais de limitación de velocidade.

3. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

SECCIÓN 4.^a VEHÍCULOS EN SERVICIOS DE URXENCIA**Artigo 67. *Vehículos prioritarios.***

1. Terán prioridade de paso sobre os demais vehículos e outros usuarios da vía os vehículos de servicios de urxencia, públicos ou privados, cando se encontren en servico de tal carácter. Poderán circular por riba dos límites de velocidade e estarán exentos de cumprir outras normas ou sinais nos casos e coas condicións que se determinan nesta sección (artigo 25 do texto articulado).

2. Os condutores dos vehículos destinados ós referidos servicos farán uso ponderado do seu réxime especial unicamente cando circulen en prestación dun servico urxente e coidarán de non vulnera-la prioridade de paso nas interseccións de vías ou os sinais dos semáforos, sen antes adoptar extremadas precaucións, ata se aseguraren de que non existe risco de atropelo de peóns e de que os condutores doutros vehículos detiveron a súa marcha ou se dispoñen a facilita-la súa.

3. A instalación de aparellos emisores de luces e sinais acústicos especiais en vehículos prioritarios requirirá autorización da Xefatura Provincial de Tráfico correspondente, de conformidade co disposto nas normas reguladoras dos vehículos.

Artigo 68. *Facultades dos condutores dos vehículos prioritarios.*

1. Os condutores dos vehículos prioritarios deberán observa-los preceptos deste regulamento, aínda que, coa condición de se teren asegurado de que non poñen en perigo ningún usuario da vía, poderán deixar de cumprir baixo a súa exclusiva responsabilidade as normas dos títulos II, III e IV, salvo as ordes e sinais dos axentes, que son sempre de obrigado cumprimento.

Os condutores destes vehículos poderán igualmente, con carácter excepcional, cando circulen por autoestrada ou autovía en servico urxente e non comprometan a seguridade de ningún usuario, dar media volta ou marcha atrás, circular en sentido contrario ó correspondente á calzada, sempre que o fagan pola beiravía, ou penetrar na mediana ou nos pasos transversais desta.

Os axentes da autoridade responsable da vixilancia, regulación e control do tráfico poderán utilizar ou

situa-los seus vehículos na parte da vía que resulte necesaria cando presten auxilio ós usuarios desta ou o requiran as necesidades do servizo ou da circulación. Así mesmo, determinarán en cada caso concreto os lugares onde se deben sitúa-los vehículos de servizos de urxencia ou doutros servizos especiais.

2. Terán o carácter de prioritarios os vehículos dos servizos de policía, extinción de incendios, protección civil e salvamento, e de asistencia sanitaria, pública ou privada, que circulen en servizo urxente e os condutores dos cales advirtan da súa presenza mediante a utilización simultánea do sinal luminoso, a que se refire o artigo 173, e do aparello emisor de sinais acústicos especiais, a que se refiren as normas reguladoras dos vehículos.

Por excepción do disposto no parágrafo anterior, os condutores dos vehículos prioritarios deberán utiliza-lo sinal luminoso illadamente cando a omisión dos sinais acústicos especiais non entrañe ningún perigo para os demais usuarios.

3. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 69. *Comportamento dos demais condutores respecto dos vehículos prioritarios.*

Tan pronto perciban os sinais especiais que anuncien a proximidade dun vehículo prioritario, os demais condutores adoptarán as medidas adecuadas, segundo as circunstancias do momento e lugar, para facilitarlle o paso, apartándose normalmente á súa dereita ou deténdose se for preciso.

Cando un vehículo de policía que manifesta a súa presenza segundo o disposto no artigo 68.2 se sitúa detrás de calquera outro vehículo e activa ademais un dispositivo de emisión de luz amarela cara a diante de forma intermitente ou escintilante, o condutor daquel vehículo deberá detelo coas debidas precaucións no lado dereito, diante do vehículo policial, nun lugar onde non xere maiores riscos ou molestias para o resto dos usuarios, e permanecerá no seu interior. En todo momento o condutor axustará o seu comportamento ás instrucións que imparta o axente a través da megafonía ou por calquera outro medio que poida ser percibido claramente por aquel.

Artigo 70. *Vehículos non prioritarios en servizo de urxencia.*

1. Se, como consecuencia de circunstancias especialmente graves, o condutor dun vehículo non prioritario se vise forzado, sen poder recorrer a outro medio, a efectuar un servizo dos normalmente reservados ós prioritarios, procurará que os demais usuarios advirtan a especial situación en que circula, utilizando para iso o avisador acústico en forma intermitente e conectando a luz de emerxencia, se se dispuxer dela, ou axitando un pano ou procedemento similar.

2. Os condutores a que se refire o punto anterior deberán respecta-las normas de circulación, sobre todo nas interseccións, e os demais usuarios da vía darán cumprimento ó disposto no artigo 69.

3. En calquera momento, os axentes da autoridade poderán esixir a xustificación das circunstancias a que se alude no punto 1.

4. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

CAPÍTULO IV

Vehículos e transportes especiais

Artigo 71. *Normas de circulación e sinalización.*

1. As normas de circulación serán as establecidas no anexo III deste regulamento, ademais das xerais que lles sexan de aplicación.

Os vehículos especiais só poden utiliza-las vías obxecto da lexislación de tráfico para desprazárense, non podendo realiza-las tarefas para que estean destinados en función das súas características técnicas, con excepción dos que realicen traballo de construción, reparación ou conservación das vías exclusivamente nas zonas onde se leven a cabo estes traballos e dos especificamente destinados a remolcar vehículos accidentados, avariados ou mal estacionados. Tampouco poderán circula-los vehículos especiais transportando carga ningunha, salvo os especificamente destinados a prestar servizos de transporte especial, para o cal se deberán obter da oportuna autorización.

Os condutores de vehículos especiais e, excepcionalmente, dos que non o sexan, empregados para traballos de construción, reparación ou conservación de vías, non están obrigados á observancia das normas de circulación, sempre que se encontren realizando estes traballos na zona onde se leven a cabo, tomen as precaucións necesarias e a circulación sexa convenientemente regulada.

2. Durante os traballos, os condutores de vehículos destinados a obras ou servizos utilizarán o sinal luminoso V-2 a que se refire o artigo 173.2:

a) Cando interrompan ou obstaculicen a circulación, unicamente para indicaren a súa situación ós demais usuarios, se se trata de vehículos especificamente destinados a remolca-los accidentados, avariados ou mal estacionados.

b) Cando traballen en operacións de limpeza, conservación, sinalización ou, en xeral, de reparación das vías, unicamente para indicaren a súa situación ós demais usuarios, se esta pode supor un perigo para estes; os vehículos especiais destinados a estes fins, se se trata dunha autoestrada ou autovía, tamén, desde a súa entrada nela ata chegaren ó lugar onde se realicen os citados traballos.

3. Durante a circulación, os condutores de vehículos especiais ou en réxime de transporte especial deberán utiliza-lo referido sinal luminoso tanto de día como de noite, sempre que circulen por vías de uso público a unha velocidade que non supere os 40 km/h. En caso de avaría deste sinal, deberase utiliza-la luz de cruzamento xunto coas luces indicadoras de dirección con sinal de emerxencia.

4. As infraccións ás normas deste precepto en canto á obriga de levar instalado no vehículo a sinalización luminosa serán sancionadas de acordo co disposto no artigo 67.2 do texto articulado.

CAPÍTULO V

Incorporación á circulación

Artigo 72. *Obrigas dos condutores que se incorporen á circulación.*

1. O condutor dun vehículo parado ou estacionado nunha vía ou procedente das vías de acceso a esta, das súas zonas de servizo ou dunha propiedade estremeira, que pretenda incorporarse á circulación, deberá asegurarse previamente, incluso seguindo as indicacións doutra persoa en caso necesario, de que pode facelo

sen perigo para os demais usuarios, cedendo o paso a outros vehículos e tendo en conta a posición, traxectoria e velocidade destes, e advertirao cos sinais obrigatorios para estes casos. Se a vía a que se accede está dotada dun carril de aceleración, o conductor que se incorpora a aquela procurará facelo con velocidade adecuada á vía (artigo 26 do texto articulado).

2. Sempre que un conductor saia a unha vía de uso público por un camiño exclusivamente privado, débese asegurar previamente de que pode facelo sen perigo para ninguén e efectualo a unha velocidade que lle permita deterse no acto, cedendo o paso ós vehículos que circulen por aquela, calquera que sexa o sentido en que o fagan.

3. O conductor que se incorpore á circulación advertirá ópticamente a manobra na forma prevista no artigo 109.

4. En vías dotadas dun carril de aceleración, o conductor dun vehículo que pretenda utilizalo para incorporarse á calzada deberase asegurar, ó principio deste carril, de que pode facelo sen perigo para os demais usuarios que transiten por esa calzada, tendo en conta a posición, traxectoria e velocidade destes, e mesmo deténdose, en caso necesario. A seguir, acelerará ata alcanza-la velocidade adecuada ó final do carril de aceleración para se incorporar á circulación da calzada.

5. Os supostos de incorporación á circulación sen ceder o paso a outros vehículos terán a consideración de infraccións graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 73. *Obriga dos demais conductores de facilita-la manobra.*

1. Con independencia da obriga dos conductores dos vehículos que se incorporen á circulación de cumprir as prescricións do artigo anterior, os demais conductores facilitarán, na medida do posible, esta manobra, especialmente se se trata dun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros que se pretende incorporar á circulación desde unha parada sinalizada (artigo 27 do texto articulado).

2. Nas poboacións, co fin de facilita-la circulación dos vehículos de transporte colectivo de viaxeiros, os conductores dos demais vehículos deberanse desprazar lateralmente, sempre que for posible, ou reduci-la súa velocidade, dando cumprimento ó disposto no artigo 53, chegando a deterse, se for preciso, para que os vehículos de transporte colectivo poidan efectua-la manobra necesaria para proseguiren a súa marcha á saída das paradas sinalizadas como tales.

3. O disposto no punto anterior non modifica a obriga que teñen os conductores de vehículos de transporte colectivo de viaxeiros de adoptaren as precaucións necesarias para evitar todo risco de accidente, despois de teren anunciado por medio dos seus indicadores de dirección o seu propósito de reinicia-la marcha.

CAPÍTULO VI

Cambios de dirección e de sentido, e marcha atrás

SECCIÓN 1.^a CAMBIOS DE VÍA, CALZADA E CARRIL

Artigo 74. *Normas xerais.*

1. O conductor dun vehículo que pretenda xirar á dereita ou á esquerda para utilizar vía distinta daquela por que circula, para tomar outra calzada da mesma vía ou para saír dela, deberá advertilo previamente e con suficiente antelación ós conductores dos vehículos que circulan detrás do seu e asegurarse de que a velocidade e a distancia dos vehículos que se acerquen en

sentido contrario lle permiten efectua-la manobra sen perigo, absténdose de realizala de non se daren estas circunstancias. Tamén se deberá abster de realiza-la manobra cando se trate dun cambio de dirección á esquerda e non exista visibilidade suficiente (artigo 28.1 do texto articulado).

2. Toda manobra de desprazamento lateral que implique cambio de carril deberá levarse a efecto respectando a prioridade do que circule polo carril que se pretende ocupar (artigo 28.2 do texto articulado).

3. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 75. *Execución da manobra de cambio de dirección.*

1. Para efectua-la manobra, o conductor:

a) Advertirá o seu propósito na forma prevista no artigo 109.

b) Salvo que a vía estea acondicionada ou sinalizada para realizala doutra maneira, cinguirase todo o posible ó bordo dereito da calzada, se o cambio de dirección é á dereita, e ó bordo esquerdo, se é á esquerda e a calzada é dun só sentido. Se é á esquerda, pero a calzada pola que circula é de dobre sentido da circulación, cinguirase á marca lonxitudinal de separación entre sentidos ou, se esta non existise, ó eixe da calzada, sen invadi-la zona destinada ó sentido contrario; cando a calzada sexa de dobre sentido de circulación e tres carrís, separados por liñas lonxitudinais descontinuas, deberá colocarse no carril central. En calquera caso, a colocación do vehículo no lugar adecuado efectuarase coa necesaria antelación e a manobra no menor espazo e tempo posibles.

c) Se o cambio de dirección é á esquerda, deixará á esquerda o centro da intersección, a non ser que esta estea acondicionada ou sinalizada para deixalo á súa dereita.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 76. *Supostos especiais.*

1. Por excepción, se, polas dimensións do vehículo ou por outras circunstancias que o xustificasen, non fose posible realiza-lo cambio de dirección con estricte suxeición ó disposto no artigo anterior, o conductor deberá adopta-las precaucións necesarias para evitar todo perigo ó levealo a cabo.

2. En vías interurbanas, os ciclos e ciclomotores de dúas rodas, se non existe un carril especialmente acondicionado para o xiro á esquerda, deberanse situar á dereita, fóra da calzada sempre que sexa posible, e inicialo desde ese lugar.

3. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 77. *Carril de deceleración.*

Para abandonar unha autoestrada, autovía ou calquera outra vía, os conductores deberán circular con suficiente antelación polo carril máis próximo á saída e penetrar o antes posible no carril de deceleración, se existe.

SECCIÓN 2.^a CAMBIO DE SENTIDO

Artigo 78. *Execución da manobra.*

1. O conductor dun vehículo que pretenda inverte-lo sentido da súa marcha deberá elixir un lugar adecuado

para efectua-la manobra, de forma que se intercepte a vía o menor tempo posible, adverti-lo seu propósito cos sinais preceptivos coa antelación suficiente e asegurarse de que non vai pór en perigo ou obstaculizar outros usuarios da vía. En caso contrario, deberá absterse de realizar esa manobra e espera-lo momento oportuno para efectuala. Cando a súa permanencia na calzada, mentres espera para efectua-la manobra de cambio de sentido, impida continua-la marcha dos vehículos que circulan detrás do seu, deberá saír dela polo seu lado dereito, se for posible, ata que as condicións da circulación lle permitan efectualo (artigo 29 do texto articulado).

2. Os sinais con que o conductor do vehículo debe adverti-lo seu propósito de inverte-lo sentido da súa marcha son os previstos no artigo 109.

3. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 79. *Prohibicións.*

1. Prohíbese efectua-lo cambio de sentido en toda situación que impida comproba-las circunstancias a que alude o artigo anterior, nos pasos a nivel, nos túneles, pasos inferiores e tramos de vía afectados polo sinal «Túnel» (S-5), así como nas autoestradas e autovías, salvo nos lugares habilitados para o efecto e, en xeral, en tódolos tramos da vía en que estea prohibido o adiantamento, agás que o cambio de sentido estea expresamente autorizado (artigo 30 do texto articulado).

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

SECCIÓN 3.^a MARCHA CARA A ATRÁS

Artigo 80. *Normas xerais.*

1. Prohíbese circular cara a atrás, salvo nos casos en que non sexa posible marchar cara a adiante nin cambiar de dirección ou sentido de marcha, e nas manobras complementarias doutra que a esixa, e sempre co percorrido mínimo indispensable para efectuala (artigo 31.1 do texto articulado).

2. O percorrido cara a atrás, como manobra complementaria da parada, o estacionamento ou a incorporación á circulación, non poderá ser superior a 15 metros nin invadir un cruzamento de vías.

3. Prohíbese a manobra de marcha atrás en autovías e autoestradas (artigo 31.3 do texto articulado).

4. As infraccións ás normas deste precepto, cando constitúan un suposto de circulación en sentido contrario ó estipulado, terán a consideración de moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.f) do texto articulado.

Artigo 81. *Execución da manobra.*

1. A manobra de marcha cara a atrás deberase efectuar lentamente, despois de telo advertido cos sinais preceptivos e de se ter asegurado, mesmo apeándose ou seguindo as indicacións doutra persoa, se for necesario, de que, polas circunstancias de visibilidade, espazo e tempo necesarios para efectuala, non vai constituír perigo para os demais usuarios da vía (artigo 31.2 do texto articulado).

2. O conductor dun vehículo que pretenda dar marcha cara a atrás deberá adverti-lo seu propósito na forma prevista no artigo 109.

3. Igualmente, deberá efectua-la manobra coa máxima precaución e deterá o vehículo con toda rapidez se oíse avisos indicadores ou se apercebise da proximidade doutro vehículo ou dunha persoa ou animal, ou tan pronto o esixa a seguridade, desistindo da manobra se for preciso.

CAPÍTULO VII

Adiantamento

SECCIÓN 1.^a ADIANTAMENTO E CIRCULACIÓN PARALELA

Artigo 82. *Adiantamento pola esquerda. Excepcións.*

1. En tódalas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, como norma xeral, o adiantamento deberase efectuar pola esquerda do vehículo que se pretende adiantar (artigo 32.1 do texto articulado).

2. Por excepción, e se existe espazo suficiente para iso, o adiantamento efectuarase pola dereita e adoptando as máximas precaucións, cando o conductor do vehículo que se pretenda adiantar estea indicando claramente o seu propósito de cambiar de dirección á esquerda ou parar nese lado, así como, nas vías con circulación en ámbolos sentidos, ós tranvías que marchen pola zona central (artigo 32.2 do texto articulado).

3. Dentro das poboacións, nas calzadas que teñan, polo menos, dous carrís reservados á circulación no mesmo sentido de marcha, delimitados por marcas lonxitudinais, permítese o adiantamento pola dereita a condición de que o conductor do vehículo que o efectúe se asegure previamente de que pode facelo sen perigo para os demais usuarios.

4. En tódolos casos en que o adiantamento implique un desprazamento lateral, deberá advertirse a manobra mediante o correspondente sinal óptico a que se refire o artigo 109.

5. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 83. *Adiantamento en calzadas de varios carrís.*

1. Nas calzadas que teñan, polo menos, dous carrís reservados á circulación no sentido da súa marcha, o conductor que vaia efectuar un novo adiantamento poderá permanecer no carril que utilizase para o anterior, a condición de asegurarse de que o pode facer sen molestia indebida para os conductores de vehículos que circulen detrás do seu máis velozmente.

2. Cando a densidade da circulación sexa tal que os vehículos ocupen toda a largura da calzada e só poidan circular a unha velocidade que dependa da do que os precede no seu carril, o feito de que os dun carril circulen máis rapidamente que os doutro non será considerado como un adiantamento.

Nesta situación, ningún conductor deberá cambiar de carril para adiantar nin para efectuar calquera outra manobra que non sexa prepararse a xirar á dereita ou á esquerda, saír da calzada ou tomar determinada dirección.

3. En todo tramo de vía en que existan carrís de aceleración ou deceleración ou carrís ou partes da vía destinadas exclusivamente ó tráfico de determinados vehículos, tampouco se considerará adiantamento o feito de que se avance máis rapidamente por aqueles que polos normais de circulación, ou viceversa.

4. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

SECCIÓN 2.^a NORMAS XERAIS DO ADIANTAMENTOArtigo 84. *Obrigas do que adianta antes de inicia-la manobra.*

1. Antes de iniciar un adiantamento que requira desprazamento lateral, o conductor que se propoña adiantar deberá advertilo con suficiente antelación cos sinais preceptivos e comprobar que no carril que pretende utilizar para o adiantamento existe espazo libre suficiente para que a manobra non poña en perigo nin entorpeza os que circulan en sentido contrario, tendo en conta a velocidade propia e a dos demais usuarios afectados. En caso contrario, deberase abster de efectualo (artigo 33.1 do texto articulado).

Ningún conductor deberá adiantar varios vehículos se non ten a total seguridade de que, ó presentarse outro en sentido contrario, se pode desviar cara ó lado dereito sen causar prexuízos ou pór en situación de perigo algún dos vehículos adiantados.

En calzadas con dobre sentido de circulación e tres carrís separados por marcas lonxitudinais descontinuas, o adiantamento soamente se poderá efectuar cando os conductores que circulan en sentido contrario non ocupasen o carril central para efectuaren un adiantamento pola súa vez.

2. Tamén se deberá asegurar de que o conductor do vehículo que o precede no mesmo carril non indicou o seu propósito de desprazamento cara ó mesmo lado; en tal caso, deberá respecta-la preferencia que o asiste. Non obstante, se despois dun tempo prudencial o conductor do citado vehículo non exercese o seu dereito prioritario, poderase inicia-la manobra de adiantamento, advertíndollo previamente con sinal acústico ou óptico (artigo 33.2 do texto articulado).

Prohíbese, en todo caso, adianta-los vehículos que xa estean adiantando outro se o conductor do terceiro vehículo, para efectuar esa manobra, ten que invadi-la parte da calzada reservada á circulación en sentido contrario.

3. Así mesmo, deberase asegurar de que ningún conductor que o siga polo mesmo carril iniciou a manobra de adianta-lo seu vehículo, e de que dispón de espazo suficiente para reintegrarse ó seu carril cando termine o adiantamento (artigo 33.3 do texto articulado).

4. Os sinais preceptivos que o conductor deberá utilizar antes de inicia-lo seu desprazamento lateral serán os prescritos no artigo 109.

5. Para os efectos deste artigo, non se consideran adiantamentos os producidos entre ciclistas que circulan en grupo (artigo 33.4 do texto articulado).

6. As infraccións ás normas deste artigo terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

SECCIÓN 3.^a EXECUCIÓN DO ADIANTAMENTOArtigo 85. *Obrigas do que adianta durante a execución da manobra.*

1. Durante a execución do adiantamento, o conductor que o efectúe deberá leva-lo seu vehículo a unha velocidade notoriamente superior á do que pretende adiantar e deixar entre ambos unha separación lateral suficiente para realizalo con seguridade (artigo 34.1 do texto articulado).

2. Se despois de inicia-la manobra de adiantamento advértese que se producen circunstancias que poidan facer difícil a súa finalización sen provocar riscos, reducirá rapidamente a súa marcha, regresará de novo ó seu carril e advertirallo ós que o seguen cos sinais preceptivos (artigo 34.2 do texto articulado).

3. O conductor do vehículo que efectuou o adiantamento deberá reintegrarse ó seu carril tan pronto como lle sexa posible e de modo gradual, sen obrigar outros usuarios a modificaren a súa traxectoria ou velocidade, e advertilo a través dos sinais preceptivos (artigo 34.3 do texto articulado).

4. Cando se adiante fóra de poboación peóns, animais ou vehículos de dúas rodas ou de tracción animal, deberase realiza-la manobra ocupando parte ou a totalidade do carril contiguo da calzada, sempre e cando existan as condicións precisas para realiza-lo adiantamento nas condicións previstas neste regulamento; en todo caso, a separación lateral non será inferior a 1,50 metros. Queda expresamente prohibido adiantar pondo en perigo ou entorpecendo ciclistas que circulan en sentido contrario.

Cando o adiantamento se efectúe a calquera outro vehículo distinto dos aludidos no parágrafo anterior, ou teña lugar en poboación, o conductor do vehículo que ten que adiantar deixará unha marxe lateral de seguridade proporcional á velocidade e á largura e características da calzada.

5. O conductor dun vehículo de dúas rodas que pretenda adiantar fóra de poboación outro calquera farao de forma que entre aquel e as partes máis saíntes do vehículo que adianta quede un espazo non inferior a 1,50 metros.

6. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

SECCIÓN 4.^a VEHÍCULO ADIANTADOArtigo 86. *Obrigas do seu conductor.*

1. O conductor que advirta que outro que o segue ten o propósito de adianta-lo seu vehículo estará obrigado a cingirse ó bordo dereito da calzada, salvo nos supostos de xiros ou cambios de dirección á esquerda ou de parada nese mesmo lado a que se refire o artigo 82.2, en que deberá cingirse á esquerda todo o posible, pero sen interferi-la marcha dos vehículos que poidan circular en sentido contrario (artigo 35.1 do texto articulado).

Non caso de que non sexa posible cingirse por completo ó bordo dereito da calzada e, sen embargo, o adiantamento poida efectuarse con seguridade, o conductor de calquera dos vehículos a que se refire o número 3 que vaia ser adiantado indicará a posibilidade diso ó que se acerque, estendendo o brazo horizontalmente e movéndoo repetidas veces de atrás a adiante, co dorso da man cara a atrás, ou pondo en funcionamento o intermitente dereito, cando non crea conveniente face-lo sinal co brazo.

2. Prohíbese ó conductor do vehículo que vai ser adiantado aumenta-la velocidade ou efectuar manobras que impidan ou dificulten o adiantamento.

Tamén estará obrigado a diminuí-la velocidade do seu vehículo cando, unha vez iniciada a manobra de adiantamento, se produza algunha situación que entrañe perigo para o seu propio vehículo, para o vehículo que a está efectuando, para os que circulan en sentido contrario ou para calquera outro usuario da vía (artigo 35.2 do texto articulado).

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o que adianta der mostras inequívocas de desistir da manobra reducindo a súa velocidade, o conductor do vehículo que se pretende adiantar non estará obrigado a diminuí-la súa, se con iso pon en perigo a seguridade da circulación, aínda que si estará obrigado a facilitarlle ó conductor que adianta a volta ó seu carril.

3. Os conductores de vehículos pesados, de grandes dimensións ou obrigados a respectar un límite espe-

cífico de velocidade deberán ben minora-la marcha ben apartarse canto antes á beiravía, se resulta practicable, para deixar paso ós que o seguen, cando a densidade da circulación en sentido contrario, a largura insuficiente da calzada, o seu perfil ou estado non permitan que sexan adelantados con facilidade e sen perigo.

4. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

SECCIÓN 5.^a MANOBRAS DE ADIANTAMENTO QUE ATENTAN Á SEGURIDADE VIAL

Artigo 87. *Prohibicións.*

1. Queda prohibido adiantar:

a) Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida e, en xeral, en todo lugar ou circunstancia en que a visibilidade dispoñible non sexa suficiente para poder efectua-la manobra ou desistir dela unha vez iniciada, a non ser que os dous sentidos da circulación estean claramente delimitados e a manobra se poida efectuar sen invadi-la zona reservada ó sentido contrario (artigo 36.1 do texto articulado).

De conformidade co disposto no parágrafo anterior, prohíbese, en concreto, o adiantamento detrás dun vehículo que realiza a mesma manobra, cando as dimensións do vehículo que a efectúa en primeiro lugar impide a visibilidade da parte dianteira da vía ó conductor do vehículo que o segue.

b) Nos pasos para peóns sinalizados como tales, nas interseccións con vías para ciclistas, nos pasos a nivel e nas súas proximidades (artigo 36.2 do texto articulado).

Non obstante, esta prohibición non será aplicable cando o adiantamento se realice a vehículos de dúas rodas que polas súas reducidas dimensións non impidan a visibilidade lateral, nun paso a nivel ou nas súas proximidades, logo dos oportunos sinais acústicos ou ópticos. Tampouco será aplicable esta prohibición nun paso para peóns sinalizado cando o adiantamento de calquera vehículo se realice a unha velocidade o suficientemente reducida que permita deterse a tempo se xurdise perigo de atropelo.

c) Nas interseccións e nas súas proximidades, agás cando:

1.º Se trate dunha praza de circulación xiratoria ou rotonda.

2.º O adiantamento se deba efectuar pola dereita, segundo o previsto no artigo 82.2.

3.º A calzada en que se realice goce de prioridade na intersección e haxa sinal expreso que o indique.

4.º O adiantamento se realice a vehículos de dúas rodas (artigo 36.3 do texto articulado).

d) Nos túneles, pasos inferiores e tramos de vía afectados polo sinal "Túnel" (S-5) nos que só se dispoña dun carril para o sentido de circulación do vehículo que pretende adiantar.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

SECCIÓN 6.^a SUPPOSTOS EXCEPCIONAIS DE OCUPACIÓN DO SENTIDO CONTRARIO

Artigo 88. *Vehículos inmovilizados.*

1. Cando nun tramo de vía en que estea prohibido o adiantamento se encontre inmovilizado un vehículo que, en todo ou en parte, ocupe a calzada no carril do

sentido da marcha, salvo que a inmovilización veña imposta polas necesidades do tráfico, poderá ser excepcionado, aínda que para iso haxa que ocupa-la parte da calzada reservada ó sentido contrario, despois de se asegurarse de que se pode realiza-la manobra sen perigo. Con idénticos requisitos poderase adiantar conductores de bicicletas, ciclos, ciclomotores, peóns, animais e vehículos de tracción animal, cando pola velocidade a que circulen poidan ser adelantados sen risco para eles nin para a circulación en xeral.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.c) do texto articulado.

Artigo 89. *Obstáculos.*

1. Igualmente, nas circunstancias sinaladas no artigo anterior, todo vehículo que encontre calquera obstáculo no seu camiño que o obrigue a ocupa-lo espacio dispoñible para o sentido contrario da súa marcha poderá pasalo, sempre que se asegurase de que pode efectualo sen perigo. A mesma precaución observarase cando o obstáculo ou o vehículo inmovilizado se encontren nun tramo de vía en que estea permitido o adiantamento.

2. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.d) do texto articulado.

CAPÍTULO VIII

Parada e estacionamento

SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS DE PARADAS E ESTACIONAMENTOS

Artigo 90. *Lugares en que se deben efectuar.*

1. A parada ou o estacionamento dun vehículo en vías interurbanas deberase efectuar sempre fóra da calzada, no lado dereito desta e deixando libre a parte transitable da beiravía (artigo 38.1 do texto articulado).

Cando por razóns de emerxencia non sexa posible situa-lo vehículo fóra da calzada e da parte transitable da beiravía, observarase as normas contidas nos artigos seguintes deste capítulo e as previstas no artigo 130, en canto sexan aplicables.

2. Cando en vías urbanas se teña que realizar na calzada ou na beiravía, situará o vehículo o máis cerca posible do seu bordo dereito, salvo nas vías de único sentido, en que se poderá situar tamén no lado esquerdo (artigo 38.2 do texto articulado).

Debe, así mesmo, observarse o disposto para o efecto nas ordenanzas que dicten as autoridades municipais de acordo co establecido no artigo 93.

Artigo 91. *Modo e forma de execución.*

1. A parada e o estacionamento deberanse efectuar de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do vehículo e evitar que se poida pór en movemento en ausencia do conductor (artigo 38.3 do texto articulado).

2. Considéranse paradas ou estacionamento en lugares perigosos ou que obstaculizan gravemente a circulación os que constitúan un risco ou obstáculo á circulación nos seguintes supostos:

a) Cando a distancia entre o vehículo e o bordo oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros ou, en calquera caso, cando non permita o paso doutros vehículos.

b) Cando se impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.

c) Cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente.

d) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaxados para diminuídos físicos.

e) Cando se efectúe nas medianas, separadores, illas ou outros elementos de canalización do tráfico.

f) Cando se impida o xiro autorizado polo sinal correspondente.

g) Cando o estacionamento teña lugar nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización.

h) Cando o estacionamento se efectúe en dobre fila sen conductor.

i) Cando o estacionamento se efectúe nunha parada de transporte público, sinalizada e delimitada.

j) Cando o estacionamento se efectúe en espazos expresamente reservados a servicios de urxencia e seguridade.

k) Cando o estacionamento se efectúe en espazos prohibidos en vía pública cualificada de atención preferente, especificamente sinalizados.

l) Cando o estacionamento se efectúe en medio da calzada.

m) As paradas ou estacionamentos que, sen estaren incluídos nos parágrafos anteriores, constitúan un perigo ou obstaculicen gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais.

3. Os supostos de paradas ou estacionamentos en lugares perigosos ou que obstaculicen gravemente a circulación teñen a consideración de infraccións graves, conforme se prevé no artigo 65.4.d) do texto articulado.

Artigo 92. *Colocación do vehículo.*

1. A parada e o estacionamento realizaranse situando o vehículo paralelamente ó bordo da calzada. Por excepción, permitirase outra colocación cando as características da vía ou outras circunstancias así o aconsellen.

2. Todo conductor que pare ou estacione o seu vehículo deberá facelo de forma que permita a mellor utilización do restante espazo dispoñible.

3. Cando se trate dun vehículo de motor ou ciclomotor e o conductor teña que deixa-lo seu posto, deberá observar, ademais, en canto lle fosen de aplicación, as seguintes regras:

a) Para-lo motor e desconecta-lo sistema de arrincada e, se se afastase do vehículo, adopta-las precaucións necesarias para impedi-lo seu uso sen autorización.

b) Deixar accionado o freo de estacionamento.

c) Nun vehículo provisto de caixa de cambios, deixar colocada a primeira velocidade, en pendente ascendente, e a marcha cara a atrás, en descendente, ou, se é o caso, a posición de estacionamento.

d) Cando se trate dun vehículo de máis de 3.500 quilogramos de masa máxima autorizada, dun autobús ou dun conxunto de vehículos e a parada ou o estacionamento se realice nun lugar cunha sensible pendente, o seu conductor deberá, ademais, deixalo debidamente calzado, ben sexa por medio da colocación de calzos, sen que poidan empregar para tales fins elementos como pedras ou outros non destinados de modo expreso á dita función, ben por apoio dunha das rodas directrices no bordo da beirarrúa, inclinando aquelas cara ó centro da calzada nas costas ascendentes, e cara a fóra nas costas descendentes. Os calzos, unha vez utilizados, deberán ser retirados das vías ó reinicia-la marcha.

Artigo 93. *Ordenanzas municipais.*

1. O réxime de parada e estacionamento en vías urbanas regularase por ordenanza municipal, e poderanse adoptar as medidas necesarias para evita-lo entorpecemento do tráfico, entre elas limitacións horarias de duración do estacionamento, así como as medidas correctoras precisas, incluída a retirada do vehículo ou a súa inmovilización cando non se encontre provisto de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan da autorización concedida ata que se logre a identificación do conductor (artigo 38.4 do texto articulado).

2. En ningún caso poderán as ordenanzas municipais oporse, alterar, desvirtuar ou inducir a confusión cos preceptos deste regulamento.

SECCIÓN 2.^a NORMAS ESPECIAIS DE PARADAS E ESTACIONAMENTOS

Artigo 94. *Lugares prohibidos.*

1. Queda prohibido parar:

a) Nas curvas e cambios de rasante de visibilidade reducida, nas súas proximidades e nos túneles, pasos inferiores e tramos de vías afectados polo sinal «Túnel».

b) En pasos a nivel, pasos para ciclistas e pasos para peóns.

c) Nos carrís ou parte das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servicio de determinados usuarios.

d) Nas interseccións e nas súas proximidades se se dificulta o xiro a outros vehículos, ou en vías interurbanas, se se xera perigo por falta de visibilidade.

e) Sobre os raís de tranvías ou tan cerca deles que se poida entorpece-la súa circulación.

f) Nos lugares onde se impida a visibilidade da sinalización ós usuarios ós que lles afecte ou obrigue a facer manobras.

g) En autoestradas e autovías, salvo nas zonas habilitadas para iso.

h) Nos carrís destinados ó uso exclusivo do transporte público urbano ou nos reservados para as bicicletas.

i) Nas zonas destinadas para estacionamento e parada de uso exclusivo para o transporte público urbano.

j) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de minusválidos e pasos para peóns (artigo 39.1 do texto articulado).

2. Queda prohibido estacionar nos seguintes casos:

a) En tódolos descritos no punto anterior en que está prohibida a parada.

b) Nos lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria sen coloca-lo distintivo que o autoriza ou cando, colocado o distintivo, se manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola ordenanza municipal.

c) En zonas sinalizadas para carga e descarga.

d) En zonas sinalizadas para uso exclusivo de minusválidos.

e) Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ó paso de peóns.

f) Diante dos vaos sinalizados correctamente.

g) En dobre fila (artigo 39.2 do texto articulado).

3. As paradas ou estacionamentos nos lugares enumerados nas alíneas a), d), e), f), g) e i) do número 1, nos pasos a nivel e nos carrís destinados ó uso do transporte público urbano terán a consideración de infraccións graves, conforme se prevé no artigo 65.4.d) do texto articulado.

CAPÍTULO IX

Cruzamento de pasos a nivel, pontes móbiles e túnelesSECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS SOBRE PASOS A NIVEL, PONTES MÓBILES E TÚNELESArtigo 95. *Obrigas dos usuarios e titulares das vías.*

1. Tódolos condutores deben extrema-la prudencia e reduci-la velocidade por debaixo da máxima permitida ó aproximárense a un paso a nivel ou a unha ponte móbil (artigo 40.1 do texto articulado).

2. Os usuarios que ó chegaren a un paso a nivel ou a unha ponte móbil os encontren pechados ou coa barreira ou semibarreira en movemento deberán deterse un detrás do outro no carril correspondente ata teren paso libre (artigo 40.2 do texto articulado).

3. O cruzamento da vía férrea deberase realizar sen demora e despois de asegurarse de que, polas circunstancias da circulación ou por outras causas, non existe risco de quedar inmovilizado dentro do paso (artigo 40.3 do texto articulado).

4. Os pasos a nivel e pontes móbiles estarán debidamente sinalizados polo titular da vía, do modo previsto nos artigos 144, 146 e 149.

5. Os túneles de calquera lonxitude e os pasos inferiores cunha lonxitude superior a 200 metros estarán debidamente sinalizados.

6. Nos túneles ou pasos inferiores, o condutor deberá aplicar rigorosamente tódalas normas de circulación relativas a eles contidas neste regulamento e especialmente as referidas á prohibición de parar, estacionar, cambia-lo sentido da marcha, marchar cara a atrás e adiantar. Ademais, deberá utiliza-la iluminación correspondente.

Cando non se pretenda adiantar, deberase manter en todo momento unha distancia de seguridade co vehículo precedente de, polo menos, 100 metros ou un intervalo mínimo de catro segundos. No caso de vehículos cunha masa máxima autorizada superior a 3.500 quilogramos, a distancia de seguridade que deberá gardar co vehículo precedente será de, polo menos, 150 metros ou un intervalo mínimo de seguridade de seis segundos.

Nos túneles ou pasos inferiores con circulación en ámbolos sentidos, está prohibido o adiantamento, salvo que exista máis dun carril para o seu sentido de circulación, nos cales se poderá adiantar sen invadi-lo sentido contrario.

7. En todo momento, os condutores e usuarios que circulen por un túnel ou paso inferior deberán obedecer-las indicacións dos semáforos e os paneis de mensaxe variable, e seguir-las instrucións que lles cheguen a través de megafonía ou calquera outro medio.

Artigo 96. *Barreiras, semibarreiras e semáforos.*

1. Ningún usuario da vía deberá penetrar nun paso a nivel en que as barreiras ou semibarreiras estean atravesadas na vía ou en movemento para levantarse ou colocarse atravesadas, ou cando os seus semáforos impidan o paso coas súas indicacións de detención.

2. Ningún usuario da vía deberá penetrar nun paso a nivel desprovisto de barreiras, semibarreiras ou semáforos, sen antes asegurarse de que non se acerca ningún vehículo que circule sobre raís.

3. Ningún usuario deberá penetrar nun túnel ou paso inferior se na boca deste un semáforo non lle permite o paso, con excepción dos equipos dos servicios de urxencia, asistencia mecánica e conservación de estradas.

SECCIÓN 2.^a BLOQUEO DE PASOS A NIVEL, PONTES MÓBILES E TÚNELESArtigo 97. *Detención dun vehículo en paso a nivel, ponte móbil ou túnel.*

1. Cando por razóns de forza maior quede un vehículo detido nun paso a nivel ou se produza a caída da súa carga dentro daquel, o condutor estará obrigado a adoptar-las medidas adecuadas para o rápido desaloxo dos ocupantes do vehículo e para deixa-lo paso expedito no menor tempo posible. Se non o consegue, adoptará inmediatamente tódalas medidas ó seu alcance para que tanto os maquinistas dos vehículos que circulen por raís como os condutores do resto dos vehículos que se aproximen sexan advertidos da existencia do perigo coa suficiente antelación (artigo 41 do texto articulado).

2. As normas contidas no punto anterior serán aplicables, se concorren as mesmas circunstancias, cando a detención do vehículo ou a caída da súa carga teña lugar nunha ponte móbil.

3. Se por motivos de emerxencia un condutor queda inmovilizado co seu vehículo dentro dun túnel ou paso inferior, deberá:

a) Apaga-lo motor, conecta-lo sinal de emerxencia e manter acesas as luces de posición.

b) Se é posible, dirixi-lo vehículo cara á zona reservada para emerxencia máis próxima no sentido da súa marcha. De non existir, inmovilizará o vehículo o máis cerca posible ó bordo dereito da calzada.

c) Colocar correctamente sobre a calzada os dispositivos de presinalización de perigo.

d) Solicitar auxilio sen demora a través do poste de socorro (poste SOS) máis próximo, se existe, e seguir-las instrucións que a través del se lle fagan chegar.

e) Tanto o condutor como os demais ocupantes abandonarán o vehículo, dirixíndose rapidamente ó refuxio ou saída máis próximos, sen que en ningún caso se transite pola calzada se existen zonas excluídas á circulación de vehículos.

f) Se se trata dunha avaría que permite a marcha do vehículo, deberá continuar ata a saída do túnel ou paso inferior e, se iso non for posible, ata unha zona reservada para emerxencia.

En caso de incendio, o condutor aproximará o seu vehículo todo o posible cara á súa dereita para non obstruí-lo paso ós vehículos de emerxencia. Apagará o motor e deixará a chave posta e as portas abertas. Tanto o condutor como os demais ocupantes abandonarán o vehículo dirixíndose rapidamente ó refuxio ou saída máis próximos, en sentido contrario ó do lume, sen que en ningún caso se transite pola calzada se existen zonas excluídas á circulación de vehículos.

Se por necesidades da circulación un vehículo queda inmovilizado no interior dun túnel ou paso inferior, o condutor e os pasaxeiros non deben abandona-lo vehículo. Neste caso débese conecta-lo sinal de emerxencia temporalmente para advertirlles a outros condutores que circulen detrás, manter acesas as luces de posición e apaga-lo motor. Deberá deterse o máis lonxe posible do vehículo que o precede.

CAPÍTULO X

Utilización das lucesSECCIÓN 1.^a USO OBRIGATORIO DAS LUCESArtigo 98. *Normas xerais.*

1. Tódolos vehículos que circulen entre o solpor e o amencer ou a calquera hora do día nos túneles, pasos

inferiores e tramos de vía afectados polo sinal «Túnel» (S-5) deben levar acesa a luz que corresponda de acordo co que se determina nesta sección.

2. A regulación dos sistemas de iluminación que non estean prohibidos, ou en todo o que non estea expresamente previsto neste capítulo ou noutros preceptos deste regulamento, axustarase ó disposto nas normas reguladoras dos vehículos.

3. As bicicletas, ademais, estarán dotadas dos elementos reflectores que, debidamente homologados, se determinan no Regulamento xeral de vehículos. Cando sexa obrigatorio o uso da luz, os condutores de bicicletas levarán, ademais, colocada algunha peza de roupa reflectora que permita ós condutores e demais usuarios distinguilos a unha distancia de 150 metros, se circulan por vía interurbana.

Artigo 99. *Luces de posición e de delimitación do vehículo.*

1. Todo vehículo que circule entre o solpor e o amencer ou baixo as condicións a que se refire o artigo 106 e no paso por túneles, pasos inferiores ou tramos de vías afectados polo sinal «Túnel» (S-5) deberá levar acesas as luces de posición e, se a largura do vehículo excede de 2,10 metros, tamén as de delimitación do vehículo.

2. A circulación sen iluminación en situacións de falta ou diminución de visibilidade terá a consideración de infracción grave, conforme se prevé no artigo 65.4.e) do texto articulado.

Artigo 100. *Luz de longo alcance ou estrada.*

1. Todo vehículo equipado con luz de longo alcance ou estrada que circule a máis de 40 quilómetros por hora, entre o solpor e o amencer, fóra de poboación, por vías insuficientemente iluminadas ou a calquera hora do día por túneles, pasos inferiores e tramos de vía afectados polo sinal «Túnel» (S-5) insuficientemente iluminados, a levará acesa, excepto cando se teña que utilizar a de curto alcance ou de cruzamento, de acordo co previsto nos artigos 101 e 102, especialmente para evita-los cegamentos.

A luz de longo alcance ou de estrada poderase utilizar illadamente ou coa de curto alcance.

2. Prohíbese a utilización da luz de longo alcance ou de estrada sempre que o vehículo se encontre parado ou estacionado, así como o emprego alternativo, en forma de escintilacións da luz de longo alcance ou de estrada e da luz de curto alcance ou de cruzamento, con finalidades distintas ás previstas neste regulamento.

3. Enténdese por vía insuficientemente iluminada aquela en que, con vista normal, nalgún punto da súa calzada, non se poida le-la placa de matrícula a 10 metros ou non se distinga un vehículo pintado de escuro a 50 metros de distancia.

4. Os supostos de circulación en que se produza cegamento ó resto dos usuarios da vía e de circulación sen iluminación en situacións de falta ou diminución de visibilidade terán a consideración de infraccións graves, conforme se prevé no artigo 65.4.e) do texto articulado.

Artigo 101. *Luz de curto alcance ou de cruzamento.*

1. Todo vehículo de motor e ciclomotor que circule entre o solpor e o amencer por vías urbanas ou interurbanas suficientemente iluminadas, ou a calquera hora do día por túneles, pasos inferiores e tramos de vías afectados polo sinal «Túnel» (S-5) suficientemente iluminados, levará acesa, ademais da luz de posición, a luz de curto alcance ou de cruzamento.

Igualmente, levará prendida esta luz nas poboacións, cando a vía estea insuficientemente iluminada.

2. Todo vehículo de motor e ciclomotor debe levar acesa a luz de curto alcance ou de cruzamento ó circular entre o solpor e o amencer por vías interurbanas insuficientemente iluminadas ou a calquera hora do día por túneles, pasos inferiores e demais tramos afectados polo sinal de «Túnel» insuficientemente iluminados, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Non dispor de luz de longo alcance.

b) Circular a velocidade non superior a 40 quilómetros por hora e non estar utilizando a luz de longo alcance.

c) Posibilidade de producir cegamento a outros usuarios da vía pública.

3. Os supostos de circulación en que se produza cegamento ó resto dos usuarios da vía e de circulación sen luz en situación de falta ou diminución de visibilidade terán a consideración de infraccións graves, conforme se prevé no artigo 65.4.e) do texto articulado.

Artigo 102. *Cegamento.*

1. A luz de longo alcance ou de estrada deberá ser substituída pola de curto alcance ou de cruzamento tan pronto como se aprecie a posibilidade de producir cegamento a outros usuarios da mesma vía ou de calquera outra vía de comunicación, e moi especialmente ós condutores de vehículos que circulen en sentido contrario e aínda que estes non cumpran esta prescrición, e non se restablecerá a luz de estrada ata exceder, no cruzamento, a posición do vehículo cruzado.

2. A mesma precaución gardarase respecto ós vehículos que circulen no mesmo sentido e os condutores dos cales poidan ser cegados a través do espello retrovisor.

3. En caso de cegamento, o conductor que o sufra reducirá a velocidade o necesario, incluso ata a detención total, para evita-lo alcance de vehículos ou peóns que circulen no mesmo sentido.

4. As infraccións ás normas deste precepto terán a consideración de graves, conforme se prevé no artigo 65.4.e) do texto articulado.

Artigo 103. *Luz de placa de matrícula.*

Todo vehículo que se encontre nas circunstancias aludidas nos artigos 99 ó 106 debe levar sempre iluminada a placa posterior de matrícula e, se é o caso, as outras placas ou distintivos iluminados de que regulamentariamente teña que estar dotado, tendo en conta as súas características ou o servizo que preste.

Artigo 104. *Uso da luz durante o día.*

Deberán levar acesa durante o día a luz de curto alcance ou cruzamento:

a) As motocicletas que circulen por calquera vía obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

b) Tódolos vehículos que circulen por un carril reversible, por un carril adicional circunstancial ou por un carril habilitado para circular en sentido contrario ó normalmente utilizado na calzada onde se encontre situado, ben sexa un carril que lles estea exclusivamente reservado, ben estea aberto excepcionalmente á circulación nese sentido, así como aqueles obrigados en virtude do establecido nos artigos 41 e 42.

Artigo 105. Inmobilizacións.

1. Todo vehículo que, por calquera circunstancia, se encontre inmovilizado entre o solpor e o amencer ou baixo as condicións a que se refire o artigo 106, en calzada ou na beiravía, deberá ter acesas as luces de posición e, se é o caso, as de posición e delimitación do vehículo.

2. Todo vehículo parado ou estacionado entre o solpor e o amencer en calzada ou beiravía dunha travesía insuficientemente iluminada deberá ter acesas as luces de posición, que poderá substituír polas de estacionamento, ou polas dúas de posición do lado correspondente á calzada, cando se encontre estacionado en liña.

3. En vías urbanas que non sexan travesías non será obrigatorio que os vehículos estacionados teñan acesas as luces de posición cando a iluminación permita a outros usuarios distinguilos a unha distancia suficiente.

4. A inmovilización, a parada ou o estacionamento dun vehículo sen iluminación en situacións de falta ou diminución de visibilidade terán a consideración de infraccións graves, conforme se prevé no artigo 65.4.e) do texto articulado.

SECCIÓN 2.^a SUPPOSTOS ESPECIAIS DE ILUMINACIÓN**Artigo 106. Condicións que diminúen a visibilidade.**

1. Tamén será obrigatorio utiliza-la iluminación cando existan condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade, como en caso de néboa, chuva intensa, nevada, nubes de fume ou de po ou calquera outra circunstancia análoga (artigo 43 do texto articulado).

2. Nos casos a que se refire o punto anterior debebase utiliza-la luz antinéboa dianteira ou a luz de curto ou longo alcance.

A luz antinéboa dianteira pódese utilizar illada ou simultaneamente coa de curto alcance ou, mesmo, coa de longo alcance.

A luz antinéboa dianteira só se poderá utilizar neses casos ou en tramos de vías estreitas con moitas curvas, entendéndose por tales as que, tendo unha calzada de 6,50 metros de largura ou inferior, estean sinalizadas con sinais que indiquen unha sucesión de curvas próximas entre si, reguladas no artigo 149.

A luz antinéboa traseira soamente deberá levarse acesa cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais sexan especialmente desfavorables, como en caso de néboa espesa, chuva moi intensa, forte nevada ou nubes densas de po ou fume.

3. O feito de circular sen luces en situacións de falta ou diminución da visibilidade terá a consideración de infracción grave, conforme se prevé no artigo 65.4.e) do texto articulado.

Artigo 107. Inutilización ou avaría da iluminación.

Se, por inutilización ou avaría irreparable en ruta da luz correspondente, se tivese que circular con luz de intensidade inferior, debebase reduci-la velocidade ata a que permita a detención do vehículo dentro da zona iluminada.

CAPÍTULO XI**Advertencias dos conductores****SECCIÓN 1.^a NORMAS XERAIS****Artigo 108. Obriga de adverti-las manobras.**

1. Os conductores están obrigados a advertir ó resto dos usuarios da vía acerca das manobras que vaian efectuar cos seus vehículos (artigo 44.1 do texto articulado).

2. Como norma xeral, estas advertencias faranse utilizando o sinalización luminosa do vehículo ou, no seu defecto, co brazo (artigo 44.2 do texto articulado).

A validez das realizadas co brazo quedará subordinada a que sexan perceptibles polos demais usuarios da vía e se efectúen de conformidade co disposto no artigo seguinte, e anularán calquera outra indicación óptica que as contradiga.

Artigo 109. Advertencias ópticas.

1. O conductor debe advertir mediante sinais ópticos toda manobra que implique un desprazamento lateral ou cara a atrás do seu vehículo, así como o seu propósito de inmovilizarlo ou de frea-la súa marcha de modo considerable. Tales advertencias ópticas efectuaranse con antelación suficiente á iniciación da manobra, e, se son luminosas, permanecerán en funcionamento ata que termine aquela.

2. Para os efectos do punto anterior, deberá terse en conta, ademais, o seguinte:

a) O desprazamento lateral será advertido utilizando a luz indicadora de dirección correspondente ó lado cara ó cal se vai realizar, ou o brazo, en posición horizontal coa palma da man estendida cara a abaixo, se o desprazamento vai ser cara ó lado que a man indica, ou dobrado cara a arriba, tamén coa palma da man estendida, se vai ser cara ó contrario.

Nas manobras que impliquen un desprazamento lateral, é este o que exclusivamente se avisa, polo que a advertencia deberá concluír tan pronto como o vehículo adoptase a súa nova traxectoria.

b) A marcha cara a atrás será advertida coa correspondente luz de marcha atrás, se se dispón dela, ou, en caso contrario, estendendo o brazo horizontalmente coa palma da man cara a atrás.

c) A intención de inmovilizarlo vehículo ou de frea-la súa marcha de modo considerable, aínda cando tales feitos veñan impostos polas circunstancias do tráfico, deberá advertirse, sempre que sexa posible, mediante o emprego reiterado das luces de freo ou ben movendo o brazo alternativamente de arriba abaixo con movementos curtos e rápidos.

Cando a inmovilización teña lugar nunha autoestrada ou autovía, ou en lugares ou circunstancias que diminúan sensiblemente a visibilidade, debebase sinaliza-la presenza do vehículo mediante a utilización da luz de emerxencia, se se dispón dela, e, se é o caso, coas luces de posición.

Se a inmovilización se realiza para parar ou estacionar debebase utilizar, ademais, o indicador luminoso de dirección correspondente ó lado cara ó cal se vaia efectuar aquela, se o vehículo dispón dese dispositivo.

3. Coa mesma finalidade que para as acústicas se sinala no artigo seguinte e para substituílas poderanse efectuar advertencias luminosas, incluso en poboación, utilizando en forma intermitente as luces de curto ou de longo alcance, ou ambas alternativamente, a intervalos moi curtos e de modo que se evite o cegamento.

Artigo 110. Advertencias acústicas.

1. Excepcionalmente ou cando así o prevexa algunha norma da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, poderanse empregar sinais acústicos de son non estridente, e queda prohibido o seu uso inmotivado ou esaxerado.

2. As advertencias acústicas só poderán ser feitas polos condutores de vehículos non prioritarios:

- a) Para evitar un posible accidente e, de modo especial, en vías estreitas con moitas curvas.
- b) Para advertir, fóra de poboación, ó conductor doutro vehículo o propósito de adiantalo.
- c) Para advertir a súa presenza ós demais usuarios da vía, de conformidade co disposto no artigo 70.

SECCIÓN 2.^a ADVERTENCIAS DOS VEHÍCULOS DE SERVICIOS DE URXENCIA E DOUTROS SERVICIOS ESPECIAIS

Artigo 111. *Normas xerais.*

Os vehículos de servicios de urxencia, públicos ou privados, vehículos especiais e transportes especiais poderán utilizar outros sinais ópticos e acústicos nos casos e nas condicións que se determinan nos artigos seguintes desta sección.

Artigo 112. *Advertencias dos vehículos de servicios de urxencia.*

Os condutores de vehículos dos servicios de policía, extinción de incendios, protección civil e salvamento, e asistencia sanitaria, pública ou privada, cando circulen en servicio urxente, advertirán a súa presenza de conformidade co disposto no artigo 68.2.

Artigo 113. *Advertencias doutros vehículos.*

De conformidade co disposto no artigo 71, os condutores de vehículos destinados a obras ou servicios e os de tractores e maquinaria agrícola e demais vehículos ou transportes especiais advertirán a súa presenza mediante a utilización do sinal luminoso V-2 a que se refire o artigo 173, ou mediante a utilización da iluminación que se determine nas normas reguladoras dos vehículos.

TÍTULO III

Outras normas de circulación

CAPÍTULO I

Portas e apagado de motor

Artigo 114. *Portas.*

1. Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrílas antes da súa completa inmovilización e abrílas ou apearse daquel sen se ter asegurado previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas (artigo 45 do texto articulado).

2. Como norma xeral, entrarase e sairase do vehículo polo lado máis próximo ó bordo da vía e só cando aquel se encontre parado.

3. Toda persoa non autorizada absterase de abri-las portas dos vehículos destinados ó transporte colectivo de viaxeiros, así como pechalas nas paradas, entorpecendo a entrada de viaxeiros.

Artigo 115. *Apagado de motor.*

1. Aínda cando o conductor non abandone o seu posto, deberá para-lo motor sempre que o vehículo se encontre detido no interior dun túnel ou en lugar pechado e durante a carga de combustible (artigo 46 do texto articulado).

2. Todo conductor que se vexa obrigado a permanecer co seu vehículo detido no interior dun túnel ou outro lugar pechado, por un período de tempo superior a dous minutos, deberá interrompe-lo funcionamento do motor ata que poida proseguir a marcha, conservando acesa a luz de posición.

3. Para cargar combustible no depósito dun vehículo, este débese encontrar co motor parado.

Os propietarios de aparellos distribuidores de combustibles ou empregados destes últimos non poderán facilita-los combustibles para a súa carga se non está parado o motor e apagadas as luces dos vehículos, os sistemas eléctricos como a radio e os dispositivos emisores de radiación electromagnética como os teléfonos móbiles.

4. En ausencia dos propietarios de aparellos distribuidores de combustibles ou empregados destes últimos, o conductor do vehículo ou, se é o caso, a persoa que vaia carga-lo combustible no vehículo deberá cumprir-los mesmos requisitos establecidos no punto anterior.

CAPÍTULO II

Cinto, casco e restantes elementos de seguridade

Artigo 116. *Obrigatoriedade do seu uso e excepcións.*

Os condutores e ocupantes de vehículos de motor e ciclomotores están obrigados a utiliza-lo cinto de seguridade, o casco e demais elementos de protección nos casos e condicións que se determinan neste capítulo e nas normas reguladoras dos vehículos, coas excepcións que igualmente se fixan nese capítulo, de acordo coas recomendacións internacionais na materia e atendendo ás especiais condicións dos condutores minusválidos.

Artigo 117. *Cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados.*

1. Serán utilizados cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados, correctamente abrochados, tanto na circulación de vías urbanas como interurbanas:

- a) Polo conductor e os pasaxeiros:

1.º Dos turismos.

2.º Daqueles vehículos con masa máxima autorizada de ata 3.500 quilogramos que, conservando as características esenciais dos turismos, estean dispostos para o transporte, simultáneo ou non, de persoas e mercadorías.

3.º Das motocicletas e motocicletas con sidecar, ciclomotores, vehículos de tres rodas e cuadríciclos, cando estean dotados de estrutura de protección e cintos de seguridade e así conste na correspondente tarxeta de inspección técnica.

b) Polo conductor e os pasaxeiros dos asentos dianteiros dos vehículos destinados ó transporte de mercadorías, cunha masa máxima autorizada non superior a 3.500 quilogramos, e dos vehículos destinados ó transporte de persoas que teñan, ademais do asento do conductor, máis de oito prazas de asento, cunha masa máxima autorizada que non supere as cinco toneladas e que estean obrigados por regulamentación a estar provistos de cintos de seguridade ou dispositivos de retención.

2. Queda prohibido circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros, salvo que utilicen dispositivos homologados para o efecto (artigo 11.4 do texto articulado).

As persoas de máis de tres anos, cunha estatura que non alcance os 150 centímetros, deberán utilizar un sis-

tema de suxeición homologado adaptado ó seu talle e ó seu peso ou, en caso contrario, estar suxeitos por un cinto de seguridade ou outro sistema de suxeición homologado para adultos de que estean dotados os asentos traseiros do vehículo.

Os nenos menores de tres anos que ocupen os asentos traseiros deberán utilizar un sistema de suxeición homologado adaptado ó seu talle e ó seu peso.

A utilización dos cintos de seguridade nos vehículos destinados ó transporte escolar e de menores axustarase ó establecido na súa regulamentación específica e, en concreto, ás disposicións contidas no Real decreto 443/2001, do 27 de abril.

3. O feito de non levar instalado o vehículo os cintos de seguridade terá a consideración de infracción que se sancionará conforme o establecido no artigo 67.2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 118. *Cascos e outros elementos de protección.*

1. Os condutores e pasaxeiros de motocicletas ou motocicletas con sidecar, de vehículos de tres rodas e cuadríciclos e de ciclomotores deberán utilizar adecuadamente cascos de protección homologados ou certificados segundo a lexislación vixente, cando circulen tanto en vías urbanas como en interurbanas.

Cando as motocicletas, os vehículos de tres rodas ou os cuadríciclos e os ciclomotores contén con estruturas de autoprotección e estean dotados de cintos de seguridade e así conste na correspondente tarxeta de inspección técnica ou no certificado de características do ciclomotor, os seus condutores e viaxeiros quedarán exentos de utiliza-lo casco de protección, estando obrigados a usa-lo referido cinto de seguridade cando circulen tanto en vías urbanas como interurbanas.

Os condutores de bicicletas e, se é o caso, os ocupantes estarán obrigados a utilizar cascos de protección homologados ou certificados segundo a lexislación vixente, cando circulen en vías interurbanas, salvo en ramplas ascendentes prolongadas, ou por razóns médicas que se acreditarán conforme establece o artigo 119.3, ou en condicións extremas de calor.

Os condutores de bicicletas en competición e os ciclistas profesionais, xa sexa durante os adestramentos ou en competición, rexeranse polas súas propias normas.

2. A instalación en calquera vehículo de repousacabezas ou outros elementos de protección estará subordinada a que cumpran as condicións que se determinen nas normas reguladoras de vehículos.

3. Os condutores de turismos, de autobuses, de automóbiles destinados ó transporte de mercadorías, de vehículos mixtos, de conxuntos de vehículos non agrícolas, así como os condutores e persoal auxiliar dos vehículos piloto de protección e acompañamento deberán utilizar un chaleco reflector de alta visibilidade, certificado segundo o Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipamentos de protección individual, que figura entre a dotación obrigatoria do vehículo, cando saian deste e ocupen a calzada ou o beiravía das vías interurbanas.

Artigo 119. *Exencións.*

1. Non obstante o disposto no artigo 117, poderán circular sen os cintos ou outros sistemas de retención homologados:

a) Os condutores, ó efectuaren a manobra de marcha atrás ou de estacionamento.

b) As mulleres embarazadas, cando dispoñan dun certificado médico en que conste a súa situación ou

estado de embarazo e a data aproximada da súa finalización.

c) As persoas provistas dun certificado de exención por razóns médicas graves ou en atención á súa condición de diminuído físico.

O certificado a que se refiren as alíneas b) e c) deberá ser presentado cando o requira calquera axente da autoridade responsable do tráfico.

Todo certificado deste tipo expedido pola autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea será válido en España acompañado da súa tradución oficial.

2. A exención alcanzará igualmente cando circulen en poboación, pero en ningún caso cando o fagan por autoestradas, autovías ou estradas convencionais:

a) Ós condutores de taxis, cando estean de servizo.

b) Ós distribuidores de mercadorías, cando realicen sucesivas operacións de carga e descarga de mercadorías en lugares situados a curta distancia uns doutros.

c) Ós condutores e pasaxeiros dos vehículos en servizo de urxencia.

d) As persoas que acompañen un alumno ou aprendiz durante a aprendizaxe da conducción ou as probas de aptitude e estean a cargo dos mandos adicionais do automóbil, responsabilizándose da seguridade da circulación.

3. Eximiranse do disposto no artigo 118.1 as persoas provistas dun certificado de exención por razóns médicas graves, expedido de conformidade co disposto no punto 1.c) anterior. Este certificado deberá expresa-lo seu período de validez e estar asinado por un facultativo colexiado en exercicio. Deberá, ademais, levar ou incorporar-lo símbolo establecido pola normativa vixente.

CAPÍTULO III

Tempos de conducción e descanso

Artigo 120. *Normas xerais.*

1. Considerarase que afecta a seguridade vial o exceso en máis do 50 por cento nos tempos de conducción ou a minoración en máis do 50 por cento nos tempos de descanso establecidos na lexislación sobre transportes terrestres.

2. As infraccións ó disposto neste precepto cualificaranse de moi graves, conforme se prevé no artigo 65.5.h) do texto articulado.

CAPÍTULO IV

Peóns

Artigo 121. *Circulación por zonas peonís. Excepcións.*

1. Os peóns están obrigados a transitar pola zona peonil, salvo cando esta non exista ou non sexa practicable; en tal caso, poderán facelo pola beiravía ou, no seu defecto, pola calzada, de acordo coas normas que se determinan neste capítulo (artigo 49.1 do texto articulado).

2. Sen embargo, aínda cando haxa zona peonil, sempre que adopte as debidas precaucións, poderá circular pola beiravía ou, se esta non existe ou non é transitable, pola calzada:

a) O que leve algún obxecto voluminoso ou empurre ou arrastre un vehículo de reducidas dimensións que non sexa de motor, se a súa circulación pola zona peonil ou pola beiravía puidese constituír un estorbo considerable para os demais peóns.

b) Todo grupo de peóns dirixido por unha persoa ou que forme cortexo.

c) O impedido que transite en cadeira de rodas con ou sen motor, á velocidade do paso humano.

3. Todo peón debe circular pola beirarrúa da dereita con relación ó sentido da súa marcha, e cando circule pola beirarrúa ou paseo esquerdo debe ceder sempre o paso ós que leven a súa man e non se debe deter de forma que impida o paso pola beirarrúa ós demais, a non ser que resulte inevitable para cruzar por un paso de peóns ou subir a un vehículo.

4. Os que utilicen monopatíns, patíns ou aparellos similares non poderán circular pola calzada, salvo que se trate de zonas, vías ou partes destas que lles estean especialmente destinadas, e só poderán circular a paso de persoa polas beirarrúas ou polas rúas residenciais debidamente sinalizadas co sinal regulado no artigo 159, sen que en ningún caso se permita que sexan arrastrados por outros vehículos.

5. A circulación de toda clase de vehículos en ningún caso deberá ser efectuada polas beirarrúas e demais zonas peonís.

Artigo 122. *Circulación pola calzada ou a beiravía.*

1. Fóra de poboación, en tódalas vías obxecto da lei, e en tramos de poboación incluídos no desenvolvemento dunha estrada que non dispoña de espazo especialmente reservado para peóns, como norma xeral, a circulación destes farase pola esquerda (artigo 49.2 do texto articulado).

2. Non obstante o disposto no punto anterior, a circulación de peóns farase pola dereita cando concorran circunstancias que así o xustifiquen por razóns de maior seguridade.

3. En poboación, a circulación de peóns poderase facer pola dereita ou pola esquerda, segundo as circunstancias concretas do tráfico, da vía ou da visibilidade.

4. Non obstante o disposto nos puntos 1 e 3, deberán circular sempre pola súa dereita os que empurren ou arrastren un ciclo ou ciclomotor de dúas rodas, carros de man ou aparellos similares, todo grupo de peóns dirixido por unha persoa ou que forme cortexo e os impedidos que se despracen en cadeira de rodas, tódolos cales terán que obedecer os sinais dirixidos ós condutores de vehículos: os dos axentes e semáforos, sempre; os demais, en canto lles sexan aplicables.

5. A circulación pola beiravía ou pola calzada farase con prudencia, sen entorpecer innecesariamente a circulación, e aproximándose canto sexa posible ó bordo exterior daqueles. Agás no caso de que formen un cortexo, deberán marchar uns tras outros se a seguridade da circulación así o require, especialmente en casos de pouca visibilidade ou de gran densidade de circulación de vehículos.

6. Cando exista refuxio, zona peonil ou outro espazo adecuado, ningún peón debe permanecer detido na calzada nin na beiravía, aínda que sexa en espera dun vehículo, e para subir a este, só poderá invadir aquela cando xa estea á súa altura.

7. O se apercebiren dos sinais ópticos e acústicos dos vehículos prioritarios, despexarán a calzada e permanecerán nos refuxios ou zonas peonís.

8. A circulación nas rúas residenciais debidamente sinalizadas co sinal S-28 regulado no artigo 159 axustarase ó disposto no dito sinal.

Artigo 123. *Circulación nocturna.*

Fóra da poboación, entre o solpor e o amencer ou en condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade, todo peón, cando cir-

cule pola calzada ou a beiravía, deberá ir provisto dun elemento luminoso ou retroreflector homologado e que responda ás prescricións técnicas contidas no Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipamentos de protección individual, que sexa visible a unha distancia mínima de 150 metros para os condutores que se lle aproximen, e os grupos de peóns dirixidos por unha persoa ou que formen cortexo levarán, ademais, no lado máis próximo ó centro da calzada, as luces necesarias para precisa-la súa situación e dimensións, as cales serán de cor branca ou amarela cara a adiante e vermella cara a atrás e, se é o caso, poderán constituír un só conxunto.

Artigo 124. *Pasos para peóns e cruzamento de calzadas.*

1. En zonas onde existen pasos para peóns, os que se dispoñan a atravesala calzada deberán facelo precisamente por eles, sen que poidan efectualo polas proximidades, e cando tales pasos sexan a nivel, observaranse, ademais, as regras seguintes:

a) Se o paso dispón de semáforos para peóns, obedecerán as súas indicacións.

b) Se non existise semáforo para peóns pero a circulación de vehículos estivese regulada por axente ou semáforo, non penetrarán na calzada mentres o sinal do axente ou do semáforo permita a circulación de vehículos por ela.

c) Nos restantes pasos para peóns sinalizados mediante a correspondente marca vial, aínda que teñen preferencia, só deben penetrar na calzada cando a distancia e a velocidade dos vehículos que se aproximen permitan facelo con seguridade.

2. Para atravesaren a calzada fóra dun paso para peóns, deberán asegurarse de que poden facelo sen risco nin entorpecemento indebido.

3. O atravesaren a calzada, deben camiñar perpendicularmente ó eixe desta, non demorarse nin deterse nela sen necesidade e non entorpecelo paso ós demais.

4. Os peóns non poderán atravesalas prazas e rotondas pola súa calzada, polo que deberán rodealas.

Artigo 125. *Normas relativas a autoestradas e autovías.*

1. Queda prohibida a circulación de peóns por autoestradas e autovías, salvo nos casos e condicións que se determinan nos puntos seguintes.

Os condutores de vehículos que circulen por autoestradas ou autovías deberán facer caso omiso ás peticións de pasaxe que reciban en calquera tramo delas, incluídas as explanadas de estacións de peaxe.

2. Se por accidente, avaría, malestar físico dos seus ocupantes ou outra emerxencia se tivese que inmovilizar un vehículo nunha autoestrada ou autovía e fose necesario solicitar auxilio, utilizarase o poste de socorro máis próximo, e se a vía non estivese dotada deste servizo, poderá requirirse o auxilio dos usuarios, sen que ningún dos ocupantes do vehículo poida transitar pola calzada.

3. Os ocupantes ou servidores dos vehículos dos servizos de urxencia ou especiais poderán circular polas autoestradas e autovías sempre que sexa estrictamente indispensable para a prestación do correspondente servizo e adopten as medidas oportunas para non comprometer a seguridade de ningún usuario.

CAPÍTULO V

Circulación de animais

Artigo 126. *Normas xerais.*

Nas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial só se

permitirá o tránsito de animais de tiro, carga ou sela, cabezas de gando illadas, en manda ou rabaño, cando non exista itinerario practicable por vía pecuaria e sempre que vaian custodiados por algunha persoa. Este tránsito efectuarase pola vía alternativa que teña menor intensidade de circulación de vehículos e de acordo co que se establece neste capítulo (artigo 50.1 do texto articulado).

Artigo 127. *Normas especiais.*

1. Os animais a que se refire o artigo anterior deben ir conducidos, polo menos, por unha persoa maior de 18 anos, capaz de dominalos en todo momento, a cal observará, ademais das normas establecidas para os conductores de vehículos que lle poidan afectar, as seguintes prescricións:

- a) Non invadirán a zona peonil.
- b) Os animais de tiro, carga ou sela ou o gando solto circularán polo beiravía do lado dereito, e se tivesen que utiliza-la calzada, farano aproximándose canto sexa posible ó bordo dereito desta; por excepción, permítese conducir un só de tales animais polo bordo esquerdo, se razóns de maior seguridade así o aconsellan.
- c) Os animais conducidos en manda ou rabaño irán ó paso, o máis cerca posible do bordo dereito da vía e de forma que nunca ocupen máis da metade dereita da calzada, divididos en grupos de lonxitude moderada, cada un dos cales cun conductor polo menos e suficientemente separados para entorpece-lo menos posible a circulación; no caso de que se encontren con outro gando que transite en sentido contrario, os seus conductores coidarán de que o cruzamento se faga coa maior rapidez e en zonas de visibilidade suficiente, e, se circunstancialmente isto non se puidese conseguir, adoptarán as precaucións precisas para que os conductores dos vehículos que eventualmente se aproximen se poidan deter ou reduci-la velocidade a tempo.
- d) Só atravesarán as vías por pasos autorizados e sinalizados para o efecto ou por outros lugares que reúnan as necesarias condicións de seguridade.

e) Se circulan de noite por vía insuficientemente iluminada ou baixo condicións meteorolóxicas ou ambientais que diminúan sensiblemente a visibilidade, o seu conductor ou conductores levarán no lado máis próximo ó centro da calzada luces en número necesario para precisa-la súa situación e dimensións, que serán de cor branca ou amarela cara a adiante, e vermella cara a atrás, e, se é o caso, poderán constituír un só conxunto.

f) En estreitamentos, interseccións e demais casos en que as respectivas traxectorias se crucen ou corten, cederán o paso ós vehículos, salvo nos supostos recollidos no artigo 66.

2. Prohíbese deixar animais sen custodia en calquera clase de vía ou nas súas inmediacións, sempre que exista a posibilidade de que estes poidan invadi-la vía.

Artigo 128. *Normas relativas a autoestradas e autovías.*

Prohíbese a circulación de animais por autoestradas ou autovías (artigo 50.2 do texto articulado).

Esta prohibición inclúe a circulación de vehículos de tracción animal.

CAPÍTULO VI

Comportamento en caso de emerxencia

Artigo 129. *Obriga de auxilio.*

1. Os usuarios das vías que se vexan implicados nun accidente de tráfico, o presencien ou teñan coñecemento del estarán obrigados a auxiliar ou solicitar auxilio para atende-las vítimas, se as houber, presta-la súa colaboración para evitar maiores perigos ou danos, restablecer, na medida do posible, a seguridade da circulación e esclarece-los feitos (artigo 51.1 do texto articulado).

2. Todo usuario da vía implicado nun accidente de circulación deberá, na medida do posible:

- a) Deterse de forma que non cree un novo perigo para a circulación.
- b) Facerse unha idea de conxunto das circunstancias e consecuencias do accidente, que lle permita establecer unha orde de preferencias, segundo a situación, respecto ás medidas a adoptar para garanti-la seguridade da circulación, auxilia-las vítimas, facilita-la súa identificación e colaborar coa autoridade ou cos seus axentes.
- c) Esforzarse por restablecer ou mante-la seguridade da circulación e se, aparentemente, resultase morta ou gravemente ferida algunha persoa ou se avisase a autoridade ou os seus axentes, evita-la modificación do estado das cosas e das pegadas ou outras probas que poidan ser útiles para determina-la responsabilidade, salvo que con iso se prexudique a seguridade dos feridos ou da circulación.
- d) Prestar-lles ós feridos o auxilio que resulte máis adecuado, segundo as circunstancias, e, especialmente, solicitar auxilio sanitario dos servizos que puidesen existir para o efecto.
- e) Avisa-la autoridade ou os seus axentes se, aparentemente, resultase ferida ou morta algunha persoa, así como permanecer ou volver ó lugar do accidente ata a súa chegada, a menos que fose autorizado por estes a abandona-lo lugar ou debese prestar auxilio ós feridos ou ser el mesmo atendido; non será necesario, en cambio, avisa-la autoridade ou os seus axentes nin permanecer no lugar do feito se só se produciron feridas claramente leves, a seguridade da circulación está restablecida e ningunha das persoas implicadas no accidente o solicita.
- f) Comunicar, en todo caso, a súa identidade a outras persoas implicadas no accidente, se llo pedisen; cando só se ocasionasen danos materiais e algunha parte afectada non estivese presente, toma-las medidas adecuadas para proporcionarlle, canto antes, o seu nome e enderezo, ben directamente, ben, no seu defecto, por intermedio dos axentes da autoridade.
- g) Facilita-los datos do vehículo a outras persoas implicadas no accidente, se o pedisen.

3. Salvo nos casos en que, manifestamente, non sexa necesaria a súa colaboración, todo usuario da vía que advirta que se produciu un accidente de circulación, sen estar implicado nel, deberá cumprir, en canto lle sexa posible e lle afecten, as prescricións establecidas no punto anterior, a non ser que comparecesen no lugar do feito a autoridade ou os seus axentes.

Artigo 130. *Inmovilización do vehículo e caída da carga.*

1. Se por causa de accidente ou avaría o vehículo ou a súa carga obstaculizasen a calzada, os conductores, tras sinalizar convenientemente o vehículo ou o obstáculo creado, adoptarán as medidas necesarias para que sexa retirado no menor tempo posible, deberán sacalo da calzada e situalo cumprindo as normas de estacio-

namento sempre que sexa factible (artigo 51.2 do texto articulado).

2. Sempre que, por calquera emerxencia, un vehículo quede inmovilizado na calzada ou a súa carga caese sobre esta, o conductor ou, na medida do posible, os ocupantes do vehículo procurarán colocar un e outra no lugar onde cause menor obstáculo á circulación, para o cal poderán utilizarse, se for preciso, a beiravía ou a mediana; así mesmo, adoptarán as medidas oportunas para que o vehículo e a carga sexan retirados da vía no menor tempo posible.

3. Nos supostos a que se refire o punto anterior, sen prexuízo de acende-la luz de emerxencia se o vehículo a leva e, cando proceda, as luces de posición e de delimitación do vehículo, en canto se deixa expedita a vía, todo conductor deberá empregar os dispositivos de presinalización de perigo regulamentarios para advertir esta circunstancia, salvo que as condicións da circulación non o permitisen facer. Tales dispositivos colocaranse, un por diante e outro por detrás do vehículo ou a carga, como mínimo a 50 metros de distancia e en forma tal que sexan visibles desde 100 metros, polo menos, polos conductores que se aproximen. En calzadas de sentido único, ou de máis de tres carrís, abonará a colocación dun só dispositivo, situado como mínimo 50 metros antes na forma anteriormente indicada.

4. Se fose preciso pedir auxilio, utilizarase o poste de socorro máis próximo, se a vía dispón deles; en caso contrario, poderase solicitar doutros usuarios. En todo caso e en canto sexa posible, ninguén deberá invadir a calzada.

5. O remolque dun vehículo accidentado ou avariado só o deberá realizar outro especificamente destinado a este fin. Excepcionalmente, e sempre en condicións de seguridade, permitirase o arrastre por outros vehículos, pero só ata o lugar máis próximo de onde poida quedar convenientemente inmovilizado e sen entorpecer a circulación. En ningún caso será aplicable esta excepción nas autoestradas ou autovías.

6. Cando a emerxencia ocorra nun vehículo destinado ó transporte de mercadorías perigosas, aplícanse, ademais, as súas normas específicas.

TÍTULO IV

Da sinalización

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 131. *Concepto.*

A sinalización é o conxunto de sinais e ordes dos axentes de circulación, sinais circunstanciais que modifican o réxime normal de utilización da vía e sinais de balizamento fixo, semáforos, sinais verticais de circulación e marcas viais, destinadas ós usuarios da vía e que teñen por misión advertir e informar estes ou ordenar ou regular o seu comportamento coa necesaria antelación de determinadas circunstancias da vía ou da circulación.

Artigo 132. *Obediencia dos sinais.*

1. Tódolos usuarios das vías obxecto da lei están obrigados a obedecer os sinais de circulación que establezan unha obriga ou unha prohibición e a adaptalo ao seu comportamento á mensaxe do resto dos sinais regulamentarios que se encontran nas vías por que circulan.

Para estes efectos, cando o sinal impoña unha obriga de detención, non poderá reiniciar a súa marcha o con-

ductor do vehículo así detido ata cumprila prescrición que o sinal establece.

Nas peaxes dinámicas ou telepeaxes, os vehículos que as utilicen deberán estar provistos do medio técnico que posibilite o seu uso en condicións operativas (artigo 53.1 do texto articulado).

2. Salvo circunstancias especiais que o xustifiquen, os usuarios deben obedecer as prescricións indicadas polos sinais, aínda cando parezan estar en contradicción coas normas de comportamento na circulación (artigo 53.2 do texto articulado).

3. Os usuarios deben obedecer as indicacións dos semáforos e dos sinais verticais de circulación situados inmediatamente á súa dereita, enriba da calzada ou enriba do seu carril, e se non existen nos citados lugares e pretenden xirar á esquerda ou seguir de fronte, os dos situados inmediatamente á súa esquerda.

Se existen semáforos ou sinais verticais de circulación con indicacións distintas á dereita e á esquerda, os que pretendan xirar á esquerda ou seguir de fronte só deben obedecer os dos situados inmediatamente á súa esquerda.

CAPÍTULO II

Prioridade entre sinais

Artigo 133. *Orde de prioridade.*

1. A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais de circulación é a seguinte:

- Sinais e ordes dos axentes de circulación.
- Sinalización circunstancial que modifique o réxime normal de utilización da vía e sinais de balizamento fixo.
- Semáforos.
- Sinais verticais de circulación.
- Marcas viais.

2. No caso de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradicción entre si, prevalecerá o prioritario, segundo a orde a que se refire o punto anterior, ou o máis restrictivo, se se trata de sinais do mesmo tipo (artigo 54.2 do texto articulado).

CAPÍTULO III

Formato dos sinais

Artigo 134. *Catálogo oficial de sinais de circulación.*

1. O catálogo oficial de sinais de circulación debe axustarse ó establecido nas regulamentacións e recomendacións internacionais na materia, así como á regulación básica establecida para o efecto polos ministerios do Interior e de Fomento.

2. Neste catálogo especificase a forma e o significado dos sinais e, se é o caso, a súa cor e deseño, así como as súas dimensións e os seus sistemas de colocación.

3. Os sinais que poden ser utilizados nas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial deberán cumprir as normas e especificacións que se establecen neste regulamento e no catálogo oficial de sinais de circulación.

4. A forma, símbolos e nomenclatura dos sinais, así como os documentos que constitúen o catálogo oficial de sinais de circulación, son os que figuran no anexo I.

CAPÍTULO IV

Aplicación dos sinais

SECCIÓN 1.^a XENERALIDADES

Artigo 135. *Aplicación.*

Todo sinal se aplicará a toda a largura da calzada que estean autorizados a utiliza-los conductores a que

se dirixa ese sinal. Non obstante, a súa aplicación poderase limitar a un ou máis carrís, mediante marcas na calzada.

Artigo 136. *Visibilidade.*

Co fin de que sexan máis visibles e lexibles pola noite, os sinais viais, especialmente os de advertencia de perigo e os de regulamentación, deben estar iluminados ou provistos de materiais ou dispositivos reflectores, segundo o disposto na regulación básica establecida para estes fins polo Ministerio de Fomento.

Artigo 137. *Inscricións.*

1. Para facilita-la interpretación dos sinais, poderase engadir unha inscrición nun panel complementario rectangular colocado debaixo daqueles ou no interior dun panel rectangular que conteña o sinal.

2. Excepcionalmente, cando as autoridades competentes estimen conveniente concreta-lo significado dun sinal ou dun símbolo ou, respecto dos sinais de regulamentación, limita-lo seu alcance a certas categorías de usuarios da vía ou a determinados períodos, e non se puidesen da-las indicacións necesarias por medio dun símbolo adicional ou de cifras nas condicións definidas no catálogo oficial de sinais de circulación, colocarse unha inscrición debaixo do sinal, nun panel complementario rectangular, sen prexuízo da posibilidade de substituír ou completar esas inscricións mediante un ou varios símbolos expresivos colocados na mesma placa.

No caso de que o sinal estea colocado nun cartel fixo ou de mensaxe variable, a inscrición a que se fai referencia poderá ir situada xunto a ela.

Artigo 138. *Idioma dos sinais.*

As indicacións escritas que se inclúan ou acompañen os paneis de sinalización das vías públicas, e as inscricións, figurarán en idioma castelán e, ademais, na lingua oficial da comunidade autónoma recoñecida no respectivo estatuto de autonomía, cando o sinal estea situado no ámbito territorial da dita comunidade.

Os núcleos de poboación e demais topónimos serán designados na súa denominación oficial e, cando fose necesario para efectos de identificación, en castelán.

SECCIÓN 2.^a RESPONSABILIDADE DA SINALIZACIÓN NAS VÍAS

Artigo 139. *Responsabilidade.*

1. Correspóndelle ó titular da vía a responsabilidade do seu mantemento nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación e a instalación e conservación nela dos adecuados sinais e marcas viais. Tamén lle corresponde ó titular da vía a autorización previa para a instalación nela doutros sinais de circulación. En caso de emerxencia, os axentes da autoridade poderán instalar sinais circunstanciais sen autorización previa (artigo 57.1 do texto articulado).

2. A autoridade encargada da regulación do tráfico será responsable da sinalización de carácter circunstancial en razón das continxencias daquel e da sinalización variable necesaria para o seu control, de acordo coa lexislación de estradas (artigo 57.2 do texto articulado).

En tal sentido, correspóndelle ó organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, á autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico

a determinación das clases ou tramos de estradas que deban contar con sinalización circunstancial ou variable ou con outros medios de vixilancia, regulación, control e xestión telemática do tráfico; a das características dos elementos físicos e tecnolóxicos que teñan como finalidade auxilia-la autoridade de tráfico; a instalación e mantemento da dita sinalización e elementos físicos ou tecnolóxicos, así como a determinación en cada momento dos usos e mensaxes dos paneis de mensaxe variable, sen prexuízo das competencias que, en cada caso, poidan corresponder ós órganos titulares da vía.

3. A responsabilidade da sinalización das obras que se realicen nas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial corresponderá ós organismos que as realicen ou ás empresas adxudicatarias daquelas. Os usuarios da vía están obrigados a seguir-las indicacións do persoal destinado á regulación do paso de vehículos nas ditas obras, segundo o disposto no artigo 60.5.

Cando as obras sexan realizadas por empresas adxudicatarias ou por entidades distintas do titular, estas, con anterioridade ó seu inicio, comunicaranllo ó organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, á autoridade autonómica ou local responsable do tráfico, que dictará as instrucións que resulten procedentes en relación coa regulación, xestión e control do tráfico.

4. A realización das obras sen autorización previa do titular da vía rexerese polo disposto na lexislación de estradas ou, se é o caso, nas normas municipais (artigo 10.1 do texto articulado).

A realización e sinalización das obras que incumpra as instrucións dictadas terá a consideración de infracción grave, de conformidade co establecido no artigo 65.4.f) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Artigo 140. *Sinalización das obras.*

As obras que dificulten de calquera modo a circulación vial deberán encontrarse sinalizadas, tanto de día como de noite, e balizadas luminosamente durante as horas nocturnas, ou cando as condicións meteorolóxicas ou ambientais o esixan, a cargo do realizador da obra, segundo a regulación básica establecida para estes fins polo Ministerio de Fomento.

Cando se sinalicen tramos de obras, as marcas viais serán de cor amarela. Así mesmo, terán o fondo amarelo os sinais verticais seguintes:

a) Os sinais de advertencia de perigo P-1, P-2, P-3, P-4, P-13, P-14, P-15, P-17, P-18, P-19, P-25, P-26, P-28, P-30 e P-50.

b) Os sinais de regulamentación R-5, R-102, R-103, R-104, R-105, R-106, R-107, R-200, R-201, R-202, R-203, R-204, R-205, R-300, R-301, R-302, R-303, R-304, R-305, R-306, R-500, R-501, R-502 e R-503.

c) Os sinais de indicación: tódolos sinais de carrís e de orientación.

O seu significado será o mesmo que o dos equivalentes que se utilizan cando non hai obras.

A forma, cor, deseño, símbolos, significado e dimensións dos sinais de obra son os que figuran no catálogo oficial de sinais de circulación. A forma, símbolos e nomenclatura figuran tamén no anexo I deste regulamento.

Artigo 141. *Obxecto e tipo de sinais.*

Salvo xustificación en contrario, en calquera tipo de obras e actividades nas vías deberán utilizarse exclusivamente os elementos e dispositivos de sinalización, balizamento e defensa incluídos na regulación básica establecida para estes fins polos Ministerios de Fomento e Interior, segundo se indica no anexo I.

CAPÍTULO V

Retirada, substitución e alteración de sinais**Artigo 142. Obrigas relativas á sinalización.**

1. O titular da vía ou, se é o caso, a autoridade encargada da regulación do tráfico ordenará a inmediata retirada e, cando for preciso, a substitución polos que sexan adecuados dos sinais antirreglamentariamente instalados, dos que perdesen o seu obxecto e dos que non o cumbran por causa da súa deterioración (artigo 58.1 do texto articulado).

2. Salvo por causa xustificada, ninguén debe instalar, retirar, trasladar, ocultar ou modifica-la sinalización dunha vía sen permiso do seu titular ou, se é o caso, da autoridade encargada da regulación do tráfico ou da responsable das instalacións (artigo 58.2 do texto articulado).

3. Prohíbese modifica-lo contido dos sinais ou colocar sobre eles ou nas súas inmediacións placas, carteis, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reduci-la súa visibilidade ou a súa eficacia, cega-los usuarios da vía ou distrae-la súa atención, sen prexuízo das competencias dos titulares das vías (artigo 58.3 do texto articulado).

O organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación do tráfico poderá alterar, en todo momento, o contido dos sinais recollidos no artigo 144.1 para adaptalos ás circunstancias cambiantes do tráfico, sen prexuízo das competencias dos titulares das vías.

4. Os supostos de retirada ou deterioración da sinalización permanente ou ocasional terán a consideración de infraccións graves, conforme se prevé no artigo 65.4.f) do texto articulado.

CAPÍTULO VI

Dos tipos e significados dos sinais de circulación e marcas viais**SECCIÓN 1.^a DOS SINAIS E ORDES DOS AXENTES DE CIRCULACIÓN****Artigo 143. Sinais co brazo e outros.**

1. Os axentes da autoridade responsable do tráfico que estean regulando a circulación farano de forma que sexan facilmente recoñecibles como tales a distancia, tanto de día como de noite, e os seus sinais, que teñen que ser visibles, e as súas ordes deben ser inmediatamente obedecidas polos usuarios da vía.

Tanto os axentes da autoridade que regulen a circulación como a policía militar, o persoal de obras e o de acompañamento dos vehículos en réxime de transporte especial que regulen o paso de vehículos e, se é o caso, as patrullas escolares, o persoal de protección civil e o de organizacións de actividades deportivas ou de calquera outro acto, habilitado para os efectos recollidos no punto 4 deste artigo, deberán utilizar pezas de roupa de cores rechamantes e dispositivos ou elementos retrorreflectores que permitan ós conductores e demais usuarios da vía que se aproximen distinguilos a unha distancia mínima de 150 metros.

2. Como norma xeral, os axentes da autoridade responsable do tráfico utilizarán os seguintes sinais:

a) Brazo levantado verticalmente: obriga a se deter a tódolos usuarios da vía que se acerquen ó axente, salvo ós conductores que non o poidan facer en condicións de seguridade suficiente. Se este sinal se efectúa nunha intersección, non obrigará a deterse ós conductores que entrasen xa nela.

A detención débese efectuar ante a liña de detención máis próxima ou, no seu defecto, inmediatamente antes do axente. Nunha intersección, a detención débese efectuar antes de entrar nela.

Con posterioridade a este sinal, o axente poderá indicar, se é o caso, o lugar onde se debe efectuar a detención.

b) Brazo ou brazos estendidos horizontalmente: obriga a deterse a tódolos usuarios da vía que se acerquen ó axente desde direccións que corten a indicada polo brazo ou os brazos estendidos e calquera que sexa o sentido da súa marcha. Este sinal permanece en vigor aínda que o axente baixe o brazo ou os brazos, sempre que non cambie de posición ou efectúe outro sinal.

c) Balanceo dunha luz vermella ou amarela: obriga a deterse ós usuarios da vía cara ós cales o axente dirixa a luz.

d) Brazo estendido movéndoo alternativamente de arriba a abaixo: este sinal obriga a diminuí-la velocidade do seu vehículo ós conductores que se acerquen ó axente polo lado correspondente ó brazo que executa o sinal e perpendicularmente ó dito brazo.

e) Outros sinais: cando as circunstancias así o esixan, os axentes poderán utilizar calquera outra indicación distinta ás anteriores realizada de forma clara.

Os axentes poderán ordena-la detención de vehículos cunha serie de toques de chifre curtos e frecuentes, e o reinicio da marcha cun toque longo.

3. Os axentes poderán dar ordes ou indicacións ós usuarios mentres fan uso do sinal V-1 que establece o Regulamento xeral de vehículos, a través da megafonía ou por calquera outro medio que poida ser percibido claramente por aqueles, entre os cales están os seguintes:

a) Bandeira vermella: indica que a partir do paso do vehículo que a porta, a calzada queda temporalmente pechada ó tráfico de tódolos vehículos e usuarios, excepto para aqueles que son acompañados ou escoltados polos axentes da autoridade responsable da regulación, xestión e control do tráfico.

b) Bandeira verde: indica que, a partir do paso do vehículo que a porta, a calzada queda de novo aberta ó tráfico.

c) Bandeira amarela: indica ó resto dos conductores e usuarios a necesidade de extrema-la atención ou a proximidade dun perigo. Esta bandeira poderá ser tamén utilizada polo persoal auxiliar habilitado que realice funcións de orde, control ou seguridade durante o desenvolvemento de marchas ciclistas ou de calquera outra actividade, deportiva ou non, nas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

d) Brazo estendido cara a abaixo inclinado e fixo: o axente desde un vehículo indica a obriga de se deter no lado dereito a aqueles usuarios a que vai dirixido o sinal.

e) Luz vermella ou amarela intermitente ou escintilante cara a adiante: o axente desde un vehículo indica ó conductor do que o precede que debe dete-lo vehículo no lado dereito, diante do vehículo policial, nun lugar onde non xere maiores riscos ou molestias para o resto dos usuarios, e seguindo as instrucións que imparta o axente mediante a megafonía.

4. En ausencia de axentes da circulación ou para auxiliar estes, e nas circunstancias e condicións establecidas neste regulamento, a policía militar poderá regula-la circulación, e o persoal de obras na vía e o de acompañamento dos vehículos en réxime de transporte especial poderá regula-lo paso de vehículos mediante o emprego dos sinais verticais R-2 e R-400 incorporados a unha paleta, e, por este mesmo medio, as patrullas

escolares invita-los usuarios da vía a que deteñan a súa marcha. Cando a autoridade competente autorice a celebración de actividades deportivas ou actos que aconsellen establecer limitacións á circulación en vías urbanas ou interurbanas, a autoridade responsable do tráfico poderá habilita-lo persoal de protección civil ou da organización responsable para impedi-lo acceso de vehículos ou peóns á zona ou itinerario afectados, nos termos do anexo II.

Cando as forzas e corpos de seguridade do Estado, no ámbito das súas funcións, establezan controis policiais de seguridade cidadá na vía pública, poderán regula-lo tráfico exclusivamente no caso de ausencia de axentes da circulación.

A forma e significado dos sinais e ordes dos axentes da circulación axustarase ó que establece o catálogo oficial de sinais de circulación. Estes sinais figuran tamén no anexo I.

SECCIÓN 2.^a DA SINALIZACIÓN CIRCUNSTANCIAL, QUE MODIFICA O RÉXIME NORMAL DE UTILIZACIÓN DA VÍA, E DOS SINAIS DE BALIZAMENTO

Artigo 144. *Sinais circunstanciais e de balizamento.*

1. Os paneis de mensaxe variable teñen por obxecto regula-la circulación adaptándoa ás circunstancias cambiantes do tráfico. Utilizaranse para dar información ós condutores, advertilos de posibles perigos e dar recomendacións ou instrucións de obrigado cumprimento. O contido dos textos e gráficos dos paneis de sinalización de mensaxe variable axustarase ó disposto no catálogo oficial de sinais de circulación.

As modificacións que estes paneis de mensaxe variable introducen respecto da habitual sinalización vertical e horizontal terminan cando o estableza o propio panel ou as causas que motivaron a súa imposición, momento a partir do cal aquelas volven rexer.

2. Os sinais de balizamento poderán ser:

a) Dispositivos de barreira: prohiben o paso á parte da vía que delimitan e son os seguintes:

1.º Barreira fixa: prohibe o paso á vía ou parte desta que delimita.

2.º Barreira ou semibarreira móbiles: prohibe temporalmente o paso, mentres se encontre en posición transversal á calzada nun paso a nivel, posto de peaxe ou de aduana, acceso a un establecemento ou outros.

3.º Panel direccional provisional: prohibe o paso e informa, ademais, sobre o sentido da circulación.

4.º Bandeiriñas, conos ou dispositivos análogos: prohiben o paso a través da liña real ou imaxinaria que os une.

5.º Luz vermella fixa: indica que a calzada está totalmente pechada ó tránsito.

6.º Luces amarelas fixas ou intermitentes: prohiben o paso a través da liña imaxinaria que as une.

b) Dispositivos de guía: teñen por finalidade indica-lo bordo da calzada, a presenza dunha curva e o sentido de circulación, os límites de obras de fábrica ou outros obstáculos. Son os seguintes:

1.º Fito de vértice: elemento de balizamento en forma semicilíndrica na súa cara frontal, provisto de triángulos simetricamente opostos, de material retrorreflector, que indica o punto en que se separan dúas correntes de tráfico.

2.º Fito de aresta: elemento que ten como finalidade primordial baliza-los bordos das estradas principalmente durante as horas nocturnas ou de baixa visibilidade.

3.º Paneis direccionais permanentes: dispositivos de balizamento implantados con vistas a guiar e sinalarlles ós usuarios un perigo puntual, mediante o cal se informa sobre o sentido de circulación.

4.º Captafaros horizontais (ollos de gato).

5.º Captafaros de barreira.

6.º Balizas planas: indican o bordo da calzada, os límites de obras de fábrica ou outros obstáculos na vía.

7.º Balizas cilíndricas: reforzan calquera medida de seguridade, e non se pode franquea-la liña, imaxinaria ou non, que as une.

8.º Barreiras laterais: ríxidas, semirríxidas e desprazables. Indican o bordo da plataforma e protexen fronte a saídas da vía.

3. A forma, cor, deseño, símbolos, significado e dimensións dos sinais de balizamento axustarase ó que se establece no catálogo oficial de sinais de circulación.

SECCIÓN 3.^a DOS SEMÁFOROS

Artigo 145. *Semáforos reservados para peóns.*

O significado das luces destes semáforos é o seguinte:

a) Unha luz vermella non intermitente, en forma de peón inmóbil, indícalles ós peóns que non deben comezar a cruza-la calzada.

b) Unha luz verde non intermitente, en forma de peón en marcha, indícalles ós peóns que poden comezar a atravesala calzada. Cando esta luz pase a intermitente, significa que o tempo de que aínda dispoñen para terminar de atravesala calzada está a punto de finalizar e que se vai acende-la luz vermella.

Artigo 146. *Semáforos circulares para vehículos.*

O significado das súas luces e frechas é o seguinte:

a) Unha luz vermella non intermitente prohibe o paso. Mentres permanece acesa, os vehículos non deben excede-lo semáforo nin, se existe, a liña de detención anterior máis próxima a aquel. Se o semáforo estivese dentro ou ó lado oposto dunha intersección, os vehículos non se deben internar nesta nin, se existe, excede-la liña de detención situada antes daquela.

b) Unha luz vermella intermitente, ou dúas luces vermellas alternativamente intermitentes, prohiben temporalmente o paso ós vehículos antes dun paso a nivel, unha entrada a unha ponte móbil ou a un pontón transbordador, nas proximidades dunha saída de vehículos de extinción de incendios ou con motivo da aproximación dunha aeronave a escasa altura.

c) Unha luz amarela non intermitente significa que os vehículos se deben deter nas mesmas condicións que se se tratase dunha luz vermella fixa, a non ser que, cando se acenda, o vehículo se encontre tan preto do lugar de detención que non se poida deter antes do semáforo en condicións de seguridade suficientes.

d) Unha luz amarela intermitente ou dúas luces amarelas alternativamente intermitentes obrigan os condutores a extrema-la precaución e, se é o caso, cede-lo paso. Ademais, non eximen do cumprimento doutros sinais que obriguen a se deter.

e) Unha luz verde non intermitente significa que está permitido o paso con prioridade, excepto nos supostos a que se refire o artigo 59.1.

f) Unha frecha negra sobre unha luz vermella non intermitente ou sobre unha luz amarela non cambia o significado destas luces, pero limitao exclusivamente ó movemento indicado pola frecha.

g) Unha frecha verde que se ilumina sobre un fondo circular negro significa que os vehículos poden toma-la dirección e o sentido indicados por aquela, calquera que sexa a luz que estea simultaneamente acesa no mesmo semáforo ou noutro contiguo.

Calquera vehículo que, ó se acende-la frecha verde, se encontre nun carril reservado exclusivamente para

a circulación na dirección e sentidos indicados pola frecha ou que, sen estar reservado, sexa o que esta circulación teña que utilizar, deberá avanzar nesa dirección e sentido.

Os vehículos que avancen seguindo a indicación dunha frecha verde deben facelo con precaución, deixando pasa-los vehículos que circulen polo carril a que se incorporen e non pondo en perigo os peóns que estean cruzando a calzada.

Artigo 147. *Semáforos cadrados para vehículos, ou de carril.*

Os semáforos de ocupación de carril afectan exclusivamente os vehículos que circulen polo carril sobre que están situados ou no que se indique no panel de sinalización variable, e o significado das súas luces é o seguinte:

a) Unha luz vermella en forma de aspa determina a prohibición de ocupa-lo carril indicado. Os condutores dos vehículos que circulen por este carril deberán abandonar no tempo máis breve posible.

b) Unha luz verde en forma de frecha apuntada cara a abaixo indica que está permitido circular polo carril correspondente. Esta autorización de utiliza-lo carril non exime da obriga de se deter ante unha luz vermella circular ou, por excepción ó disposto sobre a orde de preeminencia no artigo 133, de obedecer calquera outro sinal ou marca vial que obrigue a se deter ou a cede-lo paso, ou, na súa ausencia, do cumprimento das normas xerais sobre prioridade de paso.

c) Unha luz branca ou amarela en forma de frecha, intermitente ou fixa, apuntada cara a abaixo en forma oblicua, indícalles ós usuarios do carril correspondente a necesidade de irse incorporando en condicións de seguridade ó carril cara a que apunta a frecha, pois que aquel polo que circula vai quedar pechado en curto espacio.

Artigo 148. *Semáforos reservados a determinados vehículos.*

1. Cando as luces dos semáforos presentan a silueta iluminada dun ciclo, as súas indicacións refírense exclusivamente a ciclos e ciclomotores.

2. Cando, excepcionalmente, o semáforo consista nunha franxa branca iluminada sobre fondo circular negro, as súas indicacións refírense exclusivamente ós tranvías e ós autobuses de liñas regulares, a non ser que exista un carril reservado para autobuses ou para autobuses, taxis e outros vehículos; en tal caso, só se refíren ós que circulen por el. O significado destes semáforos é o seguinte:

a) Unha franxa branca horizontal iluminada prohibe o paso nas mesmas condicións que a luz vermella non intermitente.

b) Unha franxa branca vertical iluminada permite o paso de fronte.

c) Unha franxa branca oblicua, cara á esquerda ou cara á dereita, iluminada, indica que está permitido o paso para xirar á esquerda ou á dereita, respectivamente.

d) Unha franxa branca, vertical ou oblicua, iluminada intermitentemente, indica que os citados vehículos se deben deter nas mesmas condicións que se se tratase dunha luz amarela fixa.

SECCIÓN 4.^a DOS SINAIS VERTICAIS DE CIRCULACIÓN

Subsección 1.^a *Dos sinais de advertencia de perigo*

Artigo 149. *Obxecto e tipos.*

1. Os sinais de advertencia de perigo teñen por obxecto indicarlles ós usuarios da vía a proximidade e

a natureza dun perigo difícil de ser percibido a tempo, con obxecto de que se cumpran as normas de comportamento que, en cada caso, sexan procedentes.

2. A distancia entre o sinal e o principio do tramo perigoso poderase indicar nun panel complementario do modelo recollido no catálogo oficial de sinais de circulación.

3. Se un sinal de advertencia de perigo levase un panel complementario que indique unha lonxitude, entenderase que esta se refire á do tramo de vía afectado polo perigo, como unha sucesión de curvas perigosas ou un tramo de calzada en mal estado.

4. Cando se trate de sinais luminosos, poderase admitir que os símbolos aparezan iluminados en branco sobre fondo escuro non luminoso.

5. Os tipos de sinais de advertencia de perigo, coa súa nomenclatura e significado respectivos, son os seguintes:

P-1 Intersección con prioridade. Perigo pola proximidade dunha intersección cunha vía os usuarios da cal deben cede-lo paso.

P-1 a. Intersección con prioridade sobre vía á dereita. Perigo pola proximidade dunha intersección cunha vía á dereita os usuarios da cal deben cede-lo paso.

P-1 b. Intersección con prioridade sobre vía á esquerda. Perigo pola proximidade dunha intersección cunha vía á esquerda os usuarios da cal deben cede-lo paso.

P-1 c. Intersección con prioridade sobre incorporación pola dereita. Perigo pola proximidade dunha incorporación pola dereita dunha vía os usuarios da cal deben cede-lo paso.

P-1 d. Intersección con prioridade sobre incorporación pola esquerda. Perigo pola proximidade dunha incorporación pola esquerda dunha vía os usuarios da cal deben cede-lo paso.

P-2. Intersección con prioridade da dereita. Perigo pola proximidade dunha intersección en que rexe a regra xeral de prioridade de paso.

P-3. Semáforos. Perigo pola proximidade dunha intersección illada ou tramo coa circulación regulada por semáforos.

P-4. Intersección con circulación xiratoria. Perigo pola proximidade dunha intersección onde a circulación se efectúa de forma xiratoria no sentido das frechas.

P-5. Ponte móbil. Perigo ante a proximidade dunha ponte que pode ser levantada ou xirada, interrompéndose así temporalmente a circulación.

P-6. Cruzamento de tranvía. Perigo pola proximidade de cruzamento cunha liña de tranvía, que ten prioridade de paso.

P-7. Paso a nivel con barreiras. Perigo pola proximidade dun paso a nivel provisto de barreiras ou semibarreiras.

P-8. Paso a nivel sen barreiras. Perigo pola proximidade dun paso a nivel non provisto de barreiras ou semibarreiras.

P-9 a. Proximidade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado dereito). Indica, no lado dereito, a proximidade de perigo sinalizado dun paso a nivel, dunha ponte móbil ou dun peirao. Esta baliza vai sempre acompañada do sinal P-5, P-7, P-8 ou P-27.

P-9 b. Aproximación a un paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado dereito). Indica, no lado dereito, a aproximación a un paso a nivel, ponte móbil ou peirao, que dista deste polo menos dous tercios da distancia entre el e o correspondente sinal de advertencia do perigo.

P-9 c. Proximidade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado dereito). Indica, no lado dereito, a proxi-

midade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao que dista deste polo menos un tercio da distancia entre el e o correspondente sinal de advertencia do perigo.

P-10 a. Proximidade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado esquerdo). Indica, no lado esquerdo, a proximidade de perigo sinalizado dun paso a nivel, dun ponte móbil ou dun peirao. Esta baliza vai sempre acompañada do sinal P-5, P-7, P-8 ou P-27.

P-10 b. Aproximación a un paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado esquerdo). Indica, no lado esquerdo, a aproximación a un paso a nivel, ponte móbil ou peirao, que dista deste polo menos dous tercios da distancia entre el e o correspondente sinal de advertencia do perigo.

P-10 c. Proximidade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado esquerdo). Indica, no lado esquerdo, a proximidade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao que dista deste polo menos un tercio da distancia entre el e o correspondente sinal de advertencia do perigo.

P-11. Situación dun paso a nivel sen barreiras. Perigo pola presenza inmediata dun paso a nivel sen barreiras.

P-11 a. Situación dun paso a nivel sen barreiras de máis dunha vía férrea. Perigo pola presenza inmediata dun paso a nivel sen barreiras con máis dunha vía férrea.

P-12. Aeroporto. Perigo pola proximidade dun lugar onde frecuentemente voan aeronaves a baixa altura sobre a vía e que poden orixinar ruídos imprevistos.

P-13 a. Curva perigosa cara á dereita. Perigo pola proximidade dunha curva perigosa cara á dereita.

P-13 b. Curva perigosa cara á esquerda. Perigo pola proximidade dunha curva perigosa cara á esquerda.

P-14 a. Curvas perigosas cara á dereita. Perigo pola proximidade dunha sucesión de curvas próximas entre si; a primeira, cara á dereita.

P-14 b. Curvas perigosas cara á esquerda. Perigo pola proximidade dunha sucesión de curvas próximas entre si; a primeira, cara á esquerda.

P-15. Perfil irregular. Perigo pola proximidade dunha lomba ou depresión na vía ou pavimento en mal estado.

P-15 a. Lomba. Perigo pola proximidade dunha lomba na vía.

P-15 b. Depresión. Perigo pola proximidade dun badén na vía.

P-16 a. Baixada con forte pendente. Perigo pola existencia dun tramo de vía con forte pendente descendente. A cifra indica a pendente en porcentaxe.

P-16 b. Subida con forte pendente. Perigo pola existencia dun tramo de vía con forte pendente ascendente. A cifra indica a pendente en porcentaxe.

P-17. Estreitamento de calzada. Perigo pola posibilidade dunha zona da vía en que se estreita a calzada.

P-17 a. Estreitamento de calzada pola dereita. Perigo pola proximidade dunha zona da vía en que a calzada se estreita polo lado da dereita.

P-17 b. Estreitamento de calzada pola esquerda. Perigo pola proximidade dunha zona da vía en que a calzada se estreita polo lado da esquerda.

P-18. Obras. Perigo pola proximidade dun tramo de vía en obras.

P-19. Pavimento esvaradío. Perigo pola proximidade dunha zona da calzada o pavimento da cal pode resultar moi esvaradío.

P-20. Peóns. Perigo pola proximidade dun lugar frecuentado por peóns.

P-21. Nenos. Perigo pola proximidade dun lugar frecuentado por nenos, tales como escolas, zona de xogos, etc.

P-22. Ciclista. Perigo pola proximidade dun paso para ciclistas ou dun lugar onde frecuentemente os ciclistas saen á vía ou a cruzan.

P-23. Paso de animais domésticos. Perigo pola proximidade dun lugar onde frecuentemente a vía pode ser atravesada por animais domésticos.

P-24. Paso de animais en liberdade. Perigo pola proximidade dun lugar onde frecuentemente a vía pode ser atravesada por animais en liberdade.

P-25. Circulación nos dous sentidos. Perigo pola proximidade dunha zona da calzada onde a circulación se realiza provisional ou permanentemente nos dous sentidos.

P-26. Desprendemento. Perigo pola proximidade a unha zona con desprendementos frecuentes e a conseguinte posible presenza de obstáculos na calzada.

P-27. Peirao. Perigo debido a que a vía desemboca nun peirao ou nunha corrente de auga.

P-28. Proxección de grava. Perigo pola proximidade dun tramo de vía de onde existe o risco de que se proxecte grava ó pasaren os vehículos.

P-29. Vento transversal. Perigo pola proximidade dunha zona de onde sopra frecuentemente vento forte en dirección transversal.

P-30. Chanzo lateral. Perigo pola existencia dun desnivel ó longo da vía no lado que indique o símbolo.

P-31. Conxestión. Perigo pola proximidade dun tramo en que a circulación se encontra detida ou dificultada por conxestión do tráfico.

P-32. Obstrución na calzada. Perigo pola proximidade dun lugar en que hai vehículos que obstrúen a calzada debido a avaría, accidente ou outras causas.

P-33. Visibilidade reducida. Perigo pola proximidade dun tramo en que a circulación se ve dificultada por unha perda notable de visibilidade debida a néboa, chuvia, neve, fumes, etc.

P-34. Pavimento esvaradío por xeo ou neve. Perigo pola proximidade dunha zona de calzada o pavimento da cal pode resultar especialmente esvaradío a causa do xeo ou neve.

P-50. Outros perigos. Indica a proximidade dun perigo distinto dos advertidos por outros sinais.

6. A forma, cor, deseño, símbolos, significado e dimensións dos sinais de advertencia de perigo son os que figuran no catálogo oficial de sinais de circulación. A forma, símbolos e nomenclatura figuran tamén no anexo I deste regulamento.

Subsección 2.^a Dos sinais de regulamentación

Artigo 150. Obxecto, clases e normas comúns.

1. Os sinais de regulamentación teñen por obxecto indicarlles ós usuarios da vía as obrigas, limitacións ou prohibicións especiais que deben observar.

2. Os sinais de regulamentación subdivídense en:

- a) Sinais de prioridade.
- b) Sinais de prohibición de entrada.
- c) Sinais de restricción de paso.
- d) Outros sinais de prohibición ou restricción.
- e) Sinais de obriga.
- f) Sinais de fin de prohibición ou restricción.

3. Os sinais de regulamentación colocados ó lado ou na vertical dun sinal que indique o nome da poboación significan que a regulamentación se aplica a toda a poboación, excepto se neste se indicase outra regulamentación distinta mediante outros sinais en certos tramos da vía.

4. As obrigas, limitacións ou prohibicións especiais establecidas polos sinais de regulamentación rexerán a partir da sección transversal onde estean colocados os ditos sinais, salvo que mediante un panel complementario colocado debaixo delas se indique a distancia á sección onde empecen a rexe-los citados sinais.

Artigo 151. *Sinais de prioridade.*

1. Os sinais de prioridade están destinadas a pór en coñecemento dos usuarios da vía regras especiais de prioridade nas interseccións ou nos pasos estreitos.

2. A nomenclatura e significado dos sinais de prioridade son os seguintes:

R-1. Ceda o paso. Obriga para todo condutor de cede-lo paso na próxima intersección ós vehículos que circulen pola vía a que se aproxime ou ó carril a que se pretende incorporar.

R-2. Detención obrigatoria ou stop. Obriga para todo condutor de dete-lo seu vehículo ante a próxima liña de detención ou, se non existe, inmediatamente antes da intersección, e cede-lo paso nela ós vehículos que circulen pola vía a que se aproxime.

Se, por circunstancias excepcionais, desde o lugar onde se efectuou a detención non existe visibilidade suficiente, o condutor deberá deterse de novo no lugar desde onde teña visibilidade, sen pór en perigo ningún usuario da vía.

R-3. Calzada con prioridade. Indícalles ós condutores dos vehículos que circulen por unha calzada a súa prioridade nas interseccións sobre os vehículos que circulen por outra calzada.

R-4. Fin de prioridade. Indica a proximidade do lugar en que a calzada por que se circula perde a súa prioridade respecto a outra calzada.

R-5. Prioridade en sentido contrario. Prohibición de entrada nun paso estreito mentres non sexa posible atravesalo sen obriga-los vehículos que circulen en sentido contrario a se deteren.

R-6. Prioridade respecto ó sentido contrario. Indícalles os condutores que, nun próximo paso estreito, teñen prioridade con relación ós vehículos que circulen en sentido contrario.

3. Aínda que non responden ós requisitos do artigo 150.1, son tamén sinais de prioridade os P-1, P-1 a, P-1 b, P-1 c, P-1 d, P-2, P-6, P-7 e P-8.

Artigo 152. *Sinais de prohibición de entrada.*

Os sinais de prohibición de entrada, para os que os encontren de fronte no sentido da súa marcha e a partir do lugar en que están situados, prohiben o acceso ós vehículos ou usuarios, na forma que a seguir se detalla:

R-100. Circulación prohibida. Prohibición de circulación de toda clase de vehículos en ámbolos sentidos.

R-101. Entrada prohibida. Prohibición de acceso a toda clase de vehículos.

R-102. Entrada prohibida a vehículos de motor. Prohibición de acceso a vehículos de motor.

R-103. Entrada prohibida a vehículos de motor, excepto motocicletas de dúas rodas sen sidecar. Prohibición de acceso a vehículos de motor. Non prohibe o acceso a motocicletas de dúas rodas.

R-104. Entrada prohibida a motocicletas. Prohibición de acceso a motocicletas.

R-105. Entrada prohibida a ciclomotores. Prohibición de acceso a ciclomotores de dúas e tres rodas e cuadríciclos lixeiros. Igualmente prohibe a entrada a vehículos para persoas de mobilidade reducida.

R-106. Entrada prohibida a vehículos destinados ó transporte de mercadorías. Prohibición de acceso a vehículos destinados ó transporte de mercadorías, entendéndose como tales camións e furgóns independentemente da súa masa.

R-107. Entrada prohibida a vehículos destinados ó transporte de mercadorías con maior masa autorizada que a indicada. Prohibición de acceso a toda clase de vehículos destinados ó transporte de mercadorías se a

súa masa máxima autorizada é superior á indicada no sinal, entendéndose como tales os camións e furgóns con maior masa autorizada que a indicada no sinal. Prohibe o acceso aínda que circulen baleiros.

R-108. Entrada prohibida a vehículos que transporten mercadorías perigosas. Prohibición de paso a toda clase de vehículos que transporten mercadorías perigosas e que deban circular de acordo coa súa regulamentación especial.

R-109. Entrada prohibida a vehículos que transporten mercadorías explosivas ou inflamables. Prohibición de paso a toda clase de vehículos que transporten mercadorías explosivas ou facilmente inflamables e que deban circular de acordo coa súa regulamentación especial.

R-110. Entrada prohibida a vehículos que transporten produtos contaminantes da auga. Prohibición de paso a toda clase de vehículos que transporten máis de 1.000 litros de produtos capaces de contaminar a auga.

R-111. Entrada prohibida a vehículos agrícolas de motor. Prohibición de acceso a tractores e outras máquinas agrícolas autopropulsadas.

R-112. Entrada prohibida a vehículos de motor con remolque, que non sexa un semirremolque ou un remolque dun só eixe. A inscrición dunha cifra de tonelaxe, xa sexa sobre a silueta do remolque, xa sexa nunha placa suplementaria, significa que a prohibición de paso só se aplica cando a masa máxima autorizada do remolque supere esta cifra.

R-113. Entrada prohibida a vehículos de tracción animal. Prohibición de acceso a vehículos de tracción animal.

R-114. Entrada prohibida a ciclos. Prohibición de acceso a ciclos.

R-115. Entrada prohibida a carros de man. Prohibición de acceso a carros de man.

R-116. Entrada prohibida a peóns. Prohibición de acceso a peóns.

R-117. Entrada prohibida a cabalgaduras. Prohibición de acceso a cabalgaduras.

Artigo 153. *Sinais de restricción de paso.*

Os sinais de restricción de paso, para os que os encontren de fronte no sentido da súa marcha e a partir do lugar en que están situados, prohiben ou limitan o acceso dos vehículos na forma que a seguir se detalla:

R-200. Prohibición de pasar sen se deter. Indica o lugar onde é obrigatoria a detención pola proximidade, segundo a inscrición que conteña, dun posto de aduana, de policía, de peaxe ou outro, e que tras eles poden estar instalados medios mecánicos de detención. En todo caso, o condutor así detido non poderá reiniciar a súa marcha ata cumprila prescrición que o sinal establece.

R-201. Limitación de masa. Prohibición de paso dos vehículos cunha masa en carga que supere a indicada en toneladas.

R-202. Limitación de masa por eixe. Prohibición de paso ós vehículos cunha masa por eixe transmitida pola totalidade das rodas dalgún dos eixes que supere a indicada no sinal.

R-203. Limitación de lonxitude. Prohibición de paso dos vehículos ou conxunto de vehículos cunha lonxitude máxima, incluída a carga, que supere a indicada.

R-204. Limitación de largura. Prohibición de paso dos vehículos dunha largura máxima, incluída a carga, que supere a indicada.

R-205. Limitación de altura. Prohibición de paso dos vehículos dunha altura máxima, incluída a carga, que supere a indicada.

Artigo 154. Outros sinais de prohibición ou restricción.

A nomenclatura e significado destes sinais son os seguintes:

R-300. Separación mínima. Prohibición de circular sen manter co vehículo precedente unha separación igual ou maior á indicada no sinal, excepto para adiantar. Se aparece sen a indicación en metros, recorda de forma xenérica que se debe gardar a distancia de seguridade entre vehículos establecida no artigo 54.

R-301. Velocidade máxima. Prohibición de circular a velocidade superior, en quilómetros por hora, á indicada no sinal. Obriga desde o lugar en que estea situado ata o próximo sinal «Fin de limitación de velocidade», de «Fin de prohibicións» ou outro de «Velocidade máxima», agás que estea colocado no mesmo poste que un sinal de advertencia de perigo ou no mesmo panel que este, caso en que a prohibición finaliza cando termine o perigo sinalado. Situado nunha vía sen prioridade, deixa de ter vixencia ó saír dunha intersección cunha vía con prioridade. Se o límite indicado polo sinal coincide coa velocidade máxima permitida para o tipo de vía, recorda de forma xenérica a prohibición de a superar.

R-302. Xiro á dereita prohibido. Prohibición de xirar á dereita.

R-303. Xiro á esquerda prohibido. Prohibición de xirar á esquerda. Inclúe, tamén, a prohibición do cambio de sentido de marcha.

R-304. Media volta prohibida. Prohibición de efectuar-la manobra de cambio de sentido da marcha.

R-305. Adiantamento prohibido. Como engadido ós principios xerais sobre adiantamento, indica a prohibición a tódolos vehículos de adiantar os vehículos de motor que circulen pola calzada, salvo que estes sexan motocicletas de dúas rodas e sempre que non se invada a zona reservada ó sentido contrario, a partir do lugar en que estea situado o sinal e ata o próximo sinal de «Fin de prohibición de adiantamento» ou de «Fin de prohibicións». Colocada naqueles lugares onde por norma estea prohibido o adiantamento, recorda de forma xenérica a prohibición de efectuar esta manobra.

R-306. Adiantamento prohibido para camións. Prohibición ós camións cunha masa máxima autorizada que exceda 3.500 quilogramos de adiantaren os vehículos de motor que circulen pola calzada, agás que estes sexan motocicletas de dúas rodas e sempre que non se invada a zona reservada ó sentido contrario, a partir do lugar en que estea situado o sinal e ata o próximo sinal de «Fin de prohibición de adiantamento para camións» ou de «Fin de prohibicións».

R-307. Parada e estacionamento prohibido. Prohibición de parada e estacionamento no lado da calzada en que estea situado o sinal. Agás indicación en contrario, a prohibición comeza na vertical do sinal e termina na intersección máis próxima.

R-308. Estacionamento prohibido. Prohibición de estacionamento no lado da calzada en que estea situado o sinal. Agás indicación en contrario, a prohibición comeza na vertical do sinal e termina na intersección máis próxima. Non prohibe a parada.

R-308 a. Estacionamento prohibido os días impares. Prohibición de estacionamento, no lado da calzada en que estea situado o sinal, os días impares. Agás indicación en contrario, a prohibición comeza na vertical do sinal e termina na intersección máis próxima. Non prohibe a parada.

R-308 b. Estacionamento prohibido os días pares. Prohibición de estacionamento, no lado da calzada en que estea situado o sinal, os días pares. Agás indicación en contrario, a prohibición comeza na vertical do sinal e termina na intersección máis próxima. Non prohibe a parada.

R-308 c. Estacionamento prohibido a primeira quincena. Prohibición de estacionamento, no lado da calzada en que estea situado o sinal, desde as nove horas do día 1 ata as nove horas do día 16. Agás indicación en contrario, a prohibición comeza na vertical do sinal e termina na intersección máis próxima. Non prohibe a parada.

R-308 d. Estacionamento prohibido a segunda quincena. Prohibición de estacionamento no lado da calzada en que estea situado o sinal, desde as nove horas do día 16 ata as nove horas do día 1. Agás indicación en contrario, a prohibición comeza na vertical do sinal e termina na intersección máis próxima. Non prohibe a parada.

R-308 e. Estacionamento prohibido en vao. Prohibe o estacionamento diante dun vao.

R-309. Zona de estacionamento limitado. Zona de estacionamento de duración limitada e obriga para o condutor de indicar, de forma regulamentaria, a hora do comezo do estacionamento. Poderase incluí-lo tempo máximo autorizado de estacionamento e o horario de vixencia da limitación. Tamén se poderá incluír se o estacionamento está suxeito a pagamento.

R-310. Advertencias acústicas prohibidas. Recorda a prohibición xeral de efectuar sinais acústicos, agás para evitar un accidente.

Artigo 155. Sinais de obriga.

Son aqueles sinais que sinalan unha norma de circulación obrigatoria. A súa nomenclatura e significado son os seguintes:

R-400 a, b, c, d e e. Sentido obrigatorio. A frecha sinala a dirección e sentido que os vehículos teñen a obriga de seguir.

R-401 a, b e c. Paso obrigatorio. A frecha sinala o lado ou os lados do refuxio polos que os vehículos terán que pasar.

R-402. Intersección de sentido xiratorio-obrigatorio. As frechas sinalan a dirección e sentido do movemento xiratorio que os vehículos deben seguir.

R-403 a, b e c. Únicas direccións e sentidos permitidos. As frechas sinalan as únicas direccións e sentidos que os vehículos poden tomar.

R-404. Calzada para automóviles, excepto motocicletas sen sidecar. Obriga para os condutores de automóviles, excepto motocicletas, de circular pola calzada á entrada da calzada situada.

R-405. Calzada para motocicletas sen sidecar. Obriga para os condutores de motocicletas de circular pola calzada á entrada da calzada situada.

R-406. Calzada para camións, furgóns e furgonetas. Obriga para os condutores de toda clase de camións e furgóns, independentemente da súa masa, de circular pola calzada á entrada da calzada situada. A inscrición dunha cifra de tonelaxe, xa sexa sobre a silueta do vehículo, xa sexa noutra placa suplementaria, significa que a obriga só se aplica cando a masa máxima autorizada do vehículo ou do conxunto de vehículos supere a citada cifra.

R-407 a. Vía reservada para ciclos ou vía ciclista. Obriga para os condutores de ciclos de circular pola vía á entrada da calzada situada e prohibición ós demais usuarios da vía de utilizala.

R-407 b. Vía reservada a ciclomotores. Obriga para os condutores de ciclomotores de circular pola vía á entrada da calzada situada e prohibición ós demais usuarios da vía de utilizala.

R-408. Camiño para vehículos de tracción animal. Obriga para os condutores de vehículos de tracción animal de utilizalo camiño á entrada da calzada situada.

R-409. Camiño reservado para cabalgaduras. Obriga para os xinetes de utilizar coas súas cabalgaduras

o camiño á entrada do cal estea situado e prohibición ós demais usuarios da vía de utilízalo.

R-410. Camiño reservado para peóns. Obriga para os peóns de transitaren polo camiño á entrada do cal estea situada e prohibición ós demais usuarios da vía de utilízalo.

R-411. Velocidade mínima. Obriga para os condutores de vehículos de circular, polo menos, á velocidade indicada pola cifra, en quilómetros por hora, que figure no sinal, desde o lugar en que estea situado ata outro de velocidade mínima diferente, ou de fin de velocidade mínima ou de velocidade máxima de valor igual ou inferior.

R-412. Cadeas para neve. Obriga de non proseguir a marcha sen cadeas para neve ou outros dispositivos autorizados, que actúen polo menos nunha roda a cada lado do mesmo eixe motor.

R-413. Luz de curto alcance. Obriga para os condutores de circular coa luz de curto alcance polo menos, con independencia das condicións de visibilidade e iluminación da vía, desde o lugar en que estea situado o sinal ata outro de fin desta obriga.

R-414. Calzada para vehículos que transporten mercadorías perigosas. Obriga para os condutores de toda clase de vehículos que transporten mercadorías perigosas de circular pola calzada á entrada da cal estea situado e que deben circular de acordo coa súa regulamentación especial.

R-415. Calzada para vehículos que transporten produtos contaminantes da auga. Obriga para os condutores de toda clase de vehículos que transporten máis de 1.000 litros de produtos capaces de contaminar a auga de circular pola calzada á entrada da cal estea situado.

R-416. Calzada para vehículos que transportan mercadorías explosivas e inflamables. Obriga para os condutores de toda clase de vehículos que transporten mercadorías explosivas ou facilmente inflamables de circular pola calzada á entrada da cal estea situado e que deben circular de acordo coa súa regulamentación especial.

R-417. Uso obrigatorio do cinto de seguridade. Obriga de utilización do cinto de seguridade.

R-418. Vía exclusiva para vehículos dotados de equipamento de telepeaxe operativa. Telepeaxe obrigatoria. Obriga de efectuar o pagamento da peaxe mediante o sistema de peaxe dinámica ou telepeaxe; o vehículo que circule polo carril ou carrís así sinalizados deberá estar provisto do medio técnico que posibilite o seu uso en condicións operativas de acordo coas disposicións legais na materia.

Artigo 156. *Sinais de fin de prohibición ou restricción.*

A nomenclatura e o significado dos sinais de fin de prohibición ou restricción son os seguintes:

R-500. Fin de prohibicións. Sinala o lugar desde o que tódalas prohibicións específicas indicadas por anteriores sinais de prohibición para vehículos en movemento deixan de ter aplicación.

R-501. Fin da limitación de velocidade. Sinala o lugar desde onde deixa de ser aplicable un anterior sinal de velocidade máxima.

R-502. Fin da prohibición de adiantamento. Sinala o lugar desde onde deixa de ser aplicable un anterior sinal de adiantamento prohibido.

R-503. Fin da prohibición de adiantamento para camións. Sinala o lugar desde onde deixa de ser aplicable un anterior sinal de adiantamento prohibido para camións.

R-504. Fin de zona de estacionamento limitado. Sinala o lugar desde onde deixa de ser aplicable un anterior sinal de zona de estacionamento limitado.

R-505. Fin de vía reservada para ciclos. Sinala o lugar desde onde deixa de ser aplicable un anterior sinal de vía reservada para ciclos.

R-506. Fin de velocidade mínima. Sinala o lugar desde onde deixa de ser aplicable un anterior sinal de velocidade mínima.

Artigo 157. *Formato dos sinais de regulamentación.*

1. A forma, cor, deseño, símbolos, significado e dimensións dos sinais de regulamentación son os que figuran no catálogo oficial de sinais de circulación. A forma, símbolos e nomenclatura figuran tamén no anexo I deste regulamento.

2. Cando os sinais a que se refiren os artigos 151, 152, 153, 154 e 156 sexan luminosos, poderase admitir que os símbolos aparezan iluminados en branco sobre fondo escuro non luminoso.

Subsección 3.^a Dos sinais de indicación

Artigo 158. *Obxecto e tipos.*

1. Os sinais de indicación teñen por obxecto facilitar ó usuario das vías certas indicacións que lle poden ser de utilidade.

2. Os sinais de indicación poden ser:

- a) Sinais de indicacións xerais.
- b) Sinais de carrís.
- c) Sinais de servizo.
- d) Sinais de orientación.
- e) Paneis complementarios.
- f) Outros sinais.

3. Os paneis complementarios colocados debaixo dun sinal de indicación poderán expresala distancia entre o dito sinal e o lugar así sinalado. A indicación desta distancia poderá figurar tamén, se é o caso, na parte inferior do propio sinal.

Artigo 159. *Sinais de indicacións xerais.*

A nomenclatura e significado dos sinais de indicacións xerais son os seguintes:

S-1. Autoestrada. Indica o principio dunha autoestrada e, por tanto, o lugar a partir do cal se aplican as regras especiais de circulación neste tipo de vía. O símbolo deste sinal pode anunciar a proximidade dunha autoestrada ou indica-lo ramal dunha intersección que conduce a unha autoestrada.

S-1 a. Autovía. Indica o principio dunha autovía e, por tanto, o lugar a partir do cal se aplican as regras especiais de circulación neste tipo de vía. O símbolo deste sinal pode anunciar a proximidade dunha autovía ou indica-lo ramal dunha intersección que conduce a unha autovía.

S-2. Fin de autoestrada. Indica o final dunha autoestrada.

S-2 a. Fin de autovía. Indica o final dunha autovía.

S-3. Vía reservada para automóbiles. Indica o principio dunha vía reservada á circulación de automóbiles.

S-4. Fin de vía reservada para automóbiles. Indica o final dunha vía reservada para automóbiles.

S-5. Túnel. Indica o principio e eventualmente o nome dun túnel, dun paso inferior ou dun tramo de vía equiparado a túnel. Poderá levar na súa parte inferior a indicación da lonxitude do túnel en metros.

S-6. Fin de túnel. Indica o final dun túnel, dun paso inferior ou dun tramo de vía equiparado a túnel.

S-7. Velocidade máxima aconsellable. Recomenda unha velocidade aproximada de circulación, en quiló-

metros por hora, que se aconsella non exceder, aínda que as condicións meteorolóxicas e ambientais da vía e da circulación sexan favorables. Cando está colocada baixo un sinal de advertencia de perigo, a recomendación refírese ó tramo en que o dito perigo subsista.

S-8. Fin de velocidade máxima aconsellada. Indica o final dun tramo en que se recomenda circular á velocidade en quilómetros por hora indicada no sinal.

S-9. Intervalo aconsellado de velocidades. Recomenda mante-la velocidade entre os valores indicados, sempre que as condicións meteorolóxicas e ambientais da vía e da circulación sexan favorables. Cando está colocada debaixo dun sinal de advertencia de perigo, a recomendación refírese ó tramo en que o dito perigo subsista.

S-10. Fin de intervalo aconsellado de velocidades. Indica o lugar desde onde deixa de ser aplicable un anterior sinal de intervalo aconsellado de velocidades.

S-11. Calzada de sentido único. Indica que, na calzada que se prolonga na dirección da frecha, os vehículos deben circular no sentido indicado por esta, e que está prohibida a circulación en sentido contrario.

S-11 a. Calzada de sentido único. Indica que, na calzada que se prolonga na dirección das frechas (dous carrís), os vehículos deben circular no sentido indicado por estas, e que está prohibida a circulación en sentido contrario.

S-11 b. Calzada de sentido único. Indica que, na calzada que se prolonga na dirección das frechas (tres carrís), os vehículos deben circular no sentido indicado por estas, e que está prohibida a circulación en sentido contrario.

S-12. Tramo de calzada de sentido único. Indica que, no tramo de calzada que se prolonga na dirección da frecha, os vehículos deben circular no sentido indicado por esta, e que está prohibida a circulación en sentido contrario.

S-13. Situación dun paso para peóns. Indica a situación dun paso para peóns.

S-14 a. Paso superior para peóns. Indica a situación dun paso superior para peóns.

S-14 b. Paso inferior para peóns. Indica a situación dun paso inferior para peóns.

S-15 a, b, c e d. Presinalización de calzada sen saída. Indican que, da calzada que figura no sinal cun recadro vermello, os vehículos só poden saír polo lugar de entrada.

S-16. Zona de freada de emerxencia. Indica a situación dunha zona de escape da calzada, acondicionada para que un vehículo poida ser detido en caso de fallo do seu sistema de freada.

S-17. Estacionamento. Indica un lugar onde está autorizado o estacionamento de vehículos. Unha inscrición ou un símbolo, que representa certas clases de vehículos, indica que o estacionamento está reservado a esas clases. Unha inscrición con indicacións de tempo limita a duración do estacionamento sinalado.

S-18. Lugar reservado para taxis. Indica o lugar reservado á parada e ó estacionamento de taxis libres e en servizo. A inscrición dun número indica o número total de espazos reservados para este fin.

S-19. Parada de autobuses. Indica o lugar reservado para parada de autobuses.

S-20. Parada de tranvías. Indica o lugar reservado para parada de tranvías.

S-21. Transitabilidade en tramo ou porto de montaña. Indica a situación de transitabilidade do porto ou tramo definido na parte superior do sinal.

S-21.1 a, b, c, d e e. Transitabilidade en tramo ou porto de montaña. O panel 1 pode ir en branco coa inscrición «ABERTO»; en tal caso, indica que poden circular tódolos vehículos sen restricción; en verde, que indica que o porto está transitable, ben que existe pro-

hibición de adiantar para os camións con masa máxima autorizada maior de 3.500 quilogramos; amarelo, que indica que o porto está transitable, excepto para os camións con masa máxima autorizada maior de 3.500 quilogramos e vehículos articulados, e os turismos e autobuses circularán a unha velocidade máxima de 60 km/h; vermello, que indica que para circular é obrigatorio o uso de cadeas ou pneumáticos especiais a unha velocidade máxima de 30 km/h e que está prohibida a circulación de vehículos articulados, camións e autobuses; e en negro coa inscrición «PECHADO», que indica que a estrada se encontra intransitable para calquera tipo de vehículo.

S-21.2 a, b, c e d. Transitabilidade en tramo ou porto de montaña. O panel 2 será de cor branca e poderá leva-las seguintes inscricións: o sinal R-306 cando o panel 1 vaia en verde; os sinais R-106 e R-301 coa limitación a 60 km/h cando o panel 1 sexa amarelo e o sinal R-107 coa inscrición 3,5 toneladas e R-412 cando o panel 1 sexa vermello.

S-21.3 a e b. Transitabilidade en tramo ou porto de montaña. O panel 3 pode levar unha inscrición do lugar a partir do cal se aplican as indicacións do panel 1 e 2.

S-22. Cambio de sentido ó mesmo nivel. Indica a proximidade dun lugar en que se pode efectuar un cambio de sentido ó mesmo nivel.

S-23. Hospital. Indica, ademais, ós conductores de vehículos a conveniencia de toma-las precaucións que require a proximidade de establecementos médicos, especialmente a de evita-la produción de ruído.

S-24. Fin de obriga de luz de curto alcance (cruzamento). Indica o final dun tramo en que é obrigatoria a luz de cruzamento ou curto alcance e recorda a posibilidade de prescindir deste, sempre que non veña imposto por circunstancias de visibilidade, horario ou iluminación da vía.

S-25. Cambio de sentido a distinto nivel. Indica a proximidade dunha saída a través da cal se pode efectuar un cambio de sentido a distinto nivel.

S-26 a, b e c. Paneis de aproximación a saída. Indica nunha autoestrada, nunha autovía ou nunha vía para automóbiles que a próxima saída está situada, aproximadamente, a 300 metros, 200 metros e 100 metros, respectivamente.

Se a saída fose pola esquerda, a diagonal ou diagonais serían descendentes de esquerda a dereita e os sinais situaríanse á esquerda da calzada.

S-27. Auxilio en estrada. Indica a situación do poste ou posto de socorro máis próximo desde o que se pode solicitar auxilio en caso de accidente ou avaría. O sinal pode indica-la distancia a que este se atopa.

S-28. Rúa residencial. Indica as zonas de circulación especialmente acondicionadas que están destinadas en primeiro lugar ós peóns e nas cales se aplican as normas especiais de circulación seguintes: a velocidade máxima dos vehículos está fixada en 20 quilómetros por hora e os conductores deben conceder prioridade ós peóns. Os vehículos non poden estacionarse máis que nos lugares designados por sinais ou por marcas.

Os peóns poden utilizar toda a zona de circulación. Os xogos e os deportes están autorizados nela. Os peóns non deben estorbar inutilmente os conductores de vehículos.

S-29. Fin de rúa residencial. Indica que se aplican de novo as normas xerais de circulación.

S-30. Zona a 30. Indica a zona de circulación especialmente acondicionada que está destinada en primeiro lugar ós peóns. A velocidade máxima dos vehículos está fixada en 30 quilómetros por hora. Os peóns teñen prioridade.

S-31. Fin de zona a 30. Indica que se aplican de novo as normas xerais de circulación.

S-32. Telepeaxe. Indica que o vehículo que circule polo carril ou carrís así sinalizados pode efectuar o pagamento da peaxe mediante o sistema de peaxe dinámica ou telepeaxe, sempre que estea provisto do medio técnico que posibilite o seu uso.

S-33. Senda ciclable. Indica a existencia dunha vía para peóns e ciclos, segregada do tráfico motorizado, e que discorre por espazos abertos, parques, xardíns ou bosques.

S-34. Apartadoiro en túneles. Indica a situación dun lugar onde se pode apartar o vehículo nun túnel, co fin de deixar libre o paso.

S-34 a. Apartadoiro en túneles. Indica a situación dun lugar onde se pode apartar o vehículo nun túnel, co fin de deixar libre o paso, e que dispón de teléfono de emerxencia.

Artigo 160. *Sinais de carrís.*

Os sinais de carrís indican unha regulamentación especial para un ou máis carrís da calzada.

Pódense cita-los seguintes:

S-50 a, b, c, d e e. Carrís reservados para o tráfico en función da velocidade sinalizada. Indica que o carril sobre o que está situado o sinal de velocidade mínima só pode ser utilizado polos vehículos que circulen a velocidade igual ou superior á indicada, aínda que se as circunstancias o permiten deben circular polo carril da dereita. O final da obrigatoriedade de velocidade mínima virá establecido polo sinal S-52 ou R-506.

S-51. Carril reservado para autobuses. Indica a prohibición ós conductores dos vehículos que non sexan de transporte colectivo de circular polo carril indicado. A mención taxi autoriza tamén os taxis para a utilización deste carril. Nos tramos en que a marca branca lonxitudinal estea constituída, no lado exterior deste carril, por unha liña discontinua, permítese a súa utilización xeral exclusivamente para realizar algunha manobra que non sexa a de parar, estacionar, cambia-lo sentido da marcha ou adiantar, deixando sempre preferencia ós autobuses e, se é o caso, ós taxis.

S-52. Final de carril destinado á circulación. Presinaliza o carril que vai cesar de ser utilizable, indicando o cambio de carril preciso.

S-52 a e b. Final de carril destinado á circulación. Presinaliza, nunha calzada de dobre sentido de circulación, o carril que vai cesar de ser utilizable, e indica o cambio de carril preciso.

S-53. Paso dun a dous carrís de circulación. Indica, nun tramo cun só carril nun sentido de circulación, que no próximo tramo se vai pasar a dispor de dous carrís no mesmo sentido da circulación.

S-53 a. Paso dun a dous carrís de circulación con especificación da velocidade máxima en cada un deles. Indica, nun tramo cun só carril de circulación nun sentido, que no próximo tramo se vai pasar a dispor de dous carrís no mesmo sentido de circulación. Tamén indica a velocidade máxima que está permitido alcanzar en cada un deles.

S-53 b. Paso de dous a tres carrís de circulación. Indica, nun tramo con dous carrís nun sentido de circulación, que no próximo tramo se vai pasar a dispor de tres carrís no mesmo sentido de circulación.

S-53 c. Paso de dous a tres carrís de circulación con especificación da velocidade máxima en cada un deles. Indica, nun tramo con dous carrís nun sentido de circulación, que no próximo tramo se vai pasar a dispor de tres carrís no mesmo sentido de circulación. Tamén indica a velocidade máxima que está permitido alcanzar en cada un deles.

S-60 a. Bifurcación cara á esquerda en calzada de dous carrís. Indica, nunha calzada de dous carrís de cir-

culación no mesmo sentido, que no próximo tramo o carril da esquerda se bifurcará cara a ese mesmo lado.

S-60 b. Bifurcación cara á dereita en calzada de dous carrís. Indica, nunha calzada de dous carrís de circulación no mesmo sentido, que no próximo tramo o carril da dereita se bifurcará cara a ese mesmo lado.

S-61 a. Bifurcación cara á esquerda en calzada de tres carrís. Indica, nunha calzada con tres carrís de circulación no mesmo sentido, que no próximo tramo o carril da esquerda se bifurcará cara a ese mesmo lado.

S-61 b. Bifurcación cara á dereita en calzada de tres carrís. Indica, nunha calzada con tres carrís de circulación no mesmo sentido, que no próximo tramo o carril da dereita se bifurcará cara a ese mesmo lado.

S-62 a. Bifurcación cara á esquerda en calzada de catro carrís. Indica, nunha calzada con catro carrís de circulación no mesmo sentido, que no próximo tramo o carril da esquerda se bifurcará cara a ese mesmo lado.

S-62 b. Bifurcación cara á dereita en calzada de catro carrís. Indica, nunha calzada con catro carrís de circulación no mesmo sentido, que no próximo tramo o carril da dereita se bifurcará cara a ese mesmo lado.

S-63. Bifurcación en calzada de catro carrís. Indica, nunha calzada con catro carrís de circulación no mesmo sentido, que no próximo tramo os dous carrís da esquerda se bifurcarán cara á esquerda e os dous da dereita cara á dereita.

S-64. Carril bici ou vía ciclista a carón da calzada. Indica que o carril sobre o que está situado o sinal de vía ciclista só pode ser utilizado por ciclos. As frechas indicarán o número de carrís da calzada, así como o seu sentido da circulación.

Artigo 161. *Sinais de servicio.*

Os sinais de servicio informan dun servicio de posible utilidade para os usuarios da vía. O significado e nomenclatura dos sinais de servicio son os seguintes:

S-100. Posto de socorro. Indica a situación dun centro, oficialmente recoñecido, onde se pode realizar unha cura de urxencia.

S-101. Base de ambulancia. Indica a situación dunha ambulancia en servicio permanente para cura e traslado de feridos en accidentes de circulación.

S-102. Servicio de inspección técnica de vehículos. Indica a situación dunha estación de inspección técnica de vehículos.

S-103. Taller de reparación. Indica a situación dun taller de reparación de automóviles.

S-104. Teléfono. Indica a situación dun aparello telefónico.

S-105. Distribuidor de carburante. Indica a situación dun distribuidor ou estación de servicio de carburante.

S-106. Taller de reparación e distribuidor de carburante. Indica a situación dunha instalación que dispón de taller de reparación e distribuidor de carburante.

S-107. Campamento. Indica a situación dun lugar (campamento) onde se pode acampar.

S-108. Auga. Indica a situación dunha fonte con auga.

S-109. Lugar pintoresco. Indica un sitio pintoresco ou o lugar desde onde se divisa.

S-110. Hotel ou motel. Indica a situación dun hotel ou motel.

S-111. Restauración. Indica a situación dun restaurante.

S-112. Cafetería. Indica a situación dun bar ou cafetería.

S-113. Terreo para remolques-vivenda. Indica a situación dun terreo no que pode acamparse con remolque-vivenda (caravana).

S-114. Merendeiro. Indica o lugar que pode utilizarse para o consumo de comidas ou bebidas.

S-115. Punto de partida para excursións a pé. Indica un lugar apropiado para iniciar excursións a pé.

S-116. Campamento e terreo para remolques-vivenda. Indica a situación dun lugar onde pode acamparse con tenda de campaña ou con remolque-vivenda.

S-117. Albergue de mocidade. Indica a situación dun albergue a utilización do cal está reservada a organizacións xuvenís.

S-118. Información turística. Indica a situación dunha oficina de información turística.

S-119. Couto de pesca. Indica un tramo do río ou lago en que a pesca está suxeita a autorización especial.

S-120. Parque nacional. Indica a situación dun parque nacional o nome do cal non figura inscrito.

S-121. Monumento. Indica a situación dunha obra histórica ou artística declarada monumento.

S-122. Outros servicios. Sinal xenérico para calquera outro servizo, que se inscribirá no recadro branco.

S-123. Área de descanso. Indica a situación dunha área de descanso.

S-124. Estacionamento para usuarios do ferrocarril. Indica a situación dunha zona de estacionamento conectada cunha estación de ferrocarril e destinada principalmente para os vehículos dos usuarios que realizan unha parte da súa viaxe en vehículo privado e a outra en ferrocarril.

S-125. Estacionamento para usuarios do ferrocarril inferior. Indica a situación dunha zona de estacionamento conectada cunha estación de ferrocarril inferior e destinada principalmente para os vehículos dos usuarios que realizan unha parte da súa viaxe en vehículo privado e a outra en ferrocarril inferior.

S-126. Estacionamento para usuarios de autobús. Indica a situación dunha zona de estacionamento conectada cunha estación ou unha terminal de autobuses e destinada principalmente para os vehículos privados dos usuarios que realizan unha parte da súa viaxe en vehículo privado e a outra en autobús.

S-127. Área de servizo. Indica en autoestrada ou autovía a situación dunha área de servizo.

Artigo 162. *Sinais de orientación.*

1. Os sinais de orientación subdivídense en: sinais de presinalización, sinais de dirección, sinais de identificación de estradas, sinais de localización, sinais de confirmación e sinais de uso específico en poboación.

2. Os sinais de presinalización colocaranse a unha distancia adecuada da intersección para que a súa eficacia sexa máxima, tanto de día coma de noite, tendo en conta as condicións viarias e de circulación, especialmente a velocidade habitual dos vehículos e a distancia a que sexa visible o dito sinal. Esta distancia poderase reducir a uns 50 metros nas poboacións pero deberá ser, polo menos, de 500 metros nas autoestradas e autovías. Estes sinais poderanse repetir. A distancia entre o sinal e a intersección poderase indicar por medio dun panel complementario colocado encima do sinal; esa distancia poderase indicar tamén na parte superior do propio sinal.

A nomenclatura e o significado dos sinais de presinalización son os seguintes:

S-200. Presinalización de rotonda. Indica as direccións das distintas saídas da próxima rotonda. Se algunha inscrición figura sobre fondo azul, indica que a saída conduce cara a unha autoestrada ou autovía.

S-220. Presinalización de direccións cara a unha estrada convencional. Indica, nunha estrada convencional, as direccións dos distintos ramais da próxima intersección cando un deles conduce a unha estrada convencional.

S-222. Presinalización de direccións cara a unha autoestrada ou unha autovía. Indica, nunha estrada con-

vencional, as direccións dos distintos ramais da próxima intersección cando un deles conduce a unha autoestrada ou unha autovía.

S-222 a. Presinalización de direccións cara a unha autoestrada ou unha autovía e dirección propia. Indica, nunha estrada convencional, as direccións dos distintos ramais da próxima intersección cando un deles conduce a unha autoestrada ou unha autovía. Tamén indica a dirección propia da estrada convencional.

S-225. Presinalización de direccións nunha autoestrada ou nunha autovía cara a calquera estrada. Indica nunha autoestrada ou nunha autovía as direccións dos distintos ramais na próxima intersección. Tamén indica a distancia, o número e, se é o caso, a letra do enlace e ramal.

S-230. Presinalización con sinais sobre a calzada en estrada convencional cara a estrada convencional. Indica as direccións do ramal da próxima saída e a distancia a que se atopa.

S-230 a. Presinalización con sinais sobre a calzada en estrada convencional cara a estrada convencional e dirección propia. Indica as direccións do ramal da próxima saída e a distancia a que se atopa. Tamén indica a dirección propia da estrada convencional.

S-232. Presinalización con sinais sobre a calzada en estrada convencional cara a autoestrada ou autovía. Indica as direccións do ramal da próxima saída e a distancia a que se atopa.

S-232 a. Presinalización con sinais sobre a calzada en estrada convencional cara a autoestrada ou autovía e dirección propia. Indica as direccións do ramal da próxima saída e a distancia a que se atopa. Tamén indica a dirección propia da estrada convencional.

S-235. Presinalización con sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía cara a calquera estrada. Indica as direccións do ramal da próxima saída, a distancia a que se atopa e o número do enlace.

S-235 a. Presinalización con sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía cara a calquera estrada e dirección propia. Indica as direccións do ramal da próxima saída, a distancia a que se atopa e o número do enlace. Tamén indica a dirección propia da autoestrada ou autovía.

S-242. Presinalización en autoestrada ou autovía de dúas saídas moi próximas cara a calquera estrada. Indica as direccións dos ramais das dúas saídas consecutivas da autoestrada ou autovía, a distancia, o número do enlace e a letra de cada saída.

S-242 a. Presinalización en autoestrada ou autovía de dúas saídas moi próximas cara a calquera estrada e dirección propia. Indica as direccións dos ramais das dúas saídas consecutivas da autoestrada ou autovía, a distancia, o número do enlace e a letra de cada saída. Tamén indica a dirección propia da autoestrada ou autovía.

S-250. Presinalización de itinerario. Indica o itinerario que é preciso seguir para toma-la dirección que sinala a frecha.

S-260. Presinalización de carrís. Indica as únicas direccións permitidas, na próxima intersección, ós usuarios que circulan polos carrís sinalados.

S-261. Presinalización en estrada convencional de zona ou área de servizo. Indica, nunha estrada convencional, a proximidade dunha saída cara a unha zona ou área de servizo.

S-263. Presinalización en autoestrada ou autovía dunha zona ou área de servizo con saída compartida. Indica, en autoestrada ou autovía, a proximidade dunha saída cara a unha zona ou área de servizo, e que esta coincide cunha saída cara a unha ou varias poboacións.

S-263 a. Presinalización en autoestrada ou autovía dunha zona ou área de servizo con saída exclusiva. Indi-

ca, en autoestrada ou autovía, a proximidade dunha saída cara a unha zona ou área de servizo.

S-264. Presinalización en estrada convencional dunha vía de servizo. Indica, en estrada convencional, a proximidade dunha saída cara a unha vía de servizo desde a cal se pode acceder ós servizos indicados.

S-266. Presinalización en autoestrada ou autovía dunha vía de servizo, con saída compartida. Indica, en autoestrada ou autovía, a proximidade dunha saída cara a unha vía de servizo desde a cal se pode acceder ós servizos indicados, e que esta coincide cunha saída cara a unha ou varias poboacións.

S-266 a. Presinalización en autoestrada ou autovía dunha vía de servizo, con saída exclusiva. Indica, en autoestrada ou autovía, a proximidade dunha saída cara a unha vía de servizo desde a cal se pode acceder ós servizos indicados.

S-270. Presinalización de dúas saídas moi próximas. Indica a proximidade de dúas saídas consecutivas entre as cales, por carecer de distancia suficiente entre si, non é posible instalar outros sinais de orientación individualizados para cada saída.

As letras ou, se é o caso, os números corresponden ós dos sinais de presinalización inmediatamente anteriores.

S-271. Presinalización de área de servizo. Indica, en autoestrada ou autovía, a saída cara a unha área de servizo.

3. O significado e nomenclatura dos sinais de dirección son os seguintes:

S-300. Poboacións dun itinerario por estrada convencional. Indica os nomes de poboacións situadas nun itinerario constituído por unha estrada convencional e o sentido polo cal aquelas se alcanzan. O rectángulo situado dentro do sinal define a categoría e número da estrada. As cifras inscritas dentro do sinal indican a distancia en quilómetros.

S-301. Poboacións nun itinerario por autoestrada ou autovía. Indica os nomes de poboacións situadas nun itinerario constituído por unha autoestrada ou autovía e o sentido polo que aquelas se alcanzan. O rectángulo situado dentro do sinal define a categoría e número da estrada. As cifras inscritas dentro do sinal indican a distancia en quilómetros.

S-310. Poboacións de varios itinerarios. Indica as estradas e poboacións que se alcanzan no sentido que indica a frecha.

S-320. Lugares de interese por estrada convencional. Indica lugares de interese xeral que non son poboacións situados nun itinerario constituído por unha estrada convencional. As cifras inscritas dentro do sinal indican a distancia en quilómetros.

S-321. Lugares de interese por autoestrada ou autovía. Indica lugares de interese que non son poboacións situados nun itinerario constituído por unha autoestrada ou autovía. As cifras inscritas dentro do sinal indican a distancia en quilómetros.

S-322. Sinal de destino cara a unha vía ciclista ou senda ciclable. Indica a existencia na dirección apuntada pola frecha dunha vía ciclista ou senda ciclable. As cifras escritas dentro do sinal indican a distancia en quilómetros.

S-341. Sinais de destino de saída inmediata cara a estrada convencional. Indica o lugar de saída dunha autoestrada ou autovía cara a unha estrada convencional. A cifra indica o número do enlace que se corresponde co punto quilométrico da estrada.

S-342. Sinais de destino de saída inmediata cara a autoestrada ou autovía. Indica o lugar de saída dunha autoestrada ou autovía cara a unha autoestrada ou autovía. A cifra indica o número do enlace que se corresponde co punto quilométrico da estrada.

S-344. Sinais de destino de saída inmediata cara a unha zona, área ou vía de servizo. Indica o lugar de saída de calquera estrada cara a unha zona, área ou vía de servizo.

S-347. Sinais de destino de saída inmediata cara a unha zona, área ou vía de servizo, con saída compartida cara a unha autoestrada ou autovía. Indica o lugar de saída de calquera estrada cara a unha zona, área ou vía de servizo, e que esta coincide cunha saída cara a unha autoestrada ou autovía.

S-348 a. Sinal de destino en desvío. Indica que, polo itinerario provisional de desvío e no sentido indicado pola frecha, se alcanza o destino que aparece no sinal.

S-348 b. Sinal variable de destino. Indica que no sentido apuntado pola frecha se alcanza o destino que aparece no sinal.

S-350. Sinal sobre a calzada, en estrada convencional. Saída inmediata cara a estrada convencional. Indica, na estrada convencional, no lugar en que se inicia o ramal de saída, as direccións que se alcanzan pola saída inmediata por unha estrada convencional e, se é o caso, o número desta.

S-351. Sinal sobre a calzada en autoestrada e autovía. Saída inmediata cara a estrada convencional. Indica, en autoestrada e autovía, no lugar en que se inicia o ramal de saída de calquera estrada, as direccións que se alcanzan pola saída inmediata por unha estrada convencional e, se é o caso, o número desta. Tamén indica o número e, se é o caso, a letra do enlace e ramal.

S-354. Sinal sobre a calzada, en estrada convencional. Saída inmediata cara a autoestrada ou autovía. Indica, no lugar en que se inicia o ramal de saída, as direccións que se alcanzan pola saída inmediata por unha autoestrada ou unha autovía e, se é o caso, o número destas.

S-355. Sinal sobre a calzada en autoestrada e autovía. Saída inmediata cara a autoestrada ou autovía. Indica, no lugar en que se inicia o ramal de saída, as direccións que se alcanzan pola saída inmediata por unha autoestrada ou autovía e, se é o caso, o número de estas. Tamén indica o número e, se é o caso, a letra do enlace e ramal.

S-360. Sinais sobre a calzada en estrada convencional. Saída inmediata cara a estrada convencional e dirección propia. Indica, nunha estrada convencional, as direccións que se alcanzan pola saída inmediata cara a outra estrada convencional. Tamén indica a dirección propia da estrada convencional e o seu número.

S-362. Sinais sobre a calzada en estrada convencional. Saída inmediata cara a autoestrada ou autovía e dirección propia. Indica, nunha estrada convencional, as direccións que se alcanzan pola saída inmediata cara a unha autoestrada ou unha autovía. Tamén indica a dirección propia da estrada convencional.

S-366. Sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía. Saída inmediata cara a estrada convencional e dirección propia. Indica, nunha autoestrada ou nunha autovía, as direccións que se alcanzan pola saída inmediata cara a unha estrada convencional, así como o número do enlace e, se é o caso, a letra do ramal. Tamén indica a dirección propia da autoestrada ou a autovía.

S-368. Sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía. Saída cara a autoestrada ou autovía e dirección propia. Indica, nunha autoestrada ou unha autovía, as direccións que se alcanzan pola saída inmediata cara a unha autoestrada ou unha autovía, así como o número do enlace e, se é o caso, a letra do ramal. Tamén indica a dirección propia da autoestrada ou da autovía.

S-371. Sinais sobre calzada en estrada convencional. Dúas saídas inmediatas moi próximas cara a estrada convencional e dirección propia.

S-373. Sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía. Dúas saídas inmediatas moi próximas cara a

estrada convencional e dirección propia. Indica as direccións dos ramais das dúas saídas consecutivas da autoestrada ou autovía, a distancia da segunda, o número do enlace e a letra de cada saída. Tamén indica a dirección propia da autoestrada ou autovía.

S-375. Sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía. Dúas saídas inmediatas moi próximas cara a autoestrada ou autovía e dirección propia. Indica as direccións dos ramais das dúas saídas consecutivas da autoestrada ou autovía, a distancia da segunda, o número do enlace e a letra de cada saída. Tamén indica a dirección propia da autoestrada ou autovía.

4. Os sinais destinados a identifica-las vías, sexa polo seu número, composto en cifras, letras ou unha combinación de ambas, sexa polo seu nome, estarán constituídos por este número ou este nome encadrados nun rectángulo ou nun escudo. Teñen a nomenclatura e o significado seguintes:

S-400. Itinerario europeo. Identifica un itinerario da rede europea.

S-410. Autoestrada e autovía. Identifica unha autoestrada ou autovía. Cando esta é de ámbito autonómico, ademais da letra A e a continuación do número correspondente ou ben encima do sinal cun panel complementario, pódense incluí-las siglas de identificación da comunidade autónoma. Ningunha estrada que non teña características de autoestrada ou autovía poderá ser identificada coa letra A. Cando a autoestrada ou autovía é unha circunvalación, a letra A poderase substituír polas letras indicativas da cidade, de acordo co código establecido para o efecto polos ministerios de Fomento e Interior.

S-410 a. Autoestrada de peaxe. Identifica unha autoestrada de peaxe.

S-420. Estrada da rede xeral do Estado. Identifica unha estrada da rede xeral do Estado que non sexa autoestrada ou autovía.

S-430. Estrada autonómica de primeiro nivel. Identifica unha estrada do primeiro nivel, que non sexa autoestrada ou autovía, da rede autonómica da comunidade a que lle corresponden as siglas de identificación.

S-440. Estrada autonómica de segundo nivel. Identifica unha estrada do segundo nivel, que non sexa autoestrada ou autovía, da rede autonómica da comunidade a que lle corresponden as siglas de identificación.

S-450. Estrada autonómica de terceiro nivel. Identifica unha estrada do terceiro nivel, que non sexa autoestrada ou autovía, da rede autonómica da comunidade a que lle corresponden as siglas de identificación.

5. Os sinais de localización poderanse utilizar para indica-la fronteira entre dous estados ou o límite entre dúas divisións administrativas do mesmo Estado ou o nome dunha poboación, un río, un porto, un lugar ou outra circunstancia de natureza análoga.

A nomenclatura e o significado dos sinais de localización son os seguintes:

S-500. Entrada a poboación. Indica o lugar a partir do cal rexon as normas de comportamento na circulación relativas a poboación.

S-510. Fin de poboación. Indica o lugar desde onde deixan de ser aplicables as normas de comportamento na circulación relativas a poboación.

S-520. Situación de punto característico da vía. Indica un lugar de interese xeral na vía.

S-540. Situación de límite de provincia. Indica o lugar a partir do cal a vía entra nunha provincia.

S-550. Situación de límite de comunidade autónoma. Indica o lugar a partir do cal a vía entra nunha comunidade autónoma.

S-560. Situación de límite de comunidade autónoma e provincia. Indica o lugar a partir do cal a vía entra nunha comunidade autónoma e provincia.

S-570. Fito quilométrico en autoestrada e autovía. Indica o punto quilométrico da autoestrada ou autovía a identificación da cal aparece na parte superior.

S-570 a. Fito quilométrico en autoestrada de peaxe. Indica o punto quilométrico da autoestrada de peaxe a identificación da cal aparece na parte superior.

S-571. Fito quilométrico en autoestrada e autovía que, ademais, forma parte dun itinerario europeo. Indica o punto quilométrico da autoestrada ou autovía que, ademais, forma parte dun itinerario europeo, a identificación da cal aparece na parte superior do sinal.

S-572. Fito quilométrico en estrada convencional. Indica o punto quilométrico dunha estrada convencional a identificación da cal aparece na parte superior sobre o fondo da cor que corresponda á rede de estradas á que pertenza.

S-573. Fito quilométrico en itinerario europeo. Indica o punto quilométrico dunha estrada convencional e que forma parte dun itinerario europeo, as letras e números da cal aparecen na parte superior do sinal.

S-574. Fito miriamétrico en autoestrada ou autovía. Indica o punto quilométrico dunha autoestrada ou autovía cando aquel é múltiplo de 10.

S-574 a. Fito miriamétrico en estrada convencional. Indica o punto quilométrico dunha estrada convencional cando aquel é múltiplo de 10.

S-574 b. Fito miriamétrico en autoestrada de peaxe. Indica o punto quilométrico dunha autoestrada de peaxe cando aquel é múltiplo de 10.

S-575. Fito miriamétrico. Indica o punto quilométrico dunha estrada que non é autoestrada nin autovía cando aquel é múltiplo de 10. A súa cor corresponderase coa da rede de que forma parte a dita estrada.

6. Os sinais de confirmación teñen por obxecto recordar, cando as autoridades competentes o consideren necesario, como pode ser á saída das poboacións importantes, a dirección da vía.

Cando se indiquen distancias, as cifras que as expresen colocaranse despois do nome da localidade. A súa nomenclatura e significado son os seguintes:

S-600. Confirmación de poboacións nun itinerario por estrada convencional. Indica, en estrada convencional, os nomes e distancias en quilómetros ás poboacións expresadas.

S-602. Confirmación de poboacións nun itinerario por autoestrada ou autovía. Indica, en autoestrada ou autovía, os nomes e distancias en quilómetros ás poboacións expresadas.

7. Os sinais de uso específico en poboación están constituídos por módulos, utilizados conxunta ou separadamente, a finalidade común dos cales é comunicar que os lugares a que se refiren se alcanzan seguindo o sentido marcado pola frecha, e coa nomenclatura e significado respectivos seguintes:

S-700. Lugares da rede viaria urbana. Indica os nomes de rúas, avenidas, prazas, rotondas ou de calquera outro punto da rede viaria.

S-710. Lugares de interese para viaxeiros. Indica os lugares de interese para os viaxeiros, tales como estacións, aeroportos, zonas de embarque dos portos, hoteis, campamentos, oficinas de turismo e automóbil club.

S-720. Lugares de interese deportivo ou recreativo. Indica os lugares en que predomina un interese deportivo ou recreativo.

S-730. Lugares de carácter xeográfico ou ecolóxico. Indica os lugares de tipo xeográfico ou de interese ecolóxico.

S-740. Lugares de interese monumental ou cultural. Indica os lugares de interese monumental, histórico, artístico ou, en xeral, cultural.

S-750. Zonas de uso industrial. Indica as zonas de importante atracción de camiós, mercadorías e, en xeral, tráfico industrial pesado.

S-760. Autoestradas e autovías. Indica as autoestradas e autovías e os lugares a que se pode acceder por elas.

S-770. Outros lugares e vías. Indica as estradas que non sexan autoestradas ou autovías, as poboacións a que se poida acceder por elas, así como outros lugares de interese público non comprendidos nos sinais S-700 a S-760.

Artigo 163. *Paneis complementarios.*

Os paneis complementarios precisan o significado do sinal que complementan. A súa nomenclatura e significado son os seguintes:

S-800. Distancia ó comezo do perigo ou prescrición. Indica a distancia desde o lugar onde está o sinal a aquel en que comeza o perigo ou comeza a rexe-la prescrición daquel. No caso de que estea colocada baixo o sinal de advertencia de perigo por estreitamento de calzada, pode indicar-lo largo libre do citado estreitamento.

S-810. Lonxitude do tramo perigoso ou suxeito a prescrición. Indica a lonxitude en que existe o perigo ou en que se aplica a prescrición.

S-820 e S-821. Extensión da prohibición, a un lado. Colocada baixo un sinal de prohibición, indica a distancia en que se aplica esta prohibición no sentido da frecha.

S-830. Extensión da prohibición, a ámbolos lados. Colocada baixo un sinal de prohibición, indica as distancias en que se aplica esta prohibición en cada sentido indicado polas frechas.

S-840. Presinalización de detención obrigatoria. Colocada baixo o sinal de ceda o paso, indica a distancia a que se encontra o sinal de detención obrigatoria ou stop da próxima intersección.

S-850 a S-853. Itinerario con prioridade. Panel adicional do sinal R-3, que indica o itinerario con prioridade.

S-860. Xenérico. Panel para calquera outra aclaración ou delimitación do sinal ou semáforo baixo o cal estea colocado.

S-870. Aplicación da sinalización. Indica, baixo o sinal de prohibición ou prescrición, que o sinal se refire exclusivamente ó ramal de saída en que a dirección coincide aproximadamente coa da frecha. Colocada baixo outro sinal, indica que esta se aplica soamente no ramal de saída.

S-880. Aplicación de sinalización a determinados vehículos. Indica, baixo o sinal vertical correspondente, que o sinal se refire exclusivamente ós vehículos que figuran no panel, e que poden ser camiós, vehículos con remolque, autobuses ou ciclos.

S-890. Panel complementario dun sinal vertical. Indica, baixo outro sinal vertical, que este se refire ás circunstancias que se sinalan no panel como neve, chuva ou néboa.

Artigo 164. *Outros sinais.*

Outros sinais de indicación son os seguintes:

S-900. Perigo de incendio. Advirte do perigo que representa prender un lume.

S-910. Extintor. Indica a situación dun extintor de incendios.

S-920. Entrada a España. Indica que se entrou en territorio español por unha estrada procedente doutro país.

S-930. Confirmación do país. Indica o nome do país cara ó cal se dirixe a estrada. A cifra na parte inferior indica a distancia a que se encontra a fronteira.

S-940. Limitacións de velocidade en España. Indica os límites xenéricos de velocidade nas distintas clases de estradas e en zona urbana en España.

S-950. Radiofrecuencia de emisoras específicas de información sobre estradas. Indica a frecuencia a que hai que conecta-lo receptor de radiofrecuencia para recibir información.

S-960. Teléfono de emerxencia. Indica a situación dun teléfono de emerxencia.

S-970. Apartadoiro. Indica a situación nun apartadoiro dun extintor de incendios e teléfono de emerxencia.

S-980. Saídas de emerxencia. Indica a situación dunha saída de emerxencia.

S-990. Cartel frecha indicativo de saída de emerxencia en túneles. Indica a dirección e distancia a unha saída de emerxencia.

Artigo 165. *Formato dos sinais de indicación.*

A forma, cor, deseño, símbolos, significado e dimensións dos sinais de indicación figuran no catálogo oficial de sinais de circulación. A forma, símbolos e nomenclatura dos correspondentes sinais figuran tamén no anexo I deste regulamento.

SECCIÓN 5.^a DAS MARCAS VIAIS

Artigo 166. *Obxecto e clases.*

1. As marcas sobre o pavimento, ou marcas viais, teñen por obxecto regula-la circulación e advertir ou guía-los usuarios da vía, e pódense empregar soas ou con outros medios de sinalización, co fin de reforzar ou precisa-las súas indicacións.

2. As marcas viais poden ser: marcas brancas lonxitudinais, marcas brancas transversais, sinais horizontais de circulación, outras marcas e inscricións de cor branca e marcas doutras cores.

Artigo 167. *Marcas brancas lonxitudinais.*

A nomenclatura e o significado das marcas brancas lonxitudinais son os seguintes:

a) Marca lonxitudinal continua. Unha marca lonxitudinal consistente nunha liña continua sobre a calzada significa que ningún condutor co seu vehículo ou animal a debe atravesar nin circular co seu vehículo sobre ela nin, cando a marca separe os dous sentidos de circulación, circular pola esquerda daquela.

Unha marca lonxitudinal constituída por dúas liñas continuas adxacentes ten o mesmo significado.

Unha liña branca continua sobre a calzada tamén pode indica-la existencia dun carril especial, e os condutores dos vehículos que circulen polo carril especial pódena pasar coas debidas precaucións para abandonalo cando así o esixa a manobra ou o destino que pretenden seguir. Neste caso a marca é sensiblemente máis larga que no caso xeral.

b) Marca lonxitudinal discontinua. Unha liña discontinua na calzada está destinada a delimita-los carrís co fin de guía-la circulación, e significa que ningún condutor debe circular co seu vehículo ou animal sobre ela, salvo cando sexa necesario e a seguridade da circulación o permita, en calzadas con carrís estreitos (de menos de tres metros de largo).

Pode, ademais, estar destinada a:

1.º Anunciarlle ó condutor que se aproxima a unha marca lonxitudinal continua a prohibición que esta marca implica ou a proximidade dun tramo de vía que presente un risco especial; nestes casos, a separación entre os trazos da liña é sensiblemente máis curta ca no caso xeral.

2.º Indica-la existencia dun carril especial (para determina-la clase de vehículos, de entrada ou saída, ou outro); neste caso a marca é sensiblemente máis larga que no caso xeral.

c) Marcas lonxitudinais descontinuas dobres. Como caso especial de liña descontinua, as dobres que delimitan un carril por ámbolos lados significan que este é reversible, é dicir, que nel a circulación pode estar regulamentada nun ou outro sentido mediante semáforos de carril ou outros medios.

d) Marcas lonxitudinais continuas adxacentes a descontinuas. Cando unha marca consista nunha liña lonxitudinal continua adxacente a outra descontinua, os condutores non deben ter en conta máis que a liña situada no lado por que circulan. Cando estas marcas separen sentidos distintos de circulación, esta disposición non impide que os condutores que efectuasen un adiantamento volvan a ocupa-lo seu lugar normal na calzada.

e) Marcas de guía na intersección. Indícanlles ós condutores como se debe realizar determinada manobra nunha intersección.

f) Liñas de bordo e estacionamento. Para os efectos deste artigo, non se consideran incluídas as liñas lonxitudinais que delimitan, para facelos máis visibles, os bordos da calzada ou os lugares de estacionamento recollidos no artigo 170.

Artigo 168. *Marcas brancas transversais.*

A nomenclatura e o significado das marcas brancas transversais son os seguintes:

a) Marca transversal continua. Unha liña continua, disposta ó largo dun ou de varios carrís, é unha liña de detención que indica que ningún vehículo ou animal nin a súa carga a debe franquear en cumprimento da obriga imposta por un sinal horizontal ou vertical de detención obrigatoria, un sinal de prohibición de pasar sen deterse, un paso para peóns indicado por unha marca vial, un semáforo ou un sinal de detención efectuado por un axente da circulación ou pola existencia dun paso a nivel ou dunha ponte móbil.

Se, por circunstancias excepcionais, desde o lugar onde se efectuou a detención non existe visibilidade suficiente, o conductor deberase deter de novo no lugar desde onde teña visibilidade, sen pór en perigo ningún usuario da vía.

b) Marca transversal descontinua. Unha liña descontinua disposta ó largo dun ou varios carrís é unha liña de detención que indica que, salvo en circunstancias anormais que reduzan a visibilidade, ningún vehículo ou animal nin a súa carga a deben franquear, cando teñan que cede-lo paso, en cumprimento da obriga imposta por un sinal vertical ou horizontal de «Ceda o paso», por unha frecha verde de xiro dun semáforo, ou cando non haxa ningún sinal de prioridade por aplicación das normas que rexen esta.

c) Marca de paso para peóns. Unha serie de liñas de gran largura, dispostas sobre o pavimento da calzada en bandas paralelas ó eixe desta e que forman un conxunto transversal á calzada, indica un paso para peóns, onde os condutores de vehículos ou animais lles deben deixar paso. Non se poderán utilizar liñas doutras cores que alternen coas brancas.

d) Marca de paso para ciclistas. Unha marca consistente en dúas liñas transversais descontinuas e paralelas sobre a calzada indica un paso para ciclistas, onde estes teñen preferencia.

Artigo 169. *Sinais horizontais de circulación.*

A nomenclatura dos sinais horizontais de circulación é a seguinte:

a) Ceda o paso. Un triángulo, marcado sobre a calzada co vértice oposto ó lado menor e dirixido cara ó vehículo que se achega, indícalle ó seu conductor a obriga que ten na próxima intersección de lles cede-lo paso a outros vehículos. Se o mencionado triángulo está situado nun carril delimitado por liñas lonxitudinais, a anterior obriga refírese exclusivamente ós vehículos que circulen polo citado carril.

b) Detención obrigatoria ou stop. O símbolo «stop», marcado sobre a calzada, indícalle ó conductor a obriga de dete-lo seu vehículo ante unha próxima liña de detención ou, se esta non existise, inmediatamente antes da calzada a que se aproxima, e de lles cede-lo paso ós vehículos que circulen por esa calzada. Se o citado símbolo está situado nun carril delimitado por liñas lonxitudinais, a anterior obriga refírese exclusivamente ós vehículos que circulen polo citado carril.

c) Sinal de limitación de velocidade. Indica que ningún vehículo debe exceder-la velocidade expresada en quilómetros por hora. Se a cifra está situada nun carril delimitado por liñas lonxitudinais, a anterior prohibición refírese exclusivamente ós vehículos que circulen polo citado carril. A limitación establecida aplícase ata o próximo sinal de «Fin de limitación», «Fin de limitación de velocidade» ou outro sinal de velocidade máxima diferente.

d) Frecha de selección de carrís. Unha frecha situada nun carril delimitado por liñas lonxitudinais indica que todo conductor debe segui-la dirección, ou unha das direccións, indicada pola frecha no carril en que aquel se ache ou, se a sinalización o permite, cambiar a outro carril. Esta frecha pode ir complementada cunha inscrición de destino.

e) Frecha de saída. Indícalles ós condutores o lugar onde poden iniciar-lo cambio de carril para tomar unha saída e a dirección propia desta.

f) Frecha de fin de carril. Indica que o carril en que está situada termina proximamente e é preciso segui-la súa indicación.

g) Frecha de retorno. Unha frecha, situada aproximadamente no eixe dunha calzada de dobre sentido de circulación e que apunta cara á dereita, anuncia a proximidade dunha liña continua que implica a prohibición de circular pola súa esquerda, e indica, por tanto, que todo conductor debe circular co seu vehículo canto antes polo carril á dereita da frecha.

Artigo 170. *Otras marcas e inscricións de cor branca.*

A nomenclatura e o significado doutras marcas e inscricións de cor branca son os seguintes:

a) Marca de bifurcación. Anúncialle ó conductor que se aproxima a unha bifurcación na calzada pola que transita, con posible reaxuste do número total de carrís antes e despois dela.

b) Marca de paso a nivel. As letras «P» e «N», unha a cada lado dunha aspa, indican a proximidade dun paso a nivel.

c) Inscrición de carril ou zona reservada. Indica que un carril ou zona da vía están reservados, temporal ou permanentemente, para a circulación, parada ou estacionamento de determinados vehículos tales como autobuses (bus), taxis e ciclos.

d) Marca de comezo de carril reservado. Indica o comezo dun carril reservado para determinados vehículos.

e) Marca de vía ciclista. Indica unha vía ciclista ou senda ciclable.

f) Liñas e marcas de estacionamento. Delimitan os lugares ou as zonas de estacionamento, así como a forma en que os vehículos os deben ocupar.

g) Liñas de cebrado. Unha zona marcada por franxas oblicuas paralelas enmarcadas por unha liña continua

significa que ningún conductor debe entrar co seu vehículo ou animal na citada zona, excepto os obrigados a circular polo beiravía.

h) Liña de bordo de calzada. Delimita para facelo máis visible o bordo da calzada.

i) Outras marcas ou inscricións de cor branca na calzada repiten indicacións de sinais ou proporcionanlles ós usuarios indicacións útiles.

Artigo 171. *Marcas doutras cores.*

A nomenclatura e o significado de marcas doutras cores son os seguintes:

a) Marca amarela zigzag. Indica o lugar da calzada en que o estacionamento está prohibido ós vehículos en xeral, por estar reservado para algún uso especial que non implique longa permanencia de ningún vehículo. Utilízase xeralmente en zonas de parada (non estacionamento) de autobuses ou destinadas á carga e descarga de vehículos.

b) Marca amarela lonxitudinal continua. Unha liña continua de cor amarela, no bordo ou xunto ó bordo da calzada, significa que a parada e o estacionamento están prohibidos ou sometidos a algunha restricción temporal, indicada por sinais, en toda a lonxitude da liña e no lado en que estea disposta.

c) Marca amarela lonxitudinal descontinua. Unha liña descontinua de cor amarela, no bordo ou xunto ó bordo da calzada, significa que o estacionamento está prohibido ou sometido a algunha restricción temporal, indicada por sinais, en toda a lonxitude da liña e no lado en que estea disposta.

d) Cuadrícula de marcas amarelas. Un conxunto de liñas amarelas entrecruzadas lémbrales ós conductores a prohibición establecida no artigo 59.1.

e) Xadrezado branco e vermello. Unha cuadrícula de marcas brancas e vermellas indica o lugar onde empeza unha zona de freada de emerxencia e prohíbe a parada, o estacionamento ou a utilización desta parte da calzada con outros fins.

f) Marcas azuis. As marcas que delimitan os lugares en que o estacionamento está permitido que sexan de cor azul en lugar da normal cor branca, indican que, en certos períodos do día, a duración do estacionamento autorizado está limitada.

Artigo 172. *Formato das marcas viais.*

A forma, cor, deseño, símbolos, significado e dimensións das marcas viais figuran no catálogo oficial de sinais de circulación. A forma, os símbolos e a nomenclatura das correspondentes marcas figuran tamén no anexo I deste regulamento.

TÍTULO V

Sinais nos vehículos

Artigo 173. *Obxecto, significado e clases.*

1. Os sinais nos vehículos están destinados a darlles a coñecer ós usuarios da vía determinadas circunstancias ou características do vehículo en que están colocadas, do servizo que presta, da carga que transporta ou do seu propio conductor.

2. Con independencia dos esixidos por outras regulamentacións específicas, a nomenclatura e o significado dos sinais nos vehículos son os seguintes:

V-1. Vehículo prioritario. Indica que se trata dun vehículo dos servizos de policía, de extinción de incendios, protección civil e salvamento ou de asistencia sani-

taria, en servizo urxente, se se utiliza de forma simultánea co aparello emisor de sinais acústicas especiais, a que se refiren as normas reguladoras dos vehículos.

V-2. Vehículos para obras ou servizos, tractores agrícolas, maquinaria agrícola automotriz, demais vehículos especiais, transportes especiais e columnas militares. Indica que se trata dun vehículo desta clase, en servizo, ou dun transporte especial ou columna militar.

V-3. Vehículo de policía. Sinaliza un vehículo desta clase en servizo non urxente.

V-4. Limitación de velocidade. Indica que o vehículo non debe circular a velocidade superior, en quilómetros por hora, á cifra que figura no sinal.

V-5. Vehículo lento. Indica que se trata dun vehículo de motor, ou conxunto de vehículos, que, por construción, non pode exceder a velocidade de 40 quilómetros por hora.

V-6. Vehículo longo. Indica que o vehículo ou conxunto de vehículos ten unha lonxitude superior a 12 metros.

V-7. Distintivo de nacionalidade española. Indica que o vehículo está matriculado en España.

V-8. Distintivo de nacionalidade estranxeira. Indica que o vehículo está matriculado no país a que corresponden as siglas que contén, e que a súa instalación é obrigatoria para circular por España.

V-9. Servizo público. Indica que o vehículo está dedicado a prestar servizos públicos. O uso deste sinal só será esixible cando así o dispoña a normativa reguladora do servizo público de que se trate.

V-10. Transporte escolar. Indica que o vehículo está realizando esta clase de transporte.

V-11. Transporte de mercadorías perigosas. Indica que o vehículo transporta mercadorías perigosas.

V-12. Placa de ensaio ou investigación. Indica que o vehículo está efectuando probas especiais ou ensaios de investigación.

V-13. Conductor novel. Indica que o vehículo está conducido por unha persoa cun permiso de conducción de menos dun ano de antigüidade.

V-14. Aprendizaxe da conducción. Indica que o vehículo circula en función da aprendizaxe da conducción ou das probas de aptitude.

V-15. Minusválido. Indica que o conductor do vehículo é unha persoa con discapacidades que reducen a súa mobilidade e que, por tanto, se pode beneficiar das facilidades que se lle outorguen con carácter xeral ou específico.

V-16. Dispositivo de presinalización de perigo. Indica que o vehículo quedou inmovilizado na calzada ou que o seu cargamento se encontra caído sobre ela.

V-17. Luces indicadoras de libre. Indica que os autotaxis circulan en condicións de seren alugados.

V-18. Luces indicadoras de taxímetro. Son as destinadas, nos automóviles de turismo de servizo público de viaxeiros, a ilumina-lo contador taxímetro tan pronto como se produza a baixada de bandeira.

V-19. Distintivo de inspección técnica periódica do vehículo. Indica que o vehículo superou favorablemente a inspección técnica periódica, así como a data en que debe pasar a próxima inspección.

V-20. Panel para cargas que sobresaen. Indica que a carga do vehículo sobresaen posteriormente.

V-21. Cartel avisador de acompañamento de transporte especial. Indica a circulación próxima dun transporte especial.

V-22. Cartel avisador de acompañamento de ciclistas. Indica a circulación próxima de ciclistas.

V-23. Distintivo de vehículos de transporte de mercadorías. Sinaliza un vehículo desta clase. Estará constituída por marcas reflectoras utilizadas para incrementar a visibilidade e o recoñecemento de camiións e vehículos longos e pesados e os seus remolques. O distintivo

dos vehículos de transporte débese axustar ó establecido para este sinal no anexo XI do Regulamento xeral de vehículos.

3. A forma, cor, deseño, símbolos, dimensións, significado e colocación dos sinais nos vehículos axustaranse ó establecido no anexo XI do Regulamento xeral de vehículos.

Disposición adicional primeira. *Comunidades autónomas.*

O disposto neste regulamento, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, entenderase sen prexuízo das competencias que teñan asumidas as comunidades autónomas que teñan atribuídas e exerzan conforme os seus estatutos.

Disposición adicional segunda. *Uso obrigatorio de cintos de seguridade en turismo.*

O cumprimento da obriga de utilizar cintos de seguridade ou outros sistemas de retención homologados, correctamente abrochados ou colocados tanto en circulación en vías urbanas coma en interurbanas, imposta no artigo 117.1.a) e b) ós condutores e ós pasaxeiros de asentos determinados dos vehículos que no dito precepto se especifican, só será esixible respecto daqueles vehículos que se matriculasen con posterioridade ó 15 de xuño de 1992. Os mencionados vehículos que non levasen nesa data instalados, nos ditos asentos, os citados mecanismos non estarán obrigados a facelo, pero si a utilizalos os seus pasaxeiros cando os levasen instalados.

Disposición adicional terceira. *Sistemas de retención infantís.*

O Goberno, dentro do prazo previsto na Directiva 2003/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de abril de 2003, pola que se modifica a Directiva 91/67/CEE do Consello, sobre o uso obrigatorio de cintos de seguridade en vehículos de menos de 3,5 toneladas, continuará avanzando no proceso da súa transposición completa.

Disposición derradeira primeira. *Obriga de utiliza-los chalecos reflectores de alta visibilidade.*

A obriga de que os condutores de turismo deban utiliza-lo chaleco reflector de alta visibilidade, imposta no artigo 118.3, será esixible despois de transcorridos seis meses desde a súa entrada en vigor. Para os restantes condutores aludidos no dito precepto, así como para os condutores e o persoal auxiliar dos vehículos piloto de protección e acompañamento, será esixible o día seguinte ó da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira segunda. *Obriga sobre sistemas de retención infantís.*

As obrigas impostas no artigo 117.2, parágrafo terceiro, serán esixibles ós seis meses desde a súa entrada en vigor.

ANEXO I

O catálogo oficial de sinais de circulación está constituído polos documentos que se relacionan a continuación:

- Norma de estradas 8.1-I.C Sinalización vertical.
- Norma de estradas 8.2-I.C Marcas viais.
- Norma de estradas 8.3.I.C Sinalización de obras.
- Catálogo de sinais verticais de circulación tomos I e II.

Os documentos indicados forman parte da regulación básica establecida pola Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.


Sinais de circulación

ÍNDICE


1. Sinais e ordes dos axentes de circulación.
 - 1.1 Sinais co brazo e outros.
 - 1.2 Sinais desde os vehículos.
 - 1.3 Sinais portátiles para seren utilizados polos axentes de circulación.
 - 1.4 Dimensións sinais e bastidores.
2. Paneis de mensaxe variable.
 - Grupo 1. Mensaxes preceptivas.
 - Grupo 2. Mensaxes de advertencia de perigo.
 - Grupo 3. Mensaxes informativas.
3. Sinais de balizamento.
 - 3.1 Dispositivos de barreira.
 - 3.2 Dispositivos de guía.
4. Semáforos.
 - 4.1 Semáforos reservados para peóns.
 - 4.2 Semáforos circulares para vehículos.
 - 4.3 Semáforos cadrados para vehículos ou de carril.
 - 4.4 Semáforos reservados a determinados vehículos.
5. Sinais verticais de circulación.
 - 5.1 Sinais de advertencia de perigo.
 - 5.2 Sinais de prioridade.
 - 5.3 Sinais de prohibición de entrada.
 - 5.4 Sinais de restricción de paso.
 - 5.5 Outros sinais de prohibición ou restricción.
 - 5.6 Sinais de obriga.
 - 5.7 Sinais de fin de prohibición ou restricción.
 - 5.8 Sinais de indicacións xerais.
 - 5.9 Sinais de carrís.
 - 5.10 Sinais de servizo.
 - 5.11 Sinais de presinalización.
 - 5.12 Sinais de dirección.
 - 5.13 Sinais de identificación de estradas.
 - 5.14 Sinais de localización.
 - 5.15 Sinais de confirmación.
 - 5.16 Sinais de uso específico en poboación.
 - 5.17 Paneis complementarios.
 - 5.18 Outros sinais.
6. Marcas viais.
 - 6.1 Marcas brancas lonxitudinais.
 - 6.2 Marcas brancas transversais.
 - 6.3 Sinais horizontais de circulación.
 - 6.4 Outras marcas e inscricións de cor branca.
 - 6.5 Marcas doutras cores.

1. SINAIS E ORDES DOS AXENTES DE CIRCULACIÓN

1.1 SINAIS CO BRAZO E OUTROS




Brazo levantado verticalmente




Brazo ou brazos estendidos horizontalmente



Balanco dunha luz vermella ou amarela



Brazo estendido movéndoo alternativamente de arriba a abaixo



Outros sinais



Sinais feitos con chifre

1.2 SINAIS DESDE OS VEHÍCULOS




Bandeira vermella




Bandeira verde




Bandeira amarela



Brazo estendido cara a abaixo inclinado e fixo



Luz vermella ou amarela intermitente ou escintilante cara a adiante



Regulación do paso

1.3 SINAIS PORTÁTILES QUE UTILIZARÁN OS AXENTES DE CIRCULACIÓN



P-17
Estreitamento
da calzada



P-50
Outros perigos



R-200
Prohibición de pasar
sen se deter



R-301
Velocidade máxima



R-305
Adiantamento
prohibido



R-400a
Sentido obrigatorio



R-400b
Sentido obrigatorio



R-500
Fin de prohibicións

1.4 DIMENSIÓNS DE SINAIS E BASTIDORES

As dimensións dos sinais que utilizarán os axentes de circulación en calquera tipo de vía serán as seguintes:

Sinais circulares: 50 cm de diámetro.

Sinais triangulares: 70 cm de lado.

Altura do sinal no bastidor (dúas posicións):

Máxima: 132 cm.

Mínima: 93 cm.

(Dimensión obtida desde o chan ata a parte superior do sinal)

2. PANEIS DE MENSAXE VARIABLE

Grupo 1. Mensaxes preceptivas

1.1. Variación na adherencia

1.1.1. Firme esvaradío

1.1.1.1 Limitación de velocidade



1.1.1.2 Limitación de distancia



1.1.1.3 Prohibición de adelantamiento a camións



1.1.2. Neve

1.1.2.1 Neve nivel negro

1.1.2.1 Mensaxe xeral




1.1.2.1.2 Mensaxe estratéxica



1.1.2.2 Neve nivel vermello


1.1.2.2.1 Xeral (alternante)



1.1.2.2.2 Só vehículos pesados



1.1.2.2.3 PMV en neve



1.1.2.3 Neve nivel amarelo

1.1.2.3.1 Xeral: limitación de velocidade e distancia entre vehículos



1.1.2.3.2 Xeral (alternante)



1.1.2.3.3 Saída de camión (alternante)



1.1.2.4 Neve nivel verde

1.1.2.4.1 En autoestrada ou autovía



1.1.2.4.2 En estrada convencional



1.1.2.4.3 Específico camiós




1.2. Variación nos niveis do tráfico

1.2.1. Tráfico negro



1.2.1.1 Xeral



1.2.1.2 Estratéxico



1.2.2. Tráfico vermello e amarelo



1.2.2.1 Limitación de velocidade e distancia entre vehículos


1.2.3. Tráfico verde

1.3. Variación na visibilidade




1.3.1. Luz de cruzamento



1.3.2. Distancia entre vehículos






1.3.3. Limitacións de velocidade



1.4. Variación no vento

1.4.1. Limitacións de velocidade



1.4.2. Prohibición de adelantamento a camións



1.5. Variación na capacidade da vía

1.5.1. Aumento

1.5.1.1 Por carril directo

1.5.1.1.1 Antes do c. directo


1.5.1.1.2 Durante o c. directo



1.5.1.2 Por circulación en beiravía

1.5.1.2.1 Antes

1.5.1.2.2 Durante





1.5.1.2.3 Final

1.5.2. Diminución


1.5.2.1 Estreitamento / corte de carrís

1.5.2.1.1 Por carril directo en sentido contrario

1.5.2.1.1.1 Antes



1.5.2.1.1.2 Durante



1.5.2.1.2 Outros



1.5.2.2 Ocupación de beiravía

1.5.2.2.1 Por obras



1.5.2.2.2 Por accidente



1.6. Variación no itinerario



1.6.1. Saída obrigatoria

1.6.2. Xestión

1.6.3. Información

1.6.3.1 Gráficos en tempo real

1.6.3.2 Tempos de percorrido

1.6.3.2.1 Xeral

1.6.3.2.2 Eventos (causas)

Grupo 2. Mensaxes de advertencia de perigo

2.1. Variación na adherencia

2.1.1. Firme esvaradío



2.1.2. Neve




2.2. Variación nos niveis do tráfico

2.2.1. Tráfico negro

2.2.2. Tráfico vermello e amarelo

2.2.2.1. Antes



2.2.2.2. Durante



2.2.3. Tráfico verde

2.3. Variación na visibilidade

2.3.1. Néboa



2.4. Variación no vento

2.4.1. Vento: refachos



2.4.2. Vento: lateral




2.5. Variación na capacidade da vía


2.5.1. Aumento: circulación por beiravía

2.5.1.1 Antes

2.5.1.2 Durante



2.5.1.3 Final




2.5.2 Diminución

2.5.2.1 Estreitamento / corte de carril/is

2.5.2.1.1 Por retorno de carril directo

2.5.2.1.1.1 Retorno á vía



2.5.2.1.1.2 Antes



2.5.2.1.1.3 Antes/durante




2.5.2.1.2 Outros



2.5.2.2 Ocupación beiravía

2.5.2.2.1 Por obras



2.5.2.2.2 Por accidente



2.6. Variación no itinerario

2.6.1. Obrigatorio

2.6.2. Xestión

2.6.3. Información

Grupo 3. Mensaxes informativas

3.1. Variación na adherencia

3.2. Variación nos niveis do tráfico

3.2.1. Tráfico vermello e amarelo



3.3. Variación na visibilidade


3.4. Variación no vento

3.5. Variación na capacidade da vía

3.5.1. Aumento

3.5.1.1. Por carril directo

3.5.1.1.1 Antes



3.5.1.1.2 Durante



3.5.1.2 Por circulación por beiravía

3.5.1.2.1 Antes



3.5.1.2.2 Durante

3.5.1.2.3 Final



3.5.2 Diminución

3.6. Variación no itinerario

3.6.1. Obrigatoria

3.6.2. Recomendada reencamiñamento

3.6.3. Información

3.6.3.1 Gráficos en tempo real: mímicos

3.6.3.2 Tempo de percorrido



3.6.3.2.1 Xeral



3.6.3.2.2 Causas

3.6.3.2.2.1 Retencións



3.6.3.2.2.2 Obras



3.6.3.2.2.3 Accidente



(*) As indicacións S-800 e S-810 fan referencia ó contido dos paneis complementarios de sinalización vertical do mesmo nome.

Instrucións complementarias:

1.º Calquera mensaxe diferente das establecidas deberá ser expresamente aprobada polo organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, se é o caso, pola autoridade autonómica responsable da regulación de tráfico.


2.º En ningún caso o texto dunha mensaxe debe conter máis de sete (7) palabras.

3.º Nunca se utilizarán máis de dúas mensaxes alternadas.

4.º No caso de utilizarse paneis de mensaxes variables que dispoñan de dúas áreas gráficas, poderase completa-la mensaxe incluíndo na segunda outro dos pictogramas do tipo.

3. SINAIS DE BALIZAMENTO

3.1. DISPOSITIVOS DE BARREIRA



Barreira física



Barreira ou semibarreira móbil



Panel direccional provisional



Bandeiras, conos ou dispositivos análogos




Luz vermella fixa




Luces amarelas fixas ou intermitentes

3.2 DISPOSITIVOS DE GUÍA



Fitos de vértice




Fitos de aresta




Panel direccional permanente




Captafaros horizontais (ollos de gato)



Captafaros de barreira



Balizas planas



Balizas cilíndricas



Barreira lateral ríxida




Barreira lateral semirríxida




Barreira lateral desprazable

4. SEMÁFOROS

4.1. SEMÁFOROS RESERVADOS PARA PEÓNS




Luz vermella non intermitente en forma de peón inmóbil




Luz verde non intermitente en forma de peón en marcha


4.2 SEMÁFOROS CIRCULARES PARA VEHÍCULOS




Luz vermella non intermitente




Luz vermella intermitente




Luz amarela non intermitente




Luz amarela intermitente




Luz verde non intermitente



Frecha negra



Frecha verde




4.3 SEMÁFOROS CADRADOS PARA VEHÍCULOS OU DE CARRIL



Luz vermella en forma de aspa




Luz verde en forma de frecha




Luz branca ou amarela en forma de frecha

4.4 SEMÁFOROS RESERVADOS A DETERMINADOS VEHÍCULOS



Semáforos para ciclos e ciclomotores



Semáforos reservados para tranvías e autobuses

5. SINAIS VERTICAIS DE CIRCULACIÓN

5.1 SINAIS DE ADVERTENCIA DE PERIGO

P-1
Intersección con prioridade

P-1a Intersección con prioridade sobre vía á dereita



P-1b Intersección con prioridade sobre vía á esquerda



P-1c Intersección con prioridade sobre incorporación pola dereita



P-1d Intersección con prioridade sobre incorporación pola esquerda



P-2 Intersección con prioridade á dereita



P-3 Semáforos



P-4 Intersección con circulación xiratoria



P-5 Ponte móbil



P-6 Cruzamento de tranvía



P-7 Paso a nivel con barreiras



P-8 Paso a nivel sen barreiras



P-9a Proximidade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado dereito)



P-9b Aproximación a un paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado dereito)




P-9c Proximidade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado dereito)



P-10a Proximidade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado esquerdo)



P-10b Aproximación a un paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado esquerdo)



P-10c Proximidade dun paso a nivel, ponte móbil ou peirao (lado esquerdo)



P-11 Situación dun paso a nivel sen barreiras



P-11a Situación dun paso a nivel sen barreiras de máis dunha vía férrea



P-12 Aeroporto



P-13a Curva perigosa cara á dereita



P-13b Curva perigosa cara á esquerda



P-14a Curvas perigosas cara á dereita



P-14b Curvas perigosas cara á esquerda



P-15 Perfil irregular



P-15a Lomba



P-15b Depresión



P-16a Baixada con forte pendente



P-16b Subida con forte pendente



P-17 Estreitamento da calzada



P-17a Estreitamento da calzada pola dereita



P-17b Estreitamento da calzada pola esquerda



P-18 Obras



P-19 Pavimento esvaradío



P-20 Peóns



P-21 Nenos



P-22 Ciclistas



P-23 Paso de animais domésticos



P-24 Paso de animais en liberdade



P-25 Circulación nos dous sentidos



P-26 Desprendemento



P-27 Peirao



P-28 Proxección de grava



P-29 Vento transversal



P-30 Chanzo lateral



P-31 Conxestión



P-32 Obstrucción na calzada



P-33 Visibilidade reducida



P-34 Pavimento esvaradio por xeo ou neve



P-50 Outros perigos

5.2 SINAIS DE PRIORIDADE



R-1 Ceda o paso



R2 Detención obrigatoria ou STOP



R-3 Calzada con prioridade



R-4 Fin de prioridade



R-5 Prioridade sentido contrario



R-6 Prioridade respecto ó sentido contrario

5.3 SINAIS DE PROHIBICIÓN DE ENTRADA



R-100 Circulación prohibida



R-101 Entrada prohibida



R-102 Entrada prohibida a vehículos de motor



R-103 Entrada prohibida a vehículos de motor, excepto motocicletas de dúas rodas



R-104 Entrada prohibida a motocicletas



R-105 Entrada prohibida a ciclomotores



R-106 Entrada prohibida a vehículos destinados ó transporte de mercadorías



R-107 Entrada prohibida a vehículos destinados ó transporte de mercadorías con maior masa autorizada que a indicada



R-108 Entrada prohibida a vehículos que transporten mercadorías perigosas



R-109 Entrada prohibida a vehículos que transporten mercadorías explosivas ou inflamables



R-110 Entrada prohibida a vehículos que transporten productos contaminantes da auga



R-111 Entrada prohibida a vehículos agrícolas de motor



R-112 Entrada prohibida a vehículos de motor con remolque, que non sexa semirremolque ou remolque dun só eixe



R-113 Entrada prohibida a vehículos de tracción animal



R-114 Entrada prohibida a ciclos



R-115 Entrada prohibida a carros de man



R-116 Entrada prohibida a peóns



R-117 Entrada prohibida a animais de montura

5.4 SINAIS DE RESTRICIÓN DE PASO



R-200 Prohibición de pasar sen se deter



R-201 Limitación de masa



R-202 Limitación de masa por eixe



R-203 Limitación de lonxitude



R-204 Limitación de largura



R-205 Limitación de altura

5.5 OUTROS SINAIS DE PROHIBICIÓN OU RESTRICCIÓN



R-300 Separación mínima



R-301 Velocidade máxima

R-302 Xiro á dereita
prohibidoR-303 Xiro á esquerda
prohibido

R-304 Media volta prohibida

R-305 Adiantamento
prohibidoR-306 Adiantamento
prohibido para camiósR-307 Parada e
estacionamento prohibidoR-308 Estacionamento
prohibidoR-308a Estacionamento
prohibido os días imparesR-308b Estacionamento
prohibido os días paresR-308c Estacionamento
prohibido a primeira
quincenaR-308d Estacionamento
prohibido a segunda
quincenaR-308e Estacionamento
prohibido en vaoR-309 Zona de
estacionamento limitadoR-310 Advertencias acústicas
prohibidas

5.6 SINAIS DE OBRIGA



R-400a Sentido obrigatorio



R-400b Sentido obrigatorio



R-400c Sentido obrigatorio



R-400d Sentido obrigatorio



R-400e Sentido obrigatorio



R-401a Paso obrigatorio



R-401b Paso obrigatorio



R-401c Paso obrigatorio



R-402 Intersección de sentido xiratorio obrigatorio



R-403a Únicas direccións e sentidos permitidos



R-403b Únicas direccións e sentidos permitidos



R-403c Únicas direccións e sentidos permitidos



R-404 Calzada para automóviles, excepto motocicletas



R-405 Calzada para motocicletas



R-406 Calzada para camiões e furgóns



R-407 a) Vía reservada para ciclos ou vía ciclista



R-407 b) Vía reservada para ciclomotores



R-408 Camiño para vehículos de tracción animal



R-409 Camiño reservado para animais de montura



R-410 Camiño reservado para peóns



R-411 Velocidade mínima



R-412 Cadeas para neve



R-413 Luz de curto alcance



R-414 Calzada para vehículos que transporten mercadorías perigosas



R-415 Calzada para vehículos que transporten productos contaminantes da auga



R-416 Calzada para vehículos que transporten mercadorías explosivas ou inflamables



R-417 Uso obrigatorio do cinto de seguridade



R-418 Vía exclusiva para vehículos dotados de equipamento de telepeaxe operativa

5.7 SINAIS DE FIN DE PROHIBICIÓN OU RESTRICCIÓN



R-500 Fin de prohibicións



R-501 Fin de limitación de velocidade



R-502 Fin da prohibición de adelantamento



R-503 Fin da prohibición de adelantamento para camiões



R-504 Fin de zona de



R-505 Fin da vía reservada



R-506 Fin de velocidade mínima

5.8 SINAIS DE INDICACIÓNS XERAIS



S-1 Autoestrada




S-2 Fin de autoestrada



S-1a Autovía



S-2a Fin de autovía

S-3 Vía reservada a
automóvilesS-4 Fin de vía reservada
para automóviles

S-5 Túnel



S-6 Fin de túnel

S-7 Velocidade máxima
aconsellableS-8 Fin de velocidade máxima
aconsellableS-9 Intervalo aconsellable de
velocidadesS-10 Fin de intervalo
aconsellable de velocidades

S-11 Calzada de sentido único

S-11a Calzada de sentido
únicoS-11b Calzada de sentido
únicoS-12 Tramo de calzada de
sentido únicoS-13 Situación dun paso
para peónsS-14a Paso superior para
peónsS-14b Paso inferior para
peónsS-15a Presinalización de
calzada sen saídaS-15b Presinalización de
calzada sen saídaS-15c Presinalización de
calzada sen saídaS-15d Presinalización de
calzada sen saídaS-16 Zona de freada de
emerxencia

S-17 Estacionamento

S-18 Lugar reservado
para taxis


S-19 Parada de autobuses



S-20 Parada de tranvías



S-21 Transitabilidade en tramo ou porto de montaña




S-21.1 Transitabilidade en tramo ou porto de montaña



2.a



2.b



2.c




2.d

S-21.2 Transitabilidade en tramo ou porto de montaña



3.a



3.b

S-21.3 Transitabilidade en tramo ou porto de montaña



S-22 Cambio de sentido ó mesmo nivel



S-23 Hospital



S-24 Fin da obriga de luz de curto alcance (cruzamento)



S-25 Cambio de sentido a distinto nivel



S-26a (300 m) Panel de aproximación á saída



S-26b (200 m) Panel de aproximación á saída



S-26c (100 m) Panel de aproximación á saída



S-27 Auxilio na estrada



S-28 Rúa residencial




S-29 Fin de rúa residencial



S-30 Zona a 30




S-31 Fin de zona a 30



S-32 Telepeaxe



S-33 Senda ciclable



S-34 Apartadoiro



S-34a Apartadoiro

5.9 SINAIS DE CARRÍS



S-50a Carrís reservados para tráfico en función da velocidade sinalizada



S-50b Carrís reservados para tráfico en función da velocidade sinalizada



S-50b Carrís reservados para tráfico en función da velocidade sinalizada



S-50b Carrís reservados para tráfico en función da velocidade sinalizada



S-50b Carrís reservados para tráfico en función da velocidade sinalizada



S-51 Carril reservado para autobuses



S-52 Final de carril destinado á circulación



S-52a Final de carril destinado á circulación



S-52b Final de carril destinado á circulación



S-53 Paso de un a dous carrís de circulación



S-53a Paso de un a dous carrís de circulación con especificación da velocidade máxima en cada un deles



S-53b Paso de dous a tres carrís de circulación



S-53c Paso de dous a tres carrís de circulación con especificación da velocidade máxima en cada un deles



S-60a Bifurcación cara á esquerda en calzada de dous carrís



S-60b Bifurcación cara á dereita en calzada de dous carrís



S-61a Bifurcación cara á esquerda en calzada de tres carrís



S-61b Bifurcación cara á dereita en calzada de tres carrís



S-62a Bifurcación cara á esquerda en calzada de catro carrís



S-62b Bifurcación cara á dereita en calzada de catro carrís



S-63 Bifurcación en calzada de catro carrís



S-64 Carril bici ou via ciclista acaroadada á calzada

5.10 SINAIS DE SERVICIO



S-100 Posto de socorro



S-101 Base de ambulancia



S-102 Servicio de inspección técnica de vehículos



S-103 Taller de reparación



S-104 Teléfono



S-105 Bomba de carburante



S-106 Taller de reparación e bomba de carburante



S-107 Campamento



S-108 Auga



S-109 Lugar pintoresco



S-110 Hotel ou motel



S-111 Restauración



S-112 Cafetería



S-113 Terreo para remolques-vivenda



S-114 Merendeiro



S-115 Punto de partida para excursións a pé



S-116 Campamento e terreo para remolques-vivenda



S-117 Albergue de mocidade



S-118 Información turística



S-119 Couto de pesca



S-120 Parque nacional



S-121 Monumento



S-122 Outros servicios



S-123 Área de descanso



S-124 Estacionamento para usuarios do ferrocarril



S-125 Estacionamento para usuarios do ferrocarril inferior



S-126 Estacionamento para usuarios de autobús




S-127 Área de servicio

5.11 SINAIS DE PRESINALIZACIÓN



S-200 Presinalización de rotonda



S-220 Presinalización de direccións cara a unha estrada convencional




S-222 Presinalización de direccións cara a unha autovía ou autoestrada




S-222a Presinalización de direccións cara a unha autoestrada ou a unha autovía e dirección propia



S-225 Presinalización de direccións nunha autoestrada ou nunha autovía cara a calquera estrada




S-230 Presinalización con sinais sobre a calzada en estrada convencional cara á estrada convencional



S-230 Presinalización con sinais sobre a calzada en estrada convencional cara á estrada convencional e dirección propia




S-232 Presinalización con sinais sobre a calzada en estrada convencional cara a unha autoestrada ou autovía




S-232a Presinalización con sinais sobre a calzada en estrada convencional cara a autoestrada ou autovía e dirección propia




S-235 Presinalización con sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía cara a calquera estrada



S-235a Presinalización con sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía cara a calquera estrada e dirección propia



S-242 Presinalización en autoestrada ou autovía de dúas saídas moi próximas cara a calquera estrada



S-242a Presinalización en autoestrada ou autovía de dúas saídas moi próximas cara a calquera estrada e dirección propia



S-250 Presinalización de itinerario



S-260 Presinalización de carris




S-261 Presinalización en estrada convencional de zona ou área de servizos



S-263 Presinalización en autoestrada ou autovía dunha zona ou área de servizos con saída compartida




S-263a Presinalización en autoestrada ou autovía dunha zona ou área de servizos con saída exclusiva



S-264 Presinalización en estrada convencional dunha vía de servizos



S-266 Presinalización en autoestrada ou autovía dunha vía de servizo con saída compartida



S-266a Presinalización en autoestrada ou autovía dunha vía de servizo con saída exclusiva



S-270 Presinalización de dúas saídas moi próximas



S-271 Presinalización de área de servizo

5.12 SINAIS DE DIRECCIÓN



S-300 Poboacións dun itinerario por estrada convencional



S-301 Poboacións nun itinerario por autoestrada ou autovía




S-310 Poboacións de varios itinerarios




S-320 Lugares de interese por estrada convencional



S-321 Lugares de interese por autoestrada ou autovía



S-322 Sinal de destino cara a unha vía ciclista ou senda ciclable



S-341 Sinal de destino de saída inmediata cara á estrada convencional



S-342 Sinal de destino de saída inmediata cara á autoestrada ou autovía




S-344 Sinal de destino de saída inmediata cara a unha zona, área ou vía de servizos




S-347 Sinal de destino de saída inmediata cara a unha zona, área ou vía de servizos, con saída compartida cara a unha autoestrada ou autovía




S-348a Sinal de destino en desvío



S-348b Sinal variable de destino




S-350 Sinal sobre a calzada, en estrada convencional. Saída inmediata cara á estrada convencional.




S-351 Sinal sobre a calzada, en autoestrada ou autovía. Saída inmediata cara á estrada convencional



S-354 Sinal sobre a calzada, en estrada convencional. Saída inmediata cara á autoestrada ou autovía.



S-355 Sinal sobre a calzada, en autoestrada ou autovía. Saída inmediata cara á autoestrada ou autovía



S-360 Sinais sobre a calzada en estrada convencional. Saída inmediata cara á estrada convencional e dirección propia




S-362 Sinais sobre a calzada en estrada convencional. Saída inmediata cara á autoestrada ou autovía e dirección propia



S-366 Sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía. Saída inmediata cara á estrada convencional e dirección propia




S-368 Sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía. Saída cara á autoestrada ou autovía e dirección propia



S-371 Sinais sobre a calzada en estrada convencional, dúas saídas inmediatas moi próximas cara á estrada convencional e dirección propia



S-373 Sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía. Dúas saídas inmediatas moi próximas cara á estrada convencional e dirección propia



S-375 Sinais sobre a calzada en autoestrada ou autovía. Dúas saídas inmediatas moi próximas cara á autoestrada ou autovía e dirección propia

5.13 SINAIS DE IDENTIFICACIÓN DE ESTRADAS



S-400 Itinerario europeo



S-410 Autoestrada e autovía



S-401a Autoestrada de peaxe



S-420 Estrada da rede xeral do Estado



S-430 Estrada autonómica de primeiro nivel




S-440 Estrada autonómica de segundo nivel



S-450 Estrada autonómica de terceiro nivel

5.14 SINAIS DE LOCALIZACIÓN



S-500 Entrada a poboado




S-510 Fin de poboación




S-520 Situación de punto característico da vía



S-540 Situación de límite de provincia



S-550 Situación de límite de comunidade autónoma



S-560 Situación de límite de comunidade autónoma e provincia



S-570 Fito quilométrico en autoestrada e autovía



S-570a Fito quilométrico en autoestrada de peaxe



S-571 Fito quilométrico en autoestrada e autovía que, ademais, forma parte dun itinerario europeo




S-572 Fito quilométrico en estrada convencional



S-573 Fito quilométrico en itinerario europeo




S-574 S-574a S-574b Fito miriarmétrico en autoestrada, autovía, estrada convencional e autoestrada de peaxe



S-575 Fito miriarmétrico

5.15 SINAIS DE CONFIRMACIÓN



S-600 Confirmación de poboacións nun itinerario por estrada convencional



S-602 Confirmación de poboacións nun itinerario por autoestrada ou autovía

5.16 SINAIS DE USO ESPECÍFICO EN POBOADO



S-700 Lugares da rede viaria urbana



S-710 Lugares de interese para viaxeiros



S-720 Lugares de interese deportivo ou recreativo



S-730 Lugares de carácter xeográfico ou ecolóxico



S-740 Lugares de interese monumental ou cultural



S-750 Zonas de uso industrial



S-760 Autoestradas e autovias




S-770 Outros lugares e vías


5.17 PANEIS COMPLEMENTARIOS



S-800 Distancia ó comezo do perigo ou prescrición



S-810 Lonxitude do tramo perigoso ou suxeito a prescrición



S-820 Extensión da prohibición, a un lado



S-821 Extensión da prohibición, a un lado



S-830 Extensión da prohibición a ámbolos lados



S-840 Presinalización de detención obrigatoria



S-850 Itinerario con prioridade



S-851 Itinerario con prioridade



S-852 Itinerario con prioridade




S-853 Itinerario con prioridade




S-860 Xenérico



S-870 Aplicación da sinalización



S-880 Aplicación de sinalización a determinados vehículos



S-890 Panel complementario dun sinal vertical

5.18 OUTROS SINAIS



S-900 Perigo de incendio



S-910 Extintor



S-920 Entrada a España



S-930 Confirmación do país



S-940 Limitacións de velocidade en España



S-950 Radiofrecuencia de emisoras específicas de información sobre estradas





S-960 Teléfono de emerxencia



S-970 Apartadoiro




S-980 Saída de emerxencia





S-990 Saída de emerxencia

6. SINALIZACIÓN HORIZONTAL E MARCAS VIAIS


6.1 MARCAS BRANCAS LONXITUDINAIS



Marca lonxitudinal continua




Marca lonxitudinal descontinua



Marcas lonxitudinais descontinuas dobres




Marcas lonxitudinais continuas acaroadas a descontinuas




Marca de guía na intersección


6.2 MARCAS BRANCAS TRANSVERSAIS




Marca transversal continua



Marca transversal descontinua




Marca de paso para peóns




Marca de paso para ciclistas


6.3 SINAIS HORIZONTAIS DE CIRCULACIÓN




Ceda o paso



Detención obrigatoria ou STOP



Sinal de limitación de velocidade




Frechas de selección de carris



Frecha de saída



Frecha fin de carril



Frecha de retorno



6.4 OUTRAS MARCAS E INSCRICIÓNS DE COR BRANCA



Marca de bifurcación



Inscripción de carril ou zona reservada




Marcas de estacionamento



Marca de comezo de carril reservado




Marca de paso a nivel



Marca de vía ciclista



Liñas de cebra



Liña de bordo



Outras marcas



6.5 MARCAS DOUTRAS CORES





Marca amarela en zigzag




Cuadrícula de marcas amarelas




Marca amarela lonxitudinal continua



Marca amarela lonxitudinal descontinua



Xadrezado branco e vermello



Marcas azuis

ANEXO II**Probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos**SECCIÓN 1.^a PROBAS DEPORTIVASArtigo 1. *Obxecto.*

Esta normativa ten por obxecto establecer unha regulación da utilización da vía para a realización de probas deportivas competitivas organizadas.

Artigo 2. *Tramitación das solicitudes de autorización.*

A tramitación para solicita-la autorización das probas deportivas por parte da autoridade gubernativa correspondente será a seguinte:

1. Competencias.

A competencia para expedi-la autorización para celebrar unha proba deportiva corresponderalle:

a) Ó organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, cando o percorrido da proba se desenvolva por vías de máis dunha comunidade autónoma.

b) Á comunidade autónoma correspondente e ás cidades de Ceuta e Melilla, cando a proba se desenvolva integramente por vías situadas dentro do seu ámbito territorial.

c) Ó concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do núcleo urbano, con exclusión das travesías.

2. Informes.

a) Do titular da vía: os organismos titulares das vías polas que vaian discorre-las probas deportivas emitirán informe sobre a súa viabilidade.

b) Do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico: cando a competencia para autoriza-las probas este atribuída a unha comunidade autónoma, esta solicitará informe das xefaturas de Tráfico das provincias polo territorio das cales discorran, e, no caso de que a competencia estea atribuída ás cidades de Ceuta ou de Melilla, estas solicitarán informe da Xefatura Local de Tráfico, sempre que a vixilancia e regulación do tráfico estea atribuída á Administración xeral do Estado. Nas comunidades autónomas que teñan transferida a competencia de execución en materia de vixilancia da circulación, o informe solicitaráselle ó órgano que a exerza. Os informes fixarán os servicios de vixilancia.

c) Os informes previstos nas alíneas a) e b) terán carácter vinculante cando se opoñan á realización da proba deportiva ou a condicionen ó cumprimento de determinadas prescricións técnicas.

3. Documentación.

A solicitude de autorización especial para celebrar probas deportivas presentarase dirixida ó órgano competente con, polo menos, 30 días de antelación, acompañada dos seguintes documentos:

a) Permiso de organización expedido pola federación deportiva correspondente, cando así o esixa a lexislación deportiva.

b) Memoria da proba en que se fará constar:

1.º Nome da actividade e, se é o caso, número cronolóxico da edición.

2.º Regulamento da proba.

3.º Esbozo preciso do percorrido, data de celebración, itinerario, perfil, horario probable de paso polos distintos puntos determinantes do percorrido e media prevista tanto da cabeza da proba como do peche desta.

4.º Identificación dos responsables da organización, e concretamente do director executivo, e do responsable

de seguridade vial, que dirixirá a actividade do persoal auxiliar habilitado.

5.º Número aproximado de participantes previstos.

6.º Proposición de medidas de sinalización da proba e do resto dos dispositivos de seguridade previstos nos posibles lugares perigosos, así como a función que deba desempeña-lo persoal auxiliar habilitado, todo iso mediante informe detallado e que será comunicado no seu momento polo responsable da seguridade vial da proba ou as forzas da orde ó persoal responsable da vixilancia destes puntos conflictivos.

O responsable de seguridade vial da proba deberá coñece-las normas de circulación, para o cal deberá posuír permiso de condución en vixencia.

As autoridades competentes redactarán unha instrución específica que conterá nocións básicas sobre regulación de tráfico, o contido da cal será de obrigado coñecemento para o responsable de seguridade vial da proba.

7.º Xustificante da contratación dos seguros de responsabilidade civil e de accidentes a que se refire o artigo 14 deste anexo.

4. Resolución.

A autoridade competente dictará e notificará a resolución no prazo de 10 días hábiles desde a presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen que se dicte a resolución, entenderase concedido o permiso para a organización da proba. Contra a resolución poderanse interpo-los recursos que procedan. A resolución que se dicte fixará os servicios de vixilancia e o seu custo será por conta dos organizadores da proba.

Artigo 3. *Normativa aplicable.*

A actividade das probas deportivas rexerese polas normas establecidas nesta normativa especial, polos regulamentos deportivos e polas demais normas que resulten de aplicación.

Artigo 4. *Uso das vías.*

As probas deportivas disputaranse co tráfico completamente cerrado ós usuarios alleos á dita proba, e gozarán do uso exclusivo das vías no espacio comprendido entre o vehículo de apertura con bandeira vermella e o de peche con bandeira verde.

Artigo 5. *Control das probas deportivas.*

O control e a orde da proba, tanto polo que respecta ós participantes coma ó resto de usuarios da vía, estarán encomendados ós axentes da autoridade ou ó persoal da organización habilitado, que actuará seguindo as directrices dos axentes ou do responsable de seguridade vial.

Artigo 6. *Obrigas dos participantes.*

1. Tódolos participantes nunha proba deportiva, coas excepcións previstas neste regulamento, están obrigados ó cumprimento das normas particulares do regulamento da proba e ás que nun momento determinado estableza ou adopte, por seguridade, o responsable da proba ou a autoridade competente, non obstante estaren eximidos do cumprimento das normas xerais de circulación.

2. Cando un participante non se encontre en condicións para mante-lo horario previsto para o último dos participantes ou exceda o tempo previsto de cerre de control da actividade, será superado polo vehículo con bandeira verde, que indica o final da zona de compe-

tición, polo que deberá abandonar-la proba co fin de non entorpece-lo tráfico automobilístico e o desenvolvemento da propia actividade. En caso de continuar, deberá cumprir-las normas e os sinais, e será considerado un usuario máis da vía.

Artigo 7. *Vehículos de apoio.*

A organización disporá de vehículos de apoio suficientes, bandeirolas e medios adecuados para a sinalización do percorrido, tanto polo que respecta ós participantes coma ó resto de usuarios da vía, así como dos servizos necesarios para retirar-la sinalización ó termina-la actividade, e desperdicios que ocasionen os avituallamentos, deixando a vía e os seus arredores no mesmo estado que antes da súa celebración.

Artigo 8. *Sinalización de itinerarios.*

Os itinerarios débense sinalizar nos lugares perigosos, mesmo coa presenza de persoal da organización e con instrucións precisas do responsable de seguridade vial. As sinalizacións deberán ser retiradas ou borradas unha vez que pase o último participante e nunca serán colocadas de maneira que provoquen confusión para a circulación rodada allea á actividade deportiva. Cando as indicacións se fagan sobre a calzada, deberán utilizar materiais que se borren despois de poucas horas.

Artigo 9. *Condicións da circulación.*

1. Tódalas probas irán precedidas por un axente da autoridade cunha bandeira vermella e finalizadas por outro cunha bandeira verde, as cales coutarán para os participantes e o resto de usuarios da vía o inicio e a fin do espazo ocupado para a proba. Estará prohibida a circulación de vehículos no espazo comprendido entre a bandeira vermella e a verde, excepto os vehículos autorizados expresamente e coa autorización situada en lugar visible.

Entre unha e outra bandeira, o persoal auxiliar habilitado que realice funcións de orde, control ou seguridade irá provisto dunha bandeira de cor amarela en indicación de atención ou perigo, así como con vestimenta de alta visibilidade homologada e que responda ás prescricións técnicas contidas no Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro.

2. Sen prexuízo diso, a organización incorporará vehículos piloto de protección que estarán dotados de carteis que anuncien o comezo e o final da proba, e deberán, se é o caso, situa-lo coche de apertura e peche da proba como mínimo 200 metros por diante e por detrás do primeiro participante e do último, respectivamente.

3. As características dos vehículos piloto a que se fai referencia no punto anterior serán as seguintes:

a) Vehículos de apertura:

Portador de cartel coa inscrición «Atención: proba deportiva. STOP», sen que en ningún caso exceda o largo do vehículo.

Bandeira vermella.

Rotativo de sinalización de cor laranxa.

Luces de avaría e de cruzamento acesas.

b) Vehículo de peche:

Portador de cartel coa inscrición «Fin de carreira. CONTINÚE», sen que en ningún caso exceda o largo do vehículo.

Bandeira verde.

Rotativo de sinalización de cor laranxa.

Luces de avaría e de cruzamento acesas.

Artigo 10. *Servizos sanitarios.*

1. A organización disporá a existencia durante a celebración da actividade da presenza obrigatoria, como mínimo, dunha ambulancia e dun médico para a asistencia de tódolos participantes, sen prexuízo da súa ampliación con máis persoal sanitario na medida que se considere necesario.

2. Nas probas en que a participación supere os 750 deportistas, contarase cun mínimo de dous médicos, dous socorristas e dúas ambulancias, e deberase engadir, como mínimo, unha ambulancia e un médico por cada fracción suplementaria de 1.000 participantes.

Artigo 11. *Condición dos participantes.*

Os participantes que circulen fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin da proba serán considerados usuarios normais da vía, e non lles será de aplicación esta normativa especial.

Artigo 12. *Requisitos dos responsables da proba.*

O director executivo e o responsable de seguridade vial da proba deportiva deberán ser maiores de idade e ter coñecementos das normas de circulación, para o que será suficiente posuí-la licenza ou o permiso de condución en vigor, así como coñecemento do reglamento da proba.

O responsable de seguridade vial deberalle indicar de modo preciso a cada un dos membros do persoal auxiliar habilitado a función que deban desempeñar, de acordo coa memoria aprobada pola autoridade gubernativa competente.

Artigo 13. *Persoal auxiliar.*

O persoal auxiliar para o mantemento da orde e control da actividade deberá ser en número razoable, en función das características da actividade, dependerá do responsable de seguridade vial e deberá ter, como mínimo, as seguintes características:

a) Ser maior de 18 anos e posuír permiso de condución.

b) Dispor por escrito das instrucións precisas dadas polo responsable de seguridade vial da proba e que foron explicadas previamente por este ou polos axentes da autoridade que dean cobertura á proba.

c) Dispor dun sistema de comunicación eficaz que lle permita ó responsable de seguridade vial entrar en contacto co persoal habilitado durante a celebración da proba.

d) Dispor de material de sinalización adecuado, integrado, como mínimo, por conos e bandeiras verde, amarela e/ou vermella, para lles indicar ós usuarios se a ruta está ou non libre, ou unha situación de perigosidade.

e) Deberase poder desprazar dun punto a outro do percorrido para o exercicio das súas funcións.

Artigo 14. *Obrigas dos participantes.*

Tódolos participantes da proba deben estar cubertos por un seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a terceiros ata os mesmos límites que para danos persoais e materiais establece o Real decreto 7/2001, do 12 de xaneiro, para o seguro de responsabilidade civil de vehículos de motor de subscrición obrigatoria, e un seguro de accidentes que teña, como mínimo, as coberturas do seguro obrigatorio deportivo regulado no Real decreto 849/1993, do 4 de xuño; sen a preceptiva contratación deste seguro non se poderá celebrar ningunha proba.

SECCIÓN 2.^a MARCHAS CICLISTASArtigo 15. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta normativa ten por obxecto establecer unha regulación das marchas ciclistas organizadas, concibidas como un exercicio físico con fins deportivos, turísticos ou culturais.

2. Entenderase por marchas ciclistas organizadas aquelas actividades de máis de 50 ciclistas.

Artigo 16. *Marchas ciclistas organizadas.*

As normas establecidas nesta sección só regulan con carácter vinculante as marchas ciclistas organizadas.

Artigo 17. *Requisitos das marchas ciclistas organizadas.*

As marchas ciclistas organizadas deberán cumprir os requisitos administrativos indicados no artigo 2 da sección 1.^a deste anexo.

Artigo 18. *Comunicación ás autoridades competentes.*

A organización estará obrigada a comunicarlle-la celebración da marcha ciclista ós concellos das localidades por que aquela discorra.

Artigo 19. *Control das marchas ciclistas.*

O control e a orde da marcha, tanto no que respecta ós participantes coma ó resto de usuarios da vía, estará encomendado ós axentes da autoridade ou persoal da organización habilitado. As ordes ou instrucións emanadas do dito persoal durante o desenvolvemento da actividade, que actuarán seguindo as directrices dos axentes, terán a mesma consideración que a dos ditos axentes, ó actuar como auxiliar destes.

Artigo 20. *Obrigas dos participantes.*

Tódolos participantes dunha actividade ciclista organizada, coas excepcións previstas neste regulamento, poderán circular e agruparse libremente, sempre polo seu carril, excepto que por seguridade o responsable da proba ou a autoridade competente puntualmente indique outro criterio durante o desenvolvemento da marcha.

En xeral, os participantes deberán cumprir-la normativa de circulación, especialmente cando marchen desgrupados dos demais.

Artigo 21. *Vehículos piloto de apoio.*

A organización disporá de vehículos piloto de apoio suficiente, bandeirolas e medios adecuados para a sinalización do percorrido, tanto polo que respecta ós participantes coma ó resto de usuarios da vía, así como dos servizos necesarios para retirar-la sinalización ó termo da actividade, e desperdicios que ocasionen os avituallamentos, deixando a estrada e os seus arredores no mesmo estado que antes da súa celebración.

Artigo 22. *Sinalización de itinerarios.*

Os itinerarios débense sinalizar nos lugares perigosos, mesmo coa presenza de persoal da organización habilitado e con instrucións precisas do responsable da organización. As sinalizacións deberán ser retiradas ou

borradas unha vez que pase o último participante e nunca serán colocadas de maneira que provoquen confusión para a circulación rodada allea á actividade ciclista. Cando as indicacións se fagan sobre a calzada, deberanse utilizar materiais que se borren despois de poucas horas.

Artigo 23. *Condicións da circulación.*

1. Tódalas probas irán precedidas por un axente da autoridade cunha bandeira vermella e finalizadas por outro cunha bandeira verde, as cales coutarán para os participantes e o resto de usuarios da vía o inicio e a fin do espazo ocupado para a proba. Entre unha e outra o persoal auxiliar habilitado que realice funcións de orde, control ou seguridade irá provisto dunha bandeira de cor amarela en indicación de precaución.

2. Sen prexuízo diso, a organización incorporará vehículos piloto de protección que estarán dotados de carteis que anuncien o comezo e o final da proba, e deberán, se é o caso, situar-lo coche de apertura e peche da proba como mínimo 200 metros por diante e por detrás do primeiro participante e do último, respectivamente.

3. As características dos vehículos piloto a que se fai referencia no punto anterior serán as seguintes:

a) Vehículos de apertura:

Portador de cartel coa inscrición «Atención: marcha ciclista», sen que en ningún caso exceda o longo do vehículo.

Bandeira vermella.

Rotativo de sinalización de cor laranxa.

Luces de avaría e de cruzamento acesas.

b) Vehículo de peche:

Portador de cartel coa inscrición «Fin marcha ciclista», sen que en ningún caso exceda a largura do vehículo.

Bandeira verde.

Rotativo de sinalización de cor laranxa.

Luces de avaría e de cruzamento acesas.

Artigo 24. *Servizos sanitarios.*

1. A organización disporá durante a celebración da actividade da presenza obrigatoria, como mínimo, dunha ambulancia e dun médico para a asistencia de tódolos participantes, sen prexuízo da súa ampliación con máis persoal sanitario na medida en que se considere necesario.

2. Nas probas cunha participación superior ós 750 ciclistas, contarase cun mínimo de dous médicos, dous socorristas e dúas ambulancias, e deberase engadir, como mínimo, unha ambulancia e un médico por cada fracción suplementaria de 1.000 participantes.

Artigo 25. *Comportamento dos participantes.*

Os axentes da autoridade e o persoal auxiliar habilitado poderanlles impedir-la súa continuidade na actividade a aquelas persoas que coas súas accións constitúan un perigo para o resto dos participantes ou usuarios das vías.

Artigo 26. *Requisitos dos responsables da marcha.*

O director executivo e o responsable de seguridade vial da proba deportiva deberán ser maiores de idade. Este último deberá coñecer-las normas de circulación, para o cal deberá posuír permiso de conducción en vixencia.

O responsable de seguridade vial deberá indicar de modo preciso a cada un dos membros do persoal auxiliar habilitado a función que deban desempeñar, de acordo co regulamento particular aprobado pola autoridade gobernativa competente.

Artigo 27. *Persoal auxiliar.*

O persoal auxiliar para o mantemento da orde e control da actividade deberá ser en número razoable, en función das características da actividade, dependerá do responsable de seguridade vial e deberá ter, como mínimo, as seguintes características:

- a) Ser maior de 18 anos e posuír permiso de condución.
- b) Dispor por escrito das instrucións precisas dadas polo responsable de seguridade vial da proba e que foron explicadas previamente por este ou polos axentes da autoridade que dean cobertura á proba.
- c) Estar debidamente identificado con petos e roupa visible. Dispor dun sistema de comunicación eficaz que lle permita ó responsable de seguridade vial entrar en contacto co persoal habilitado durante a celebración da proba.
- d) Dispor de material de sinalización adecuado, integrado, como mínimo, por conos e bandeiras verde, amarela e/ou vermella, para lles indicar ós usuarios se a ruta está ou non libre, ou unha situación de perigosidade.
- e) Deberase desprazar dun punto a outro do percorrido para o exercicio das súas funcións.

Artigo 28. *Obrigas dos participantes.*

Tódolos participantes da marcha deben estar amparados por un seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a terceiros e por un seguro de accidentes que teña, como mínimo, as coberturas do seguro obrigatorio deportivo, sen a preceptiva contratación do cal non se poderá celebrar ningunha proba.

Artigo 29. *Prohibicións.*

Como norma xeral, está prohibido o seguimento de coches dos participantes. Só os vehículos autorizados expresamente e coa autorización situada en lugar visible poden circular detrás dos grupos de ciclistas.

Artigo 30. *Desenvolvemento das marchas.*

As marchas desenvolveranse co tráfico aberto, sen prexuízo de que en certas circunstancias ou momentos se poida considera-la opción de cerrar ó tráfico determinadas zonas mentres dura o paso dos ciclistas.

Artigo 31. *Formación e habilitación do persoal auxiliar.*

Os ministerios do Interior e de Educación, Cultura e Deporte fixarán as condicións, formación e habilitación do persoal auxiliar dos axentes da autoridade que poida actuar en competicións deportivas en estrada e marchas ciclistas.

SECCIÓN 3.^a OUTROS EVENTOS

Artigo 32. *Participación de vehículos históricos.*

Aqueles eventos en que participen vehículos históricos conceptuados como tales de acordo co Real decreto 1247/1995, do 14 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento regulador, ou de máis de 25 anos de antigüidade en número superior a 10, en que se esta-

bleza unha clasificación de velocidade ou regularidade inferior a 50 quilómetros por hora de media, así como a súa participación en acontecementos ou manifestacións turísticas, concentracións, concursos de conservación ou elegancia e, en xeral, calquera clase de evento en que non se estableza ningunha clasificación sobre a base do movemento dos vehículos, xa sexa en función da súa velocidade ou da regularidade, precisarán de autorización administrativa.

Artigo 33. *Normativa aplicable.*

As exhibicións de vehículos antigos a que se refire o artigo anterior rexeranse, no que resulte de aplicación, polo artigo 2.3 da sección 1.^a, aínda que só será esixible o seguro de responsabilidade civil. A circulación pola vía pública destas agrupacións de vehículos deberá estar precedida e seguida dun vehículo piloto.

ANEXO III

Normas e condicións de circulación dos vehículos especiais e dos vehículos en réxime de transporte especial

As normas e condicións de circulación dos vehículos especiais e dos vehículos en réxime de transporte especial agrúpanse e sistematízanse da seguinte forma:

SECCIÓN 1.^a CONDICIÓN DE CIRCULACIÓN COMÚNS PARA OS GRUPOS 1, 2 e 3

1. Manterá unha separación mínima de 50 m co vehículo que o preceda e permitirá e facilitará o adiantamento ós vehículos de marcha máis rápida, e deterase se iso fose preciso, e sen obrigar en ningún caso os condutores doutros vehículos a modificaren bruscamente a súa velocidade ou traxectoria.

2. As detencións e estacionamentos efectuaranse fóra da calzada e da beiravía.

3. O vehículo piloto está autorizado para utilizalo sinal V-2 mentres preste o servizo, o cal deberá ser visible tanto cara a adiante como cara a atrás e será desconectado ó finaliza-lo servizo.

Entre o persoal do vehículo piloto e o da cabina do vehículo especial ou en réxime de transporte especial deberán poder establecer comunicacións por radio e por teléfono nunha lingua coñecida por ámbalas partes.

4. Os vehículos especiais e os vehículos en réxime de transporte especial, ademais dos dispositivos de sinalización que determina o Regulamento xeral de vehículos para a categoría do vehículo en cuestión, deberán dispor de sinais luminosos V-2 distribuídos de tal forma que quede perfectamente delimitado o contorno da sección transversal dos vehículos, nos seus frontais anterior e posterior, así como de sinais V-4, V-5 (optativo do V-4), V-6, V-16, V-20 e dos recollidos no artigo 15.6 e 7 do Regulamento xeral de circulación, cando proceda. Así mesmo, utilizarán permanentemente as luces de cruzamento.

5. En todo momento se cumprirán as disposicións restrictivas de tránsito especialmente establecidas, as que se encontren sinalizadas na vía ou as que sexan indicadas polos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

6. A circulación deberase suspender saíndo da plataforma, con ocasión da existencia de fenómenos atmosféricos adversos que supoñan un risco para a circulación, ou cando non exista unha visibilidade de 150 m, como mínimo, tanto cara a adiante como cara a atrás.

7. O titular do vehículo deberase asegurar, mesmo percorrendo o itinerario previamente á realización de

cada viaxe, da non existencia de limitacións ou obstáculos físicos que o impidan.

8. Os vehículos especiais ou en réxime de transporte especial cunha largura que supere os cinco metros precisarán acompañamento dos axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico. O titular deberá dar conta, cun mínimo de 72 horas de antelación, ós axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico da provincia de partida, do lugar, a hora, a data da iniciación por cada unha das viaxes autorizadas, indicará a matrícula do vehículo ou as do conxunto de vehículos que realizarán a viaxe e xuntará copia da autorización. Así mesmo, dirixirase idéntico aviso ó órgano designado para a súa recepción polo titular da vía.

Ademais destas, deberanse cumprir para cada un dos citados grupos as seguintes normas e condicións de circulación:

Grupo 1. Normas e condicións de circulación para vehículos en réxime de transporte especial ó superaren, por razón da carga indivisible transportada, as masas ou dimensións máximas.

1. A posta en circulación destes vehículos deberá estar amparada pola autorización complementaria previa, recollida no artigo 14.2 do Regulamento xeral de vehículos. A súa circulación axustarase ás normas xerais deste regulamento que lles sexan de aplicación. Sobre elas prevalecerán as condicións de circulación que se fixen na autorización complementaria de circulación.

2. En vías urbanas deberán seguirlo itinerario determinado pola autoridade municipal.

3. Acompañamento de vehículo piloto:

a) Por dimensións: cando o vehículo en réxime de transporte especial supere os tres metros de largo ou a súa lonxitude supere os 20,55 metros, deberase situar detrás, a unha distancia mínima de 50 metros, en autoestradas e autovías; e diante, no resto de estradas.

b) Por velocidade: ademais do disposto no caso anterior, no suposto de que a velocidade de circulación sexa inferior á metade da xenérica da vía, en estradas convencionais, situarase outro vehículo piloto detrás a unha distancia mínima de 50 metros.

4. Velocidades:

a) Vehículo con autorización xenérica: a velocidade máxima de circulación permitida será de 70 km/h. Sobre estas limitacións prevalecerán as máis restrictivas que figuren na tarxeta ITV.

b) Vehículo con autorización específica: a velocidade máxima de circulación permitida será de 60 km/h. Sobre estas limitacións prevalecerán as máis restrictivas que figuren na tarxeta ITV.

c) Vehículo con autorización excepcional: a velocidade máxima de circulación permitida será a fixada na autorización, que en ningún caso superará os 60 km/h. Sobre estas limitacións prevalecerán as máis restrictivas que figuren na tarxeta ITV.

5. Horario de circulación: todo vehículo que circule en réxime de transporte especial con autorización de carácter xenérico ou específico poderá facelo tanto de día coma de noite; non obstante, para o de carácter excepcional poderá ser permitida entre o solpor e o amencer cando así conste na autorización que se expida.

6. No caso dos vehículos que circulen en réxime de transporte especial amparados por autorización específica ou excepcional, o titular desta autorización deberalles dar conta o día antes ó da realización de cada viaxe, ós axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico, da provincia de partida, do lugar, a data e a hora da iniciación da viaxe, e remitirá copia da autorización. Así mesmo e en idénticos termos, comunica-

ráselle-la viaxe ós servizos do titular da vía designados para o efecto.

Grupo 2. Normas e condicións de circulación para os vehículos especiais agrícolas e os seus conxuntos que, por construción, superan permanentemente as masas ou dimensións máximas.

1. Poderán circular por autovías, aínda que non alcancen a velocidade de 60 km/h en terreo chan, cando non exista itinerario alternativo ou vía de servizo adecuada.

2. Levarán en todo momento o peite ou corte desmontado, de disporen del.

3. Acompañamento de vehículo piloto:

a) Por dimensións: cando se superen os 3,50 metros de largura deberase situar detrás, a unha distancia mínima de 50 m, en autovías, e diante, no resto de estradas.

b) Por velocidade: no suposto de que a velocidade de circulación sexa inferior á metade da xenérica da vía, situarase detrás á dita distancia mínima.

Grupo 3. Normas e condicións de circulación para vehículos especiais e os seus conxuntos de obras e de servizos que, por construción, superan permanentemente as masas ou dimensións máximas.

1. Acompañamento de vehículo piloto:

a) Por dimensións: cando se superen os 3,50 metros de largura ou a súa lonxitude supere os 30 metros, deberase situar detrás, a unha distancia mínima de 50 metros, en autoestradas e autovías, e diante, no resto de estradas.

b) Por velocidade: no suposto de que a velocidade de circulación sexa inferior á metade da xenérica da vía, situarase detrás a dita distancia mínima.

Grupo 4. Normas e condicións de circulación para os demais vehículos especiais.

1. Circularán de acordo coas establecidas con carácter xeral para os vehículos especiais no articulado deste regulamento.

2. O itinerario dos trens turísticos será determinado pola autoridade competente en materia de regulación e vixilancia do tráfico, tendo en conta as características da vía, do tráfico e a concorrencia con outros usuarios.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME ESPECÍFICO DE CIRCULACIÓN DE CONVOIS E COLUMNAS MILITARES, TRANSPORTES ESPECIAIS DE MATERIAL MILITAR EN VEHÍCULOS PERTENCENTES Ó MINISTERIO DE DEFENSA OU Ó SERVICIO DOS CUARTEIS XERAIS MILITARES INTERNACIONAIS DA OTAN

1. Para os efectos desta sección entenderase por:

a) Autoridade militar ordenante do desprazamento: a persoa lexitimamente habilitada para asina-lo documento que autoriza un transporte, determinando a modalidade e as condicións do movemento e, se é o caso, o órgano designado para a xestión do desprazamento.

b) Xefe do convoi: persoal que forma parte dun convoi e exerce de autoridade sobre este.

c) Xefe do transporte: o xefe dos medios de transporte que conforman a columna militar e responsable técnico.

d) Columna militar: un grupo de vehículos que se moven baixo un único xefe de columna pola mesma ruta, ó mesmo tempo e na mesma dirección. As columnas poden estar compostas de varios elementos organizados que se denominan «convóis ou unidades de marcha».

e) Convoi: todo grupo de vehículos, constituído polo menos por tres unidades, das cales dúas serán os vehículos sinalizadores de cabeza e cola. Estes vehículos de cabeza e cola deberán monta-lo sinal V-2 (tal como

establece o anexo XI, sinal V-2, do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro).

2. A circulación de vehículos, columnas e convois militares realizarase evitando, na medida do posible, o entorpecemento ó resto de usuarios. Agás casos de urxencia, a autoridade militar ordenante do desprazamento comunicarlle ó organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico, con polo menos 48 horas de antelación, o itinerario e o horario previsto.

En situacións de urxencia, esta comunicación realizarase directamente ó Centro de Xestión de Tráfico dos servizos centrais da Dirección Xeral de Tráfico.

O xefe do convoi controlará e será responsable de que o movemento se desenvolva con suxeición ó establecido nesta sección e no resto da normativa que desenvolve o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, e velará especialmente para que, tanto os condutores coma os vehículos, porten a documentación esixida.

3. A circulación de vehículos especiais e vehículos en réxime de transporte especial non requirirá a autorización recollida no artigo 14 do Regulamento xeral de vehículos, e será realizada en todo caso baixo a responsabilidade da autoridade militar ordenante do desprazamento.

Exceptúanse da prohibición contida no artigo 18.2 deste regulamento os condutores de vehículos militares que pola súa natureza precisen un sistema de comunicacións internas.

4. A autoridade militar ordenante do desprazamento poderá solicita-la colaboración dos organismos titulares das vías por que se vaia realiza-lo desprazamento e a das autoridades competentes en materia de vixilancia, regulación e control de tráfico.

Os responsables técnicos das unidades encargadas de conservación, explotación e vialidade de estradas das distintas administracións titulares das vías públicas e da vixilancia, control e regulación do tráfico prestarán con carácter prioritario e urxente a información e o apoio que lles fosen solicitados para facer posible, se procede, a circulación dos vehículos especiais ou en réxime de transporte especial ó longo das estradas ou en puntos

concretos delas, de modo que aquela se poida realizar sen menoscabo da infraestrutura viaria e coa menor repercusión para o resto dos usuarios.

A policía militar, naval ou aérea, se é o caso, regulará a circulación, sempre que sexa necesario, ó longo do desprazamento.

5. A autoridade militar ordenante comunicarlle-los movementos destes vehículos especiais ou en réxime de transporte especial ás autoridades autonómicas e locais responsables da vixilancia, regulación e control do tráfico nalgun dos tramos incluídos no itinerario. Así mesmo, deberáselles comunicar, se é o caso, ás sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe.

6. Todo convoi de unidades de transporte que inclúa vehículos especiais ou en réxime de transporte especial estará sometido ás condicións máis restrictivas de circulación impostas regulamentariamente a cada un dos vehículos que o compoñan, e poderán circular por debaixo dos límites mínimos de velocidade mesmo os vehículos de protección ou de acompañamento.

A velocidade máxima do convoi non estará limitada pola imposta ós vehículos especiais que o integren, pois só vinculará estes cando circulen illadamente ou en grupos de vehículos análogos.

Non obstante o anterior, salvo circunstancias excepcionais debidamente xustificadas e de seguridade nacional, a circulación destes vehículos axustarase ó establecido na resolución por que se establecen medidas especiais de regulación do tráfico que anualmente publica o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e ó que poidan dispo-los órganos competentes das comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, así como as dictadas polos alcaldes. Igualmente, terase en conta canto se recolla na resolución anual do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico pola que se lles dá publicidade ás limitacións de paso para a circulación de vehículos especiais e en réxime de transporte especial na rede de estradas de España.

7. Esta sección será, así mesmo, aplicable ós vehículos militares doutros países que, en virtude dos acordos internacionais subscritos polo Reino de España, circulen polo territorio nacional.